

## cultura

A rúa do Esquecemento xa é un museo de arte urbana ao aire libre. **Pax. 8**

## sociedade

A Deputación entrega 25 hortos urbanos do río Rato a veciños. **Pax. 11**

## economía

Unha nova máquina de vapor intensificará a limpeza das rúas. **Pax. 15**

## zona rural

Avanza a obra que unirá Garabolos con Meilán a través dun paso peonil. **Pax. 16**

## deportes

Nace en Lugo o proxecto Persoas, un programa de baloncesto inclusivo. **Pax. 30**

# Os candidatos cuentan motores para maio



## Lugo, Capital da Cultura do Eixo Atlántico

Desenvolve durante o ano un programa de actividades amplo con participación lusa. **Pax. 4**

## Presentan o futuro da praza da Constitución

O proxecto contempla unha gran área verde que conecte a Muralla co Vello Cárcere. **Pax. 18**

## A Deputación esixe melloras na Sanidade

O Pleno aprobou a moción pola que piden á Xunta que atenda as reclamacións da veciñanza. **Pax. 23**

## Teatro Clásico



A cidade acolle ata o 26 a XXIII edición da tradicional mostra. **Pax. 9**

## Aniversario do cemiterio



Cumple 75 anos en funcionamento e o festexan con varios actos. **Pax. 12**

## Entrevista



Falamos con Ana Villar Fernández, do Club Escola Lucense de Tiro con Arco. **Pax. 31**



**VI FERIA del CARAVANING**  
Del 8 al 12 de Marzo - LUGO



Crta. de Santiago N. 540 Km 4.5. 27210, Lugo  
Tel.: 982 283 051 - 623 028 811  
info@yakartautocaravanas.com  
www.yakartautocaravanas.com



## A FONDO

# Lugo prepárase para as municipais

**Repetirán á fronte de PSOE, BNG e C'S Lara Méndez, Rubén Arroso e Olga Louzao. O PP escolleu a Elena Candia como alcaldable**

O vindeiro 28 de maio celebráranse as eleccións municipais en Lugo e toda Galicia, e terán lugar o cuarto domingo do mes de maio tal e como recolle a lei electoral. As listas definitivas terán que quedar proclamadas o 1 de maio e a campaña electoral dará comezo o día 12 e rematará o venres 26, sendo o sábado 27 de maio a xornada de reflexión.

As pasadas eleccións municipais foron celebradas no ano 2019 onde a lista máis votada foi a do Partido Popular con Ramón Carballo como cabeza de lista, obtendo un 31 por cento do total de votos e quedando con 10 concelleiros no goberno. O segundo partido máis votado foi o PSOE que acadou un total do 25 por cento dos votos obtendo 8 concelleiros no goberno.

O BNG sería a terceira agrupación con máis número de votos, un 16 por cento do total e quedando con cinco concelleiros no goberno e o último partido en obter representación foi Ciudadanos cun 8 por cento dos votos e quedando con dous concelleiros no goberno. O concello de Lugo estivo gobernado estes últimos catro anos polo PSOE e o BNG en coalición onde se repartiron as concelleiras e se mantiveron ao fronte do Goberno da capital lucense. Para o PSOE está a Alcaldía, posto que ocupa Lara Méndez, a área de Cohesión e Dinamización Social formada por Desenvolvemento Local e Emprego, Xuventude e De-

portes, Benestar Social e Igualdade e Muller. Os socialistas tamén contan coas áreas de Cohesión Territorial, Gobernanza Municipal e Sostenibilidade Urbana.

Pola súa banda o grupo nacionalista conta con Rubén Arroso como primeiro tenente de alcalde e dirixe as áreas de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Mobilidade e Infraestruturas e Participación e Servizos para a Veciñanza.

Para estas eleccións, que terán lugar o 28 de maio os partidos políticos xa contan con cabezas de lista, e aínda que hai algunha cara nova, outros repiten candidatura.

## PSOE

Polo partido socialista, a actual alcaldesa Lara Méndez que ocupa o cargo á cabeza do Concello dende o ano 2015 volve optar á Alcaldía para este 2023.

Méndez naceu en Suíza pero os seus pais son de orixe galego, naturais de Cervo. Conta con formación como Técnico Agrícola pola Universidade de Santiago de Com-

postela e realizou durante anos labores de docencia impartindo cursos de formación relacionados co sector agrícola en diferente puntos de Galicia.

Realizou traballos tamén vinculados ao desenvolvemento do medio rural e impulsando o movemento asociativo rural coa creación de Fademur, asociación da que posteriormente foi vicepresidenta.

A súa carreira política da comezo nas Xuventudes Socialistas de Cervo onde foi secretaria e dende 2003 ocupou o cargo de concelleira na localidade cervense. Dende o ano 2007 ocupou o cargo de concelleira no municipio de Cervo e a vicepresidencia da Deputación de Lugo.

Nas eleccións municipais de 2015 foi número dous da lista no concello de Lugo e tras unha renuncia do ata o momento alcalde de Lugo, José López Orozco pasou a ser cabeza de lista. Foi elixida alcaldesa, con apoio doutros partidos de esquerda e gobernou en minoría con oito concelleiros. Lara Méndez foi a primeira muller en ocupar a Alcaldía no Concello de Lugo. Nas eleccións do ano 2019, xa como cabeza de lista, volveu saír alcaldesa grazas ao acordo alcanzado co BNG con que goberna en bipartito.

Dentro das súas políticas durante estes anos de mandato destacan a transformación da cidade a través dun urbanismo máis sostible e verde impulsando proxectos como



o Muramiñae que busca conectar a Muralla ao Miño ou o proxecto Life Lugo + Biodinámico coa planificación dun barrio multicolóxico como modelo.

## BNG

O BNG repite nestas eleccións de 2023 o candidato que presentou nas dúas últimas ocasións, o lucense Rubén Arroso será a persoa

encargada de optar á alcaldía polo Bloque Nacionalista Galego. Nado en Lugo no ano 1985 Arroso conta con formación como Arquitecto Técnico e ademais está moi vinculado ao deporte con formación como adestrador de atletismo. Comezou a súa andaina na política na organización xuvenil Galicia Nova, vinculada ao Bloque Nacionalista Galego, que é unha organización asemblearia estru-

**Buscarán o voto este mes de maio tres mulleres e un home, unha situación de maioría feminina que se dá por primeira vez nas eleccións locais**

**PROMEDISA**  
SUMINISTROS MÉDICOS

tienda@promedisa.com  
@PromedisaLugo  
Promedisa Ortopedia

**COMPRA ON LINE**

**FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE**  
**APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD**

**COMPRA ON LINE**

**www.promedisa.com**

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715  
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374



turada en agrupacións locais e comarcais, onde tivo diversas responsabilidades.

Tamén estivo moi vinculado á plataforma Miño si, Gasolineira non dende a que se realizou unha oposición a construción dunha área de servizo preto do Miño a través da reivindicación da protección ambiental da zona, considerada reserva da biosfera e que estaba cerca dunha zona LIC.

Arroxo foi cabeza de lista polo Bloque Nacionalista Galego nas dúas últimas eleccións, en 2015 e 2019 e volve presentar a súa candidatura para estas vindeiras eleccións que se celebrarán en maio despois de ocupar durante catro anos o posto de tenente de alcalde no Concello de Lugo.

Destaca o traballo de peonalización realizado ao longo destes catro anos de mandato con actuacións como a da Mosqueira ou Recatelo. Dende o BNG realizan tamén unha forte aposta pola cultura de calidade e variada e dentro das súas reclamas e propostas o grupo municipal está realizando unha campaña para mellorar a comunicación en tren de Lugo, coa campaña Lugo Quere Tren, para que a cidade teña unhas mellores infraestruturas de comunicación a través da recollida de sinaturas.

### PARTIDO POPULAR

O Partido Popular cambia de candidato e para as vindeiras eleccións do 28 de maio presenta para a loita pola Alcaldía a Elena Candia. Nacida en Mondoñedo en 1978 Candia está licenciada en Dereito pola Universidade da Coruña e traballou no entorno dos seguros.

Sempre vinculada politicamente co Partido Popular comezou a súa carreira como concelleira de Mondoñedo tras as eleccións do ano 2003 e nas eleccións municipais de 2015 encabezou a lista do PP



á Alcaldía de Mondoñedo sendo elixida alcaldesa tras ser a lista máis votada.

Neste mesmo ano foi elixida presidenta da Deputación de Lugo grazas a Manuel Martínez que se votou a si mesmo en contra do candidato do partido socialista Darío Campos. Candia ocupou este cargo ata que en outubro unha moción de censura do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista a apartou do cargo que pasaría a ocupar o candidato socialista Darío Campos.

No ano 2011 asumiu a responsabilidade de ser a voceira do PP na Deputación, desde o ano 2016 ocupa o cargo de presidenta provincial do PP en Lugo e en maio do 2022 comezou a ser vicepresidenta primeira do Parlamento de Galicia.


### CIUDADANOS

O grupo municipal de Ciudadanos repite tamén candidata con Olga Louzao como cabeza de lista. Nada en Lugo no ano 1979 Olga está licenciada en Ciencias Políticas e da Administración pola Universidade de Santiago de Compostela e laboralmente estivo vinculada ao mundo da banca e dos seguros.

Será a terceira vez que se presente como cabeza de lista pola agrupación laranxa da que xa encabezou as listas nas eleccións do 2015 e 2019 conseguindo dous representantes nas dúas ocasións. Louzao, actual portavoz municipal de Ciudadanos na cidade de Lugo ocupa tamén os cargos de coordinadora autonómica e portavoz do partido en Galicia.

## DATOS ELECCIÓNS 2019

### NÚMERO DE VOTOS




### PORCENTAXE DE VOTOS



### RESUME TOTAL DO ESCRUTINIO



### NÚMERO DE CONCELEIROS



### OUTROS

Entre os partidos que non tiveron representación a pasada lexislatura, Podemos Lugo, con Ximena Cheda como cabeza de lista, e Esquerda Unida, con Chus Rodríguez como número un, veñen de anunciar un acordo de coalición polo que concorrerán en conxunto nas vindeiras eleccións de maio.

Tras varias xuntanzas, ambas organizacións pecharon o pacto co cal poder presentar un proxecto "para mellorar as vidas de todos e todas as cidadás de Lugo". Queda pendente por saber quen será cabeza de lista e baixo que siglas acudirán ás eleccións. Por VOX presentárase a enxeñeira Sonia Teijeiro e queda por saber que pasará con Lugonovo-Mareas.



## CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

## 20 Años a tu lado

**Dr. Juan Francisco Lema Ferro** Coleg. 270000874  
**Dra. Noelia Fernández Agudo** Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.  
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993  
[www.clinicadentaltest.es](http://www.clinicadentaltest.es) / [dentaltest@yahoo.es](mailto:dentaltest@yahoo.es)

**Parking gratuito**



**clínica TEST dental**



## O Caudal Fest xa ten o cartel completo e suma dous grupos lucenses

O Caudal Fest xa ten completo o seu cartel para a edición deste 2023 coa incorporación de dez novos artistas, incluídos dous grupos lucenses, Berta Franklin e Galician Army co obxectivo de seguir promocionando os grupos locais nun evento que é xa todo un referente no panorama dos festivais nacionais de verán.

Ambas as dúas agrupacións foron presentadas xunto as outras oito novidades, que se suman á oferta musical que o Caudal Fest ofrecerá este ano na contorna do Miño os días 15 e 16 de setembro e que a sete meses da súa celebración xa conta con máis de 10.000 pases adquiridos cada día do festival.

Na primeira das xornadas do festival, actuarán Vetusta Morla, como cabezas de cartel; ademais de Dani Fernández, recentemente galardoado como Mellor Artista Masculino; o grupo madrileño definido como unha das primeiras sementes do indie rock pop nacional, Miss Caféína, e La La Love You, unha das bandas novas en auxe dos últimos anos con centos de miles de fans en toda España. A este cartel súmanse agora Belén Aguilera e Serial Killerz, así como os coruñeses Escuchando Elefantes e Javi Chapela.



Leiva encabezará a xornada do sábado, na que tamén actuarán os cataláns Sidonie, clásicos do indie pop rock español cunha listaxe de grandes éxitos; Ojete Calor, coas súas letras cheas de humor; Yeico x Toni, un dos fenómenos musicais do ano entre as xeracións máis novas, así como as últimas confirmacións: Natalia Lacunza, Veintiuno, Jaguayano e Eva McBel, aos que acompañarán os lucenses Berta Franklin e The Galician Army. As entradas poden adquirirse en [www.caudalfest.es](http://www.caudalfest.es), tanto en bonos como en diarias. A organización conta con que a venda sega o mesmo ritmo que en anteriores edicións, nas que se comparran cedo polas limitacións de aforo.

## Lugo desenvolve xa as actividades como Capital da Cultura do Eixo

Lugo contará con máis de 30 programas diferentes e un centenar de actividades referentes a todas as disciplinas culturais e artísticas dentro do programa de Capital da Cultura do Eixo Atlántico onde se mesturará o talento lucense, do resto de Galicia e do norte de Portugal.

Esta programación inclúe actividades de nova creación, xunto con outras xa consolidadas. Todas as actividades contarán coa presenza da cultura de Galicia e Portugal.

Precisamente a música, será un dos piares da Capital da Cultura, cunha ampla e variada programación de concertos na Chanca, na contorna do río Rato, que se unirá á cita musical de referencia na cidade, o Caudal Fest, un festival xa consolidado a nivel nacional. Tamén haberá un concerto de Semana Santa a cargo da Orquestra Ars Combinatoria, acompañada por solistas galaico-portugueses/as.

A gastronomía terá tamén un papel protagonista, tendo en conta o potencial culinario tanto de Galicia como de Portugal. Neste senso, contaron cunha feira gastronómica na Praza de Abastos baixo o título *Sabores do Eixo* e tamén impulsárase o popular concurso de tapas que este ano incorporará produtos de denominación de orixe portuguesa.

Así, Lugo contará cunhas catas literarias nas que participarán autores de gran prestixio, de ámbalas dúas marxes do Miño, para achegar as súas obras; tamén terá unha feira do libro infantil e xuvenil, e unha exposición de cómic.

A arte urbana tamén contará cun



espazo importante nesta cita como unha das modalidades que está a ser protagonista na transformación das cidades. Exemplo disto é a renovada Rúa do Esquecemento, convertida en icona, grazas aos murais elaborados nas fachadas dos seus edificios. Así, Lugo converterase novamente nun lenzo para as obras de recoñecidos artistas galegos como Diego As, Marcos Pereira, Pía Piadosa ou Noemí Núñez, que intervirán en diferentes espazos da cidade con motivo desta cita. Así mesmo, organizarase o Festival Cores Atlánticas, que contará con zonas de pintado de graffitis, exhibicións de skate ou actuacións de DJs, entre outras actividades.

Por outra banda, as tradicións galegas e portuguesas estarán presentes en toda a programación a través de exposicións, conferencias e unha mostra de xogos populares de ambas rexións. O pasado romano de Lugo tamén terá protagonismo na Capital da Cultura a través do Arde Lucvs, e as costumes e artesanía lucense e portuguesa terán oco nas festas patronais da nosa cidade, a través da feira Arte San Froilán.

Outras das disciplinas que incorpora a programación son: o cine, a través dun ciclo de mulleres directoras, baixo o título *Unha mirada en feminino*; a maxia, co festival *A maxia do Eixo*; a moda, coa celebración da Gala Lucus Moda Atlántica; a pintura, a través dunha exposición de arte lusa; a danza, co Encontro de danza universitaria; ou o circo, a través de representacións nas rúas da cidade. O Miño, fronteira natural e tamén punto de unión de Galicia e o norte de Portugal, será un dos escenarios principais desta programación. Este privilexiado enclave natural, converterse nun espazo de reflexión sobre a igualdade, a diversidade e a inclusión na sociedade actual, a través da cita "De perdidos ao Miño", e tamén se aproveitará o espazo para a realización de actividades culturais durante os meses de verán.

## Lugo traballa para ser Capital Europea da Cultura en 2031

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, anunciou que a Tenencia de Alcaldía está a traballar na candidatura de Lugo como Capital Europea da Cultura no ano 2031, ano no que unha cidade do Estado español acollerá este recoñecemento. Maite Ferreiro explicou que "Lugo conta cunha importante programación cultural ao longo do ano, que nestes anos non deixou de mellorar e acoller tanto traballo de creadoras e creadores pequenos, dando gran peso á creación local, como producións recoñecidas con diversos premios a nivel galego, estatal e internacional".

Maite Ferreiro afirmou que "Lugo cumpre cos requisitos para converterse na Capital Europea da Cultura, un recoñecemento que permitirá continuar a desenvolver a vida cultural na cidade e mostrar ao mundo o modelo que aplicamos desde a área de Cultura".

**A TENDA DE FINGOI**  
ABRIMOS TODOS LOS DÍAS

**PANADERÍA**  
**FRUTERÍA**  
**ALIMENTACIÓN**

**SERVICIO A DOMICILIO**  
Calle Armórica 102, bajo - Lugo. Tel.: 982 225 409

La terapia de BEMER está indicada para aliviar las molestias causadas por enfermedades contraindicadas con o como consecuencia de complicaciones derivadas de la microcirculación deficiente, o que provocan dichas complicaciones, debido a una insuficiencia vasomotriz. El equipo de la terapia de BEMER está diseñado para incrementar la frecuencia limitada de contracción de los vasos sanguíneos capilares superficiales de tamaño reducido o muy reducido (< 100 micras). De esta manera, se mejora la distribución sanguínea en la red capilar de la microcirculación.

**PRuéBALA EN**  
**Verxel**  
HERBOLARIO

Montero Ríos, 41 27002 - Lugo. Tel.: 982 251 827  
josemanuel@verxel.es www.verxel.es



# O Lugo Cultural contará este ano con novas actividades

O convenio Lugo Cultural mantén en 2023 os ciclos xa consolidados de música, teatro, cine, fotografía, danza e visitas guiadas, ao tempo que renova a súa aposta pola videocreación, os foros de discusión e debate ou as intervencións artísticas na natureza. Este programa conta con financiamento da USC, Concello de Lugo e Deputación Provincial de Lugo.

Vinte e nove anos despois do nacemento do Lugo Cultural, unha iniciativa que dá conta da colaboración e coordinación institucional a prol da promoción de actividades artísticas na capital luguesa e da posta en valor dos espazos universitarios como escenarios culturais, o abano de actividades incluídas na programación de 2023 busca incentivar unha maior implicación da comunidade universitaria na cohesión social. A aposta pola sustentabilidade ambiental, a loita contra a exclusión social e o impulso da vida universitaria como xerme de iniciativas innovadoras a través da ciencia e da razón, son outros dos cometidos que persegue a USC a través dunha programación cultural ampla e heteroxénea.

Fiel aos seus comezos, o convenio Lugo Cultural 2023 mantén programas xa consolidados na súa



programación, tal e como son o ciclo de cámara Músicas a carón da Mosqueira ou o Lubicán, que dá cabida a novos valores e intérpretes galegos. Teatro, cine, fotografía, danza, visitas guiadas á Domus do Mitreo e foros de debate científico e humanístico, son outras das disciplinas que conservan protagonismo de seu na programación cultural para este ano, unha oferta que tamén renova a súa aposta pola videocreación, o debate ou as intervencións sociais tanto en espazos universitarios como noutras localizacións da capital luguesa.

A técnica de Cultura da USC no Campus de Lugo e artífice da programación do Lugo Cultural, Paloma Lugilde, apuntou como no-

vidades de 2023 a iniciativa Ao pé do carballo, que contempla unha intervención artística na carballeira das Pedreiras, a recuperación do ciclo Na Calzada, que ofrece a artistas locais que se atopan fóra un espazo na súa cidade para expoñer as súas creacións, a incorporación do ciclo de faladoiros Debates de Lúa ao programa do Lugo Cultural, a fin de exténdelo desde a Escola Politécnica Superior de Enxeñaría a outros centros das sede universitaria, ou a sesión Micro aberto, tal e como se denomina unha actividade programada na Facultade de Administración y Dirección de Empresas, onde a comunidade universitaria interesada poderá presentar as súas respectivas creacións artísticas.



## A Biblioteca repartiu os premios do certame provincial

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade premiou a 17 escolares de Lugo que resultaron gañadores do certame de Poesía de Nadal que convoca a Biblioteca Pública Provincial en colaboración con outras bibliotecas públicas da provincia. Na fase final participan os traballos que resultaron vencedores nos distintos certames municipais. O salón de actos da Biblioteca acolleu o acto de entrega de premios; cada un dos gañadores recibiu como regalo un lote de libros e unha figura de Sargadelos. Ademais, a Consellería publicará un libro con todos os poemas premiados.

Na categoría A, para menores de 8 anos, gañou Vera Otero Dorrego (8 anos), de Barreiros; seguida de Carlota Mosquera Pardeiro (8 anos) tamén de Barreiros e de Alba González Rabal (8 anos) de Lugo. O xurado concedeu 5 accésits a Anne López Ferra (8 anos de Viveiro), Alexia

Rodríguez Amor (6 anos, de Antas de Ulla), Irea Magdaleno Vilariño (7 anos de Antas de Ulla), Dafne Peña Piñeiro (7 anos de Outeiro de Rei) e Alicia Pedre Lastra (8 anos de Burela).

Na categoría B (9 a 11 anos) a vencedora foi Sara González Pérez (9 anos de Barreiros); seguida de Pablo Coucheiro Rodríguez (10 anos de Antas de Ulla) e Emma Mantilla Fuentes (11 anos da Pobra de Brollón). Tamén houbo un accésit para Jimena Domínguez García (10 anos de Burela).

Entre os maiores, de 12 a 16 anos, o primeiro premio foi para Xurxo González Rodríguez (15 anos de Monforte de Lemos); seguido de Aroa Blanco Prieto (14 anos de Xermade) e Pablo García Martínez (12 anos de Foz). Houbo accésits para Milán Balboa González (13 anos de Sarria) e Sabela Castro González (13 anos de Monforte de Lemos).

## Continúa o programa de animación á lectura

As actividades que conforman a nova edición da programación de animación á lectura e contacontos xa están dispoñibles e deron comezo o pasado 23 de febreiro.

Esta programación pensada para achegar aos máis pequenos á biblioteca, ao mundo da lectura e aos contos contará cunha actividade todos os xoves na biblioteca municipal Isido Novo. O programa conta cun total de seis actividades, unha celebrada

xa en febreiro e outra o 2 de marzo e dirixidas a todas as idades.

O xoves 16 de marzo ás 18.00 será a quenda de *Coser e cantar* de Marta Ortiz. Puntada a puntada percorremos mundos onde os fios falan as caixas de costura abren as portas da fantasía e os bastidores de bordar son ventás onde asomarse a historias prohibidas. Recomendada a partir de 4 anos.

O 30 de marzo ás 18.00 Fran Rei es-



tará con *A historia de Brancafor* un espectáculo a medio camiño entre a maxia e o contacontos.

Para finalizar o 27 de abril, ás 18.00, Xarope Tulú estará con *Estrafalaria* para nenos a partir de tres anos.

## O IES Anxel Fole acolle un encontro literario

O Ministerio de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral do Libro e Fomento da Lectura, pon en marcha unha nova edición do programa de actividades literarias en Institutos de Ensino Secundario, que permitirá o contacto directo dos autores e autoras co alumnado. Este programa enmárcase no Plan de Fomento da Lectura 2021-2024 e ten máis de dúas décadas de

existencia. Nesta edición, o Ministerio promove 18 actividades en Galicia: 10 en centros da Coruña; 4 encontros en centros da provincia de Lugo; 1, en Ourense e 3, na provincia de Pontevedra. Nesta ocasión todos os encontros serán presenciais.

En Lugo terá lugar no IES Anxel Fole o 24 de marzo coa participación de Antía Yáñez.

¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

DESCUENTOS HASTA **65%**

MUEBLES DE BAÑO DESDE **145€ + IVA**

PORCELÁNICOS DESDE **6€ + IVA**

**outlet sótano**

azulejos, porcelánicos & muebles de baño

"CON POCO HACES MUCHO"

CONJUNTO MUEBLE DE BAÑO

**385 eur\***

IVA incluido

\* hasta fin de existencias

SÓTANO OUTLET

681 19 36 05 - 982 30 46 00 LUGO

www.sotano.es



# Conversa con Isabel Somoza, artista e emprendedora

## RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

A miña colaboración de marzo fala dunha muller traballadora, artista e emprendedora: Isabel Somoza García.

Licenciada en Belas Artes pola Facultade de Salamanca e Técnico en Gravado e Estampación pola Escola de Artes Ramón Falcón de Lugo é ademais unha investigadora incansable no campo da gráfica, levando vinte anos á fronte do obradoiro de gravado Augatinta.

**Que querías levar a cabo con este obradoiro?**

Pois, ademais de ter un espazo propio para facer os meus proxectos artísticos, pretendín compartilo con outros artistas para convertelo nun punto de encontro creativo sobre a impresión múltiple e, tamén, para dar a coñecer diferentes técnicas de gravado.

**En Lugo non había ningún obradoiro deste tipo?**

Non, non había un espazo coma este aberto ao público. Aínda que, como consecuencia da pandemia, nestes momentos non se están a realizar os cursos monográficos pero eu sigo traballando nel.

**En que consiste a técnica de gravado e estampaxe?**

É un oficio artístico que, basicamente, consiste en facer unha imaxe nunha prancha e imprimila sobre papel. Hai diversas técnicas segundo o material da prancha. Pode ser de metal, de madeira, de plástico, de linóleo... e dependendo desa matriz, empregase unha ou outra técnica.

**De onde ven o teu interese polo gravado?**

Tiven un profesor moi bo que me

espertou o interese polo gravado xa que é unha disciplina que ten unha parte importante de investigación e isto faina moi interesante para min. Con tantas técnicas, tantos soportes, tantos medios, tantas ferramentas diferentes, sempre podes estar innovando, sempre podes probar diferentes materiais para crear novas texturas e investigar sobre o procedemento para gravar unha imaxe.

**Por iso no teu traballo empregas elementos tan innovadores como as plumas?**

Sí, porque ademais de simbolizar agarimo, protección, calor... a súa tridimensionalidade axúdame a tentar ir o límite do soporte gráfico.

**E por que en moitas das túas obras empregas a imaxe dun corazón?**

Porque, a parte do seu simbolismo vital, xa que sen el non podemos facer nada, para min foi todo un descubrimento cando atopei unha proba médica que amosaba todas as veas do corazón semellando unha fermosa paisaxe xaponesa, unha imaxe marabillosa! Comezaba os meus primeiros traballos e levei anos traballando con ela, afondando non só no seu interior senón tamén na súa forma.

**Aínda que o gravado é unha disciplina pouco coñecida, en comparación con outras, xa fixeches varias exposicións?**

Sí, sempre procuro amosar o que fago e gústame compartilo, ben coas miñas obras persoais dentro dunha exposición colectiva, como varias nas que participei aquí en Lugo; ou ben colaborando nunha obra feita entre varios artistas.

Un mesmo traballo con máis xente é unha experiencia moi divertida, coma a que fixemos entre Xabier de Sousa, Xosé Poldras e eu. Era un gravado de dez metros por un, cunha matriz que era un rolo de plástico ta-

mén de dez metros, adicado á obra a Louvanza da Loucura. E era unha auténtica tolemia xa que cada un, por estar en sitios distintos, facía a súa parte e mandaba o rolo a outro para que fixera a súa e, así, ata rematalo. Despois tivemos que estar estampando dous ou tres días seguidos. Resultou unha experiencia moi enriquecedora porque, por unha banda cada un contribuíu coa súa visión, coa súa perspectiva, dentro dunha mesma temática. E, por outra, xurdíume unha maneira de facer cousas que nunca antes fixera.

**Coñecendo a túa traxectoria, vexo que tes moitas referencias a Lugo na túa obra.**

Eu son unha abandeirada de Lugo. Penso que a xente ten que estar orgullosa de onde vén. E aínda que traballo con elementos de aquí, da miña casa, da miña familia, penso que non deixan de ser globais e, aínda que as miñas raíces son para min todo un referente, creo que se poden entender no mundo enteiro, as influencias externas, ó mesmo tempo, poden aportar diferentes visións, outras perspectivas culturais.

**E tamén, coma ti, a túa familia está moi vinculada a Lugo, non?**

Sí, a miña familia ten unha tenda en Lugo de toda a vida, Confeccionerías García. Fai uns anos con todo o material que alí atopei (facturas, pescozos de camisa, puños...) fixen unha exposición que falaba das miñas raíces e posteriormente elaborei un álbum ilustrado, Mariña, sobre as lembranzas da miña nenez na mesma.

**Pódese dicir que os escaparatés que fas son auténticas creacións artísticas?**

Por suposto, aínda que me causen grandes dores de cabeza, sempre intento transmitir unha mensaxe, non só serven para amosar o que ven-



demos. Intento facer pensar, xogar e lembrar cousas de cando eramos cativas.

**Eu lembro a túa etapa como activista social.**

Sí, claro, coñecémonos fai moitos anos en Auxilia e sigo pertencendo a ela, aínda que agora non participe activamente, estou de corazón.

**E ti, tampouco esqueciches á artesanía?**

Eu considérome unha artesá e tamén coñezo xente doutros oficios, artesáns que fan as cousas a man e poñen moito agarimo en facelas. O meu home tivo unha tenda de artesanía en Lugo, un espazo para poñer en valor os produtos artesáns da provincia lucense, onde se fixeron moitas actividades: obradoiros, demostracións, degustación de produtos... Foi un proxecto moi bonito.

**Ademais de todo isto, es profesora?**

Sí, durante vinte anos din clases de Educación Plástica na ESO, no colexio Maristas da nosa cidade onde tratei de que os estudantes, adolescentes, entenderan que a creatividade é fundamental e está en cada unha das decisións cotiás da súa vida, para poder así potenciala.

Dende hai catro anos, son profesora de Litografía e Serigrafía no ciclo de Gravado e Estampación da Escola de Artes Ramón Falcón de Lugo.

**Que tal os futuros artistas lucenses?**

Xeniais. É xente con moita vida interior e, coa aprendizaxe técnica axeitada, pódese potenciar que todo ese mundo interior se canalice nas súas obras de arte. E aínda que a sociedade non valore moitas das disciplinas artísticas por descoñecemento, cómpre recoñecer toda a creatividade que hai en Lugo, que é moita.

**EN BOAS MANS**  
CENTRO DE FISIOTERAPIA

**SE ATIENDEN ACCIDENTADOS DE TRÁFICO**

FISIOTERAPIA Deportiva  
Neurolóxica  
Traumatolóxica  
Drenaxe Linfático  
E.P.I. / EPTE

**TRATAMIENTOS**

Accidentes de tráfico  
Lesiones Deportivas  
Neurológico  
Traumatolóxico  
Ondas de Choque  
Radiofrecuencia  
Game Ready  
Sistema SIS

Miguel de Cervantes, 38 baixo - 27003 Lugo. 982 809 038 / 678 855 342

[www.boasmans.com](http://www.boasmans.com)  
[info@boasmans.com](mailto:info@boasmans.com)

## O certame Trapero Pardo xa ten gañadores

O XXVIII certame de Contos e Relatos Curtos Trapero Pardo xa ten gañadores segundo anunciou Felipe Rivans, que declarou "apoiamos a creación literaria das mozas e mozos de Lugo, e a súa inclusión na vida cultural".

O Certame está dividido en dúas categorías, de 12 a 14 e de 15 a 18 anos, que contan con tres premios cada unha. Cada unha das persoas gañadoras recibirá un diploma e un lote de libros, ademais de premios de distintos valores segundo as categorías.

Na categoría de 12 a 14 anos, a

gañadora, que recibe un premio valorado en 200€, foi Laura González Blanco, do Colexio Divino Maestro.

Na categoría de 15 a 18 anos, Lucía Domínguez Pereira, do Colexio Divino Maestro, recibe o maior premio, valorado en 250€, seguida de Sara Méndez Seijo, do IES Ánxel Fole, con 130€, e con Laura Iglesias Primo, do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes, na terceira posición, cun premio de 100€. Ademais, entregouse un accésit a Carla López Otero, do IES A Pinguela de Monforte.

## Premio para o IES Nosa Señora dos Ollos Grandes no 8M

O xurado do concurso do deseño do cartel do 8 de marzo, o Día Internacional da Muller, ditaminou os cartéis gañadores da sexta edición desta iniciativa da Xunta de Galicia, resultando gañadores os traballos de escolares de centros da Coruña, Baiona, Pontevedra, Bueu, Cambados e Lugo. Na categoría dirixida ás alumnas e os alumnos de terceiro e cuarto da ESO e primeiro e segundo de bacharelato, de FP básica, de ciclos de grao medio e superior, obtivo o primeiro premio o alumnado de 1º de Bacharelato do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes de Lugo con Elas abriron o teu futuro.



Por Lugo:

**VAI  
EN  
BUS**

Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

[urbanoslugo.com](http://urbanoslugo.com)



**#activandolugo**



Concello de Lugo

Área de Mobilidade e  
Infraestruturas



## O Culturban terá unha nova edición no 2023

Volve a cuarta edición do Culturban, a mostra de arte na rúa posta en marcha pola área de Cultura que foi presentada por o tenente alcalde, Rubén Arroxó, xunto con Alexandre Penas, concelleiro de Infraestruturas Urbanas e Iago Eireos, coordinador do Espazo LUPA Arte.

Culturban é unha mostra de arte urbana que propón explorar e descubrir a contorna de Lugo con actividades artísticas, accións e experiencias urbanas diferentes que transforman a cidade, convertendo Lugo nun lugar vangardista, participativo e amable. A programación da cuarta edición bota a andar con novas propostas e actividades xa consolidadas que encherán as rúas de cultura en diversos formatos. O muralismo, plato forte do Culturban, volve nesta cuarta edición cun total de catro medianeiras nas que intervir con murais de gran formato. Este ano contarase con dúas fachadas de 170 e 190 metros cadrados, xunto con outras dúas de 100, nas que catro artistas de recoñecida experiencia poderán realizar as súas obras.



O Culturban 2023 contará cunha nova edición de Portas Abertas, onde ao longo de 4 xornadas, as e os artistas e creadores de Lugo abrirán as portas dos seus obradoiros e espazos de creación para que a veciñanza poida coñecer o seu proceso creativo. Volverá un ano máis o Combate Mural, onde se seleccionará a 10 artistas para que durante unha xornada compitan pola realización do mellor mural. Como novidade, a programación deste ano incluírá intervencións artísticas no mobiliario urbano, accións repartidas pola cidade que buscan o factor sorpresa para realzar e ilustrar os espazos urbanos.

## A rúa do Esquecemento xa é un museo de arte urbana ao aire libre

A rúa do Esquecemento é a primeira rúa de Galicia en converterse nun museo de arte urbana ao aire libre tras unhas obras que incluíron a peonalización da vía, a súa humanización e embelecemento a través de murais.

Acompañada de veciños e veciñas da Milagrosa e de grafiteros lucenses, Lara Méndez puxo en valor a transformación que sufriu a vía, agora peonil, “colorida e, sobre todo, un novo espazo de socialización para a cidadanía”. Neste senso, a rexedora expresou a súa satisfacción “polo fermoso resultado acadado”, convertendoa, a través da iniciativa municipal e do talento lucense, “nun emblema e referente da arte urbana e do talento artístico da cidade”.

“Nela – destacou – conflúen elementos que a fan única no mundo, xa que nas súas fachadas plasmaron as súas obras algúns dos mellores e recoñecidos artistas do municipio e de Galicia, pero tamén mozos e mozas de colectivos vulnerables que aprenderon dos grandes profesionais do graffiti, grazas ao programa municipal Urban Cores”. A rexedora recordou que “a intervención xorde a raíz dunha demanda social.



O proceso de transformación comezou coa súa peonalización, que innovou xa coa pavimentación, con formigón impreso con estética de madeira, e que acolleu un dos primeiros parklet que se están a instalar na cidade. Deste xeito, pechouse a rúa ao tráfico rodado, con excepción de residentes e servizos de subministración aos negocios existentes, e executouse un pavimento peonil sobre o asfalto existente, mellorando ao mesmo tempo a accesibilidade da vía, eliminando calquera tipo de barreira arquitectónica.

“Pero non quedamos aí, quixemos ir un paso máis aló e embelecere as fachadas da vía, para facela máis atrac-

tiva, moderna e viva. Así, a través do programa ‘Urban Cores’, propuxémonos decorar a contorna do novo parklet”, explicou a rexedora quen engadiu que “o éxito foi tal que os veciños e veciñas cedéronnos máis paredes da súa propiedade para ampliar os murais, de xeito que lle demos continuidade a este proceso a través do programa Arte Urbano Inclusivo Muramiñae”.


En agradecemento ao traballo desenvolvido polos gratieiros lucenses, na rúa instalouse un tótem no que figura información sobre os artistas que participaron na súa decoración: José Manuel, Alice, Diana, Yahaira, Alberto, Andrés ou Macarena, entre eles.

## Unha semana de cine reivindica o traballo creativo das mulleres

O auditorio do Vello Cárcere acolle ata o domingo 12 unha semana de cine para visibilizar e reivindicar o traballo creativo das mulleres no audiovisual. O ciclo *Mulleres Atlánticas: Unha mirada en feminino* está promovido polo Concello e organizado pola Asociación Cultural Valle-Inclán. A alcaldesa, Lara Méndez, subliñou que “a visión cinematográfica feminina segue a ser minoritaria dentro da industria e, en moitos casos, unha gran descoñecida para o público, motivo polo cal, este tipo de iniciativas seguen a ser fundamentais para poñer en valor e dar a coñecer o traballo creativo das mulleres neste ámbito artístico”.

“Así mesmo, a organización deste ciclo enmárcase nas actividades programadas con motivo do Día Internacional da Muller, que se celebrará o vindeiro 8 de marzo, e incluírá a proxección de seis películas dirixidas por mulleres de Galicia e Portugal, en torno as cales se abrirá un debate sobre as achegas femininas na industria do cine”, engadiu a rexedora.

O día da inauguración, a partir das 20.00 horas, celebrárase a conferencia XXI, o século das cineastas, a cargo da produtora e directora cine-



**EXPOSICIÓN.** A Facultade de Formación do Profesorado acolle a mostra Educación en feminino: un paseo pola historia que fai un percorrido pola historia da educación en feminino a través de 39 pósteres e paneis, nos que o alumnado da materia Historia e Teoría da Educación Escolar recuperan a memoria de episodios singulares no ámbito do ensino e salientan as importantes achegas realizadas por dúas de educadoras e/ou colectivos femininos ao longo dos séculos.

matográfica ferrolá, Chelo Loureiro, especializada en cinema de animación. Esta activista pertence a CIMA (Asociación de mulleres cineastas e de medios audiovisuais), que fomenta a presenza equitativa das mulleres na creación e nos medios audiovisuais, para conseguir unha sociedade máis igualitaria e diversa. Fundou a produtora Abano Produccións en 2007 e foi gañadora de tres

premios Goya, o último este ano coa obra Unicorn Wars. A conferencia estará presentada por Pilar Martínez Conde, máis coñecida como Pilochea, unha das grandes voces da canción galega.

Todas as proxeccións terán lugar ás 20.00 horas, agás a do venres, 10 de marzo, que será ás 18.00 horas. O acceso será libre e totalmente de balde, ata completar o aforo.

# Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA

CRM

CONTABILIDAD

PRODUCCIÓN

FIDELIZACIÓN

E-COMMERCE

EXIT ERP SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL

red.es KIT DIGITAL

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084

www.imarfer.com - correo@imarfer.com



# Lugo acolle a XXIII edición da Mostra de Teatro Clásico

Lugo volve a encherse de teatro coa XXIII edición da Mostra de Teatro Clásico, que este ano aumenta a súa programación ata chegar ás 14 representacións que encherán o Auditorio Municipal Gustavo Freire e a praza da Mosqueira de cultura de calidade durante o mes de marzo “Quixemos facer unha programación extensa, de calidade e para todos os públicos”, explicou Maite Ferreiro, que engadiu “continuamos a concentrar a mostra no mes de marzo, facilitando a afluencia do público e a difusión da programación de Teatro Clásico”.

A Mostra de Teatro Clásico do 2023 contará tamén cunha importante aposta polas compañías galegas que comezaron a producir obras clásicas, a área de Cultura achega este ano o teatro á rúa e a outros lugares, como o a praza da Mosqueira, que acollerá espectáculos para público familiar, aínda que a programación continuará maioritariamente no Auditorio Municipal Gustavo Freire.

As entradas poderán adquirirse a través do portal [entradaslugo.es](http://entradaslugo.es) a 8€ nos espectáculos para público adulto e 3€ os espectáculos para público familiar que teñan lugar no auditorio. As persoas en paro, menores de 30, pensionistas e actores e actrices asociadas á AAAG poderán desfrutar dun 30% de desconto.

**PROGRAMACIÓN.** Arrancará a programación o venres 3 de marzo ás 20.30 no Auditorio Municipal Gustavo Freire coa obra *Jácara para un pícaro o la España negra* de La Griot'te, un espectáculo musicado de *raras avis* para o deleite dos presentes, público adulto.

O domingo 5 de marzo ás 18.30 no Auditorio estará *Molto Barroco de*



*Píscore*, unha reivindicación das composicións musicais barrocas desde o teatro recomendada para menores desde 6 anos (80 minutos). Continuarán o xoves 9 de marzo ás 20.30 con *El diablo cojuelo* de Rhum Teatre e CNTC. Na obra, aos pallasos de Rhum & Cia encárganlles facer un clásico e tómanos coma unha gran oportunidade. Idade recomendada a partir de doce anos e unha duración de 100 min.

Ao día seguinte, venres 10 de marzo, ás 20.30 e no mesmo lugar poderá verse obra *Maestrísimo* de Yllana, un espectáculo *allegro e molto vivace* a metade de camiño entre o concerto de cámara, a comedia satírica e o retrato de época.

*Vive Molière* de Ay teatro chega ao auditorio o sábado 11 de marzo ás 20.30. Desenvólvese no ceo, onde a deusa Fama anuncia a súa intención de casar cun xenio do teatro. Recomendado a partir de 16 anos cunha duración de 90 min.

Pechan a semana o domingo 12 ás 12.30, na praza da Mosqueira coa obra *Justina y Jacinta* de Teatro del Cuervo. Fala de Justina e Jacinta, que

forman unha *ñaque* (Compañía ambulante de teatro que estaba composta por dúas cómicas ou cómicos) e percorren todas as rutas contando as historias que levan no seu pequeno carro. Está recomendada para todos os públicos cunha duración de 50 min.

O venres 17 ás 20.30 no Auditorio Municipal Gustavo Freire estará a obra *El animal de Hungría* de Escénate. Recomendada a partir de 12 anos cunha duración de 90 min. Ao día seguinte será a vez de *Antígona 3 x 3,5* de Companhia do Chapitô. Recomendado para maiores de 13 anos cunha duración de 60 min.

Finalizan a semana o domingo 19 ás 18.30 no Auditorio con *Os contos de William Shakespeare* de Pedras de Cartón. Recomendada a partir de 4 anos cunha duración de 40min

O xoves 23 de marzo ás 20.30 no Auditorio Municipal estará a obra *Iphixenia na porta do Súper* de Compañía Humana. Recomendada para maiores de 12 anos cunha duración de 75 min.

*I love Catalina* de Hilo Producciones estará o venres 24 tamén no Auditorio para maiores de 12 anos (75 minutos).

O sábado 25 ás 20.30 no Auditorio Municipal Gustavo Freire estará a obra *Menina. Soy una puta obra de Velázquez* de Proyecto Cultura. Recomendada a partir de 14 anos cunha duración de 55 min.

O domigno dobre sesión. Ás 12.30 na Praza da Mosqueira e con entrada libre estará *Carreta y manta* de Sinfin, unha compañía de cómicos da legua para maiores de seis anos.

Pecha ás 18.30 no Auditorio a obra *Elektra.25* de Atalaya, unha adaptación dun clásico universal para maiores de 16 anos (75 minutos).

## O intercambio de libros chega á praza Horta do Seminario

A praza Horta do Seminario acolle dende o pasado mes de outubro unha escultura en homenaxe aos docentes, obra do artista José Gómez de Bernardo.

Desde ANPE, impulsores da instalación da escultura, informan que actualmente este lugar público estase empregando como un espazo de intercambio de libros.

O BookCrossing é unha práctica que consiste en deixar libros en lugares públicos co obxectivo de que outra persoa os recolla, os lea e os volva por en circulación.

Os lectores que desexen participar poderán levar de forma gratuíta un dos libros que haxa dispoñible nesta escultura a cambio de deixar un exemplar para que poida collelo outra persoa. Con esta mecánica, logra manterse o número de libros, pero variando constantemente o catálogo de títulos.

Dende ANPE agradecen “a colabo-



ración de todas e todos os lucenses que dispoñan dunha base bibliográfica que poidan por a disposición dos demais” para “colaborar en tan novedosa iniciativa”.


## Lugo acolle unhas xornadas de ocio de carácter interxeracional

Cine, música, xogos, comidas, son algunhas das actividades de ocio familiar que se ofrecerá os domingos para pais, nais e adolescentes a través do programa da Concellería de Xuventude, +Xti 2023.

Estes encontros que comezan no mes de marzo, terán lugar no Centro de Convivencia Uxío Novoneyra, os domingos 12 de marzo, 2 de abril e 30 de abril, das 16.30 h. ás 20.00 horas, e no Centro de Convivencia A Milagrosa o domingo, 21 de maio, das 16.30 h. ás 20.00 horas e o 18 de xuño das 12.30 h. ás 18.30 horas. Para poder participar na actividade é necesario inscribirse a través do enderezo: [contacto@educando-](mailto:contacto@educando-)

nos, habendo 30 prazas – unha por familia (pais, nais acompañados dos seus fillos/as) – cada domingo. O prazo para anotarse xa está aberto.

Durante os catro meses de duración do proxecto os destinatarios da actividade poderán gozar de debates, cine, xogos tradicionais, música, comidas, xuntanzas, ioga, pasapalabra, mindfulness, karaoke, dinámicas de grupo, ao tempo que recibirán información sobre a prevención e contarán cunha asesoría adicada a resolver calquera problemática ou dúbida dentro do entorno familiar relacionada ca prevención de adiccións.



Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental  
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - [info@mosqueraotero.es](mailto:info@mosqueraotero.es) - [mosqueraotero.es](http://mosqueraotero.es)



## Lugo coloca contedores para reciclaxe de roupa



Lugo conta cun novo servizo de recollida de roupa usada mediante a colocación de 75 novos contedores destinados a este fin no municipio. Esta iniciativa quere fomentar a reciclaxe de roupa e calzado, facilitando puntos nos que as e os cidadáns poderán desprenderse de prendas que xa non empregan dunha maneira sinxela, cómoda e accesible as 24 horas do día, os 365 días do ano. Os 75 contedores que se colocarán en todos os barrios da cidade cumpren coa normativa europea aplicable, tanto en deseño como en construción.

Levarase a cabo o reciclado de todas aquelas pezas que se atopen rotas, descosidas ou moi usadas tal que non permita a súa reutilización, pero que por contra teña unha composición en algodón tal que manteña o seu poder de absorción, destinarase ao partido para trapos de limpeza industrial e supoñen un 15,8% aprox. Outra parte dos residuos destinaranse a valorización enerxética, tras os

procesos anteriores, todo o rexeitamento que non teña utilidade pola súa condición, será xestionado por xestor autorizado para o seu aproveitamento enerxético, o que supón un 9,8% aprox.

A xestión ambiental dos residuos obedece ao seguinte patrón de aproveitamento coa reutilización de todas aquelas pezas e complementos que pola súa condición atópanse en bo estado de uso e que se destinará á venda en mercados almacenistas exteriores para a súa comercialización como roupa usada ou de segunda man, estes supoñen un 64,1% aprox.

Lara Méndez apelou á colaboración cidadá e subliñou que “do mesmo xeito que estamos a fomentar a reciclaxe de vidro, papel ou cartón, debemos incentivar a reciclaxe de vestimenta e calzado, tendo en conta que cada persoa se desprende, aproximadamente, de entre 7 e 10 quilos de roupa ao ano, unhas 833 toneladas só no concello de Lugo”.

## A EPS rende homenaxe á primeira enxeñeira de Montes de Galicia

A Escola Politécnica Superior de Enxeñaría do Campus Terra da USC rendeu a súa particular homenaxe á primeira muller enxeñeira de Montes de Galicia, María Teresa Villarino Valdivielso, coa instalación dunha placa conmemorativa no aulario 1 do centro universitario lugués.

A directora da EPS de Enxeñaría da USC, Rosa Romero, presidiu este acto institucional organizado pola Comisión de Igualdade da EPSE co gallo da celebración do Día da Muller e a Nena na Ciencia, unha efeméride que se lembra cada 11 de febreiro. A sesión, na que tamén participaron estudantes e docentes do centro universitario lugués, contou tamén coa asistencia de Ana Villarino Valdivielso, irmá da homenaxeada, así como das profesoras Dolores Fernández Rodríguez e Ana Isabel García Arias, presidenta e secretaria, respectivamente, da Comisión de Igualdade da EPSE. A catedrática da USC María Isabel Fernández García, que actuou como madriña, fixo unha laudatio sobre esta pioneira da enxeñaría de Montes en Galicia España, xusto antes de proceder á apertura da mostra A muller e a nena na ciencia, unha exposición que fai un percorrido polas primeiras mulleres científicas galegas, con especial atención ás disciplinas relacionadas coa Escola Politécnica Superior de Enxeñaría.

A EPS de Enxeñaría aproveitou a



celebración desta efeméride para lembrar algunhas das mulleres xa egresadas do centro universitario lugués, a través da apertura dunha mostra cunha escolma dos seus testemuños. Este tipo de accións pretenden, segundo subliñou a Rosa Romero, ofrecer referentes que contribúan a animar as nenas a cursar estudos de enxeñaría.

María Teresa Villarino Valdivielso (Lugo, 1943) é a primeira enxeñeira de Montes de Galicia e unha das catro primeiras tituladas de España. Estuda na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Montes de Madrid, onde remata a súa formación en 1969. Doutora Enxeñeira de Montes en 1969, Villarino Valdivielso diplómase en ordenación do territorio, avaliación de impacto ambiental e xardinería e paisaxismo.

María Teresa Villarino Valdivielso

exerceu a súa profesión na Universidade, ao tempo que creou a empresa de consultoría e enxeñaría ambiental Melissa S.A. Foi tamén docente en cursos de posgrao en institucións públicas e privadas nacionais e internacionais, ademais de autora de máis de 25 libros, capítulos de libros e artigos.

A primeira enxeñeira de Montes de Galicia foi tamén membro do Comité de Enxeñaría e Desenvolvemento Sostible de España. Na súa andaina profesional, esta muller colleitou numerosos e importantes distincións. Así, en 1978, recibiu o Premio Nacional de Urbanismo, un galardón ao que anos máis tarde se sumarían os premios ao exercicio de libre da profesión, outorgado polo Colexio de Enxeñeiros de Montes en 2008, e o Premio á Excelencia Académica, concedido por CEPADe no ano 2012.

## Dez novos espazos públicos xa contan con conexión wifi de balde

Conectarse a internet na rúa desde un portátil, un móbil ou unha PDA será agora máis fácil en Lugo. A veciñanza xa pode acceder a redes wifi gratuitas nunha decena de novos espazos públicos da cidade a través do programa municipal WIFI4UE, co que “avanzamos na procura dunha cidade máis moderna e conectada”.

A alcaldesa Lara Méndez, visitou a colocación das primeiras sinais informativas na praza da Milagrosa, e xa están instaladas en praza Agro do Rolo, Augas Férreas, Praza Maior, Casa da Xuventude, praza do Castiñeiro, praza Viana do Castelo, praza do Campo Castelo, o Centro de Servizos Municipais e praza Horta do Seminario.

“WIFI4UE é un programa europeo, para o que Lugo resultou seleccionado”, lembrou a rexedora, que financia con 15.000 euros a instalación de puntos de acceso sen cableado á rede, co obxectivo de promover as redes wifi para os cidadáns e transeúntes en espazos públicos de toda Europa. O orzamento total ascendeu a 36.193 euros incluíndo as liñas necesarias e o mantemento durante tres anos.

De tal xeito que, se espera que esta conectividade inalámbrica local, gratuita e sen condicións discriminatórias contribúa a pechar a fenda dixital.

Para acceder so hai que conectarse á rede WIFI4EU e iniciar se-



sión no portal, sen necesidade de rexistro previo e só con facer un clic. Dispónse de máis información na web municipal.

**erika pilates center**

Pilates en grupos reducidos • Pilates preparto • Pilates postparto  
Abdominales hipopresivos • Yoga

Calle Perpetuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo  
Telf.: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es  
[www.erikapilates.es](http://www.erikapilates.es)



## A Deputación entrega 25 hortos urbanos do río Rato a veciños

Usuarios e usuarias recibiron 25 novos hortos urbanos situados no paseo do río Rato, os terreos, de 30ms 2 cada un, foron concedidos a través dun proceso de competencia competitiva no que se primaron criterios sociais, como estar en situación de desemprego, ser representante dun centro educativo ou traballar para un colectivo social.

As autoridades entregáronlle aos adxudicatarios unha carpeta coa documentación da parcela, xunto con material de traballo, como guantes e ferramentas de labranza, e plantas de horta. Os usuarios e usuarias teñen á súa disposición un servizo de dinamización dos hortos, con asesoramento semanal en diversos temas para un mellor aproveitamento da terra.

“Agora mesmo temos practicamente todos os hortos ocupados, polo que é unha satisfacción ver o ben que funciona esta iniciativa e o moito que a disfrutan os veciños e as veciñas”, indicou José Tomé. “Trátase dun proxecto que forma parte da ampla acción que impulsamos dende a Deputación para fomentar o coñecemento e a posta



en valor do territorio, en concreto das Reservas da Biosfera, das que a nosa provincia é o máximo expoñente en Galicia, como fórmula para favorecer o desenvolvemento sostible a través de iniciativas que aproveiten a riqueza natural coa que temos a sorte de contar, tanto no eido do sector primario, como do turístico”, sentenciou Tomé Roca.

A Deputación de Lugo conta con 150 no Paseo do Rato, tras a remodelación integral destes terreos públicos. Esta mellora supuxo un investimento preto de 80.000 euros, co que se instalou un sistema

de rega que dá acceso á auga dende todas as parcelas, composteiros para traballos de autoabastecemento ou a mellora do firme da terra e os accesos.

A estas melloras sumouse tamén a instalación de peches perimetrais de madeira e os traballos de roza e poda, realizando melloras silvícolas para propiciar o máis óptimo rendemento da terra. Tamén se habilitaron zonas de cultivo específicas para escolares e para persoas con mobilidade reducida, instaláronse paneis informativos e incorporouse mobiliario urbano, como mesas e bancos.

## Intensifican o control de estorniños na cidade



Ante o aumento de estorniños detectados no centro da cidade nas últimas semanas desde Medio Ambiente activouse unha nova campaña, dentro do labor ordinario que se realiza durante todo o ano, para vixiar o seu asentamento ata ter controlada a poboación.

O tenente de alcaldesa e concelleiro de área, Miguel Fernández, explicou que as zonas máis afectadas están a ser, nestes momentos, a Deputación Provincial, “onde se calculou que podería haber en torno aos 3.000 exemplares pero que logo dos labores de disuasión diminuíron até os 200”, así como na rúa da Raíña, no Museo, na Praza Maior e nos xardíns de San Roque, “localizacións nas que intentan asentarse de forma preferente para establecer os seus durmideiros primarios”.

Sen embargo, as medidas de supervisión alcanzaron outros enclaves como o Parque de Frigsa (500 aves), a Praza do Rei (100 aves) ou a Avenida de Madrid (50 aves) onde a empresa especiali-

zada realiza tamén traballos de disuasión.

As actuacións levadas a cabo responden ás demandas trasladadas pola cidadanía, dando conta das molestias nas que deriva a presenza masiva destas aves.

Así, especialmente entre 18.15 e as 01.30 horas do día, estanse a realizar tarefas intensivas para as que se empregan sistemas de sons de alarma fixos e móbiles ademais doutras técnicas complementarias, variando as metodoloxías segundo as necesidades do servizo – e tendo en conta que os estorniños tamén buscan ubicacións alternativas – ata minimizar a niveis recomendados a súa estancia.

Fernández explicou que o incremento de exemplares vén motivada polos seus movementos migratorios naturais, logo da época reprodutora, e modulada tamén por factores climatolóxicos como é o caso das temperaturas e insistiu en que as medidas utilizadas foron unicamente dirixidas ao estorniño negro e pinto, poboación diana da actuación.

## Yakart celebra a VI Feira do Caravaning

A empresa de autocaravanas Yakart organiza entre os días 8 e 12 de marzo a VI Feira de Caravaning para todas as persoas interesadas na compra ou alugueiro deste tipo de vehículos.

Durante estes días a empresa realiza unhas xornadas de portas abertas onde se poderán visitar as súas instalacións para coñecer os vehículos novos e de ocasión que están a venda e tamén aqueles dispoñibles para o aluguer durante as vacacións.

Nesta ocasión, ademais dos vehículos habituais da empresa, haberá tamén algúns trasladados dende a Coruña e vehículos de particulares que os desexan por á venda.

A feira contará con descontos especiais e financiación sendo unha oportunidade única para todos aqueles que desexen mercar un vehículo destas características.

A entrada será gratuíta e totalmente aberta durante os días que dure a feira cun horario de apertura de 9.30 a 14.00 e de 16.00 a 19.30 incluídos sábados e domingos.

As instalacións están situadas na estrada de Santiago nº 540, no punto quilométrico 4,5.





## O PP solicita a convocatoria da mesa local de comercio

O Partido Popular solicitará a convocatoria da mesa local de comercio para “abordar o goteo de peches de pequenos comercios en Lugo e en especial no casco histórico”. Tras o anuncio do peche do local de Zara no centro para este verán os populares consideran que “pode ser a puntilla ao comercio do casco histórico, un golpe case irreparable do que Lara Méndez é directamente responsable debido a súa nefasta política de apoio ao comercio local, evidenciada coa súa permisividade co peche do vicerrectorado en novembro do ano pasado”. Para o Partido Popular os cascos históricos “deben de ter vida, polo que hai que dende a administración local favorecer o asentamento de poboación e de empresas e non ao revés”. Como exemplo, Antonio Ameijide descata que “os datos do censo indican a perda de poboación do casco histórico de Lugo, que conta cuns 3.000 habitantes na actualidade cando chegou a contar con máis de 10.000 euros. Nesta situación, Antonio Ameijide quere destacar “o enorme esforzo dos hostaleiros, dos emprendedores

e dos autónomos que manteñen os seus negocios abertos no casco histórico porque é grazas ao seu empeño e sacrificio que o centro segue loitando por gañar o pulso ás grandes superficies comerciais”. Para Antonio Ameijide parte deste problema ven por “desmantelar o centro coas peonalizacións, sen dar alternativas de aparcamento o que complica que a veciñanza se achegue ata o centro” e “a estes graves problemas podemos sumar os atrasos interminables na concesión de licenzas ou a incapacidade para actualizar documentos como o PEPRI, que impulsarían o desenvolvemento do recinto amurallado”, sinala. Ameijide declara que dende o grupo popular “xa propuxeron medidas de apoio ao comercio local para axudar aos autónomos e emprendedores como por exemplo a exencións de impostos e taxas municipais, negociar con entidades bancarias que traballan co Concello préstamos con condicións vantaxosas para os emprendedores locais e para o financiamento necesario para a consolidación dos negocios existentes e o mantemento dos empregos”.

## As traballadoras do 010 serán readmitidas polo Concello

As anteriores traballadoras do 010, que serán readmitidas polo Concello, reuníronse coa alcaldesa para abordar con ela os termos da súa próxima incorporación como persoal laboral indefinido da Administración local, onde exercerán as mesmas funcións que tiñan anteriormente e nas mesmas condicións – en xornada de mañá e tarde – para o que será preciso realizar unha modificación puntual da RPT. Tendo en conta isto, a alcaldesa

deu tamén indicacións para que o novo contrato de atención telefónica no que se está a traballar se redimensione en función da incorporación destas catro persoas. A incorporación das traballadoras do 010 pon fin a unha longa tempada de demandas cando estas foron despedidas dos seus postos de traballo co cambio da concesión. Tanto no xuízo como na apelación recibiron o respaldo da sentenza polo que teñen que incorporarse aos seus postos.



**RADIOAFECIONADOS.** A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, agradeceu o labor dos radioaficionados que colaboran con Protección Civil durante o acto de entrega de diplomas concedidos a membros deste colectivo de toda a provincia que forman parte da Rede Nacional de Radio de Emerxencia (REMER).

## O cemiterio celebra o seu 75 aniversario cun programa de actos

Lugo celebra o 75 aniversario do Cemiterio Municipal con actividades durante todo o ano que mostrarán a historia do Cemiterio. Desde a Concellería de Participación destacaron que a Tenencia de Alcaldía prepara “un programa extenso para dar a coñecer a historia do Cemiterio de Lugo”, celebración que comezou hoxe coa apertura do novo espazo perinatal, “unha iniciativa pioneira nos cemiterios galegos que permitirá ás familias ter un lugar para pasar o duelo en casos de morte xestacional ou perinatal”. Neste ano cúmprense 75 anos desde que o actual Cemiterio Municipal de San Froilán substituíu ás antigas instalacións de Magoi. Cristina López destacou a versatilidade do deseño de Eloi Maquieira para realizar actividades como as visitas nocturnas ou as distintas actividades culturais organizadas durante todo o ano, que fixeron que o cemiterio de Lugo fose incluído na Ruta de Cemiterios Históricos Europeos e gañase o



recoñecemento de National Geographic como un dos cemiterios máis bonitos do mundo. As actividades comezaron coa apertura dunha exposición fotográfica que, a través de 75 imaxes, recollen a historia do Cemiterio Municipal de San Froilán, recollendo actividades, eventos e lembranzas de todos os anos de servizo desta instalación.

**ESPACIO PERINATAL.** Abriu tamén o novo espazo perinatal do Cemiterio Municipal, un espazo que,

segundo explicou Cristina López, “será unha axuda para o entorno familiar no proceso de superación do duelo perinatal”. A persoas que perderan fillos durante a xestación ou ao pouco de nacer contan xa cun espazo específico no Cemiterio de Lugo, dando visibilidade a un tipo de duelo moi presente na sociedade, mais que continúa a estar moi silenciado. Habilitarase tamén unha exposición sobre o duelo perinatal, na que se está a traballar en conxunto co Colexio Oficial de Enfermaría.

## Unha nova campaña alerta contra a submisión química

Unha nova campaña Diversión non é submisión nace co obxectivo de sensibilización e prevención contra a submisión química, onde se pon o foco nos agresores e na primeira atención ás vítimas. A iniciativa desenvolverase conxuntamente entre o Concello de Lugo, o colectivo de locais de ocio nocturno e tamén co apoio da Asociación de Hostaleiros. Segundo os datos do NTCF, en España, no 2021 houbo 3.001 solicitudes de investigación de casos de agresións sexuais e pediuse estudo de submisión ou vulnerabilidade química en 994 casos, é dicir, máis do 33%. O 72,1% dos casos analizados deron positivo nalgunha substancia, nun contexto onde o 92,4% das vítimas foron mulleres. A maiores, o Ministerio de Xustiza advirte que no 80% dos casos de submisión química en España están implicados coñecidos das vítimas. A través desta campaña búscase concienciar sobre esta nova forma de violencia machista, incrementar a protección das vítimas e facilitar a primeira atención da muller baixo os efectos da submisión química. “Debemos dotar á xente de ferramentas informativas para que tome conciencia.



Non queremos xerar un clima de alarma, todo o contrario; máis ben de seguridade” declarou Lara Méndez. A iniciativa tamén se centra en responsabilizar aos agresores, que baixo ningunha escusa poden ignorar ou mitigar a gravidade do delito que comenten. A campaña inclúe a colocación de 1.000 adhesivos con códigos QR nos locais de ocio nocturno e de hostalaría, que reenvían a unha páxina con información sobre o que é a submisión química, os indicadores de sospeita e sobre como actuar. “O máis importante é comunicar o sucedido o antes posible ás persoas responsables do locais”, destacou a concelleira Silvia Alonso.

## Lugo Monumental organiza unha edición especial de comercio na rúa os mércores a partir de marzo

Lugo Monumental está a preparar unha edición especial de Os mércores sáese, a actividade que fai que cada semana varios comercios do centro histórico saquen as súas mercadorías á rúa, para dar a benvinda á primavera. Tras a pandemia a asociación animou aos comercios para darse a coñecer na vía pública, con autorización do Concello de Lugo, e a iniciativa segue funcionando a día de hoxe, cada vez con máis éxito. Por eso desde Lugo Monumental están a preparar esta edición especial de Os mércores sáese, na que se convida a participar a comerciantes tanto socios como non socios da entidade. En zonas como San Pedro, Rúa Nova ou praza de España semana tras semana as tendas sacan a rúa colgadoiros e mercadorías para chamar a atención dos viandantes, cun bo resultado. Dende a asociación buscan que esta edición os interesados que teñan os seus comercios fóra de murallas poidan participar conxuntamente nun espazo na Praza de España nunha cita que esta prevista para finais de marzo.



# “Temos unha contorna privilexiada para facer bicicleta de montaña”

**Manuel Piñeiro e Marco López son os autores do libro ‘Rutas en bici de montaña polos arredores de Lugo’, unha completa guía sobre rutas de todos os niveis**

## Como nace a idea para a creación deste libro?

O inicio da primeira edición foi a raíz dun premio que gañáramos na revista Bike, unha revista de tirada nacional, que convocara un concurso de rutas en todas España e presentáramos unha de Lugo que quedara gañadora. Despois de aquilo pensamos que habería máis ruta que merecían a pena que se coñeceran e contactando coa Deputación decidiuse sacar cara adiante esa guía.

A Ruta dos Pescadores foi a ruta gañadora e publicada no número 207 da Revista Bike, ao ser premiada cun primeiro premio no concurso de rutas en bici de montaña convocado por esta mesma publicación.

A idea desta última revisión xurde da Deputación, volve a haber moito interese no mundo da bicicleta, que parece que está un pouco de moda, e pensamos en volver a editar a guía para promocionala.

Aínda que figuran tres autores, un deles é un amigo que faleceu e que consideramos que debía estar presente. Somos Manuel Piñeiro e eu os autores xunto con moita xente que colaborou.

## Hai algunha diferenza coa edición anterior?

Practicamente todo, en rutas unicamente hai dúas que teñan mais ou menos o mesmo trazado e todas as demais son novas. Ademais esta edición trae moitas máis rutas que a anterior.

## Que tipo de rutas podemos atopar?

Dentro desta guía podemos atopar uns 5 percorridos que consideramos de iniciación que suman un total de

159 quilómetros.

E despois xa falando de rutas máis longas e con diferentes niveis de dificultade podemos atopar 16 rutas que suman un total de 737 quilómetros. Hai algunhas que nos achegan a algúns puntos de interese como Penas de Rodas, Santa Eulalia de Bóveda, a Vía Romana XIX ou o Camiño Real de Friol entre outros.

Podemos atopar de diferentes nivel, dende algunhas máis sinxelas a outras mais complicadas, con distinta dificultade técnica e tamén con diferentes distancia dende os 20 ata 80 quilómetros. Estas rutas saen todas de Lugo e practicamente en todas as direccións, niso temos sorte porque dispoñemos dunha contorna privilexiada para a bicicleta de montaña, saias na dirección que saias hai sitios par ir en bicicleta, eu creo que Lugo niso é un privilexio.

## Que información podemos atopar de cada ruta?

De todas as rutas podemos atopar un mapa co percorrido e unha pequena descrición. Ademais todas van acompañadas de imaxes e como novidade nesta edición todas van acompañadas dun código QR a través do cal se pode descargar o ficheiro para seguir a ruta cun gps.

## Como é o proceso de recollida da información?

Pois principalmente son moitos anos de estar saíndo en bici por Lugo, de ter saído con outra xente que colaborou para ir seleccionando os percorridos máis interesantes, porque aquí o problema é que hai tanto onde escoller que as veces o difícil é intentar seleccionar un pouco.



Todo o contido nace da experiencia de moitos anos practicando a bicicleta de montaña.

## Que é o máis difícil á hora de afrontar a publicación dun libro coma este?

O máis difícil quizais é pensar que trazados elixir, que ruta incluír, cales poden ser as máis interesantes. Pensar e adaptalas para que haxa de todos os niveis e tamén valorar que o entorno natural está sempre cambiando e é necesario ter isto en conta para non incluír tramos que non vaian ter moita duración no tempo. O máis difícil é o proceso de selección dos trazados entre toda a variedade que hai.

## E a parte que máis se disfruta?

A parte que máis se disfruta é realizar as rutas y facer as fotos e as ilustracións, ao fin o cabo estás practicando un deporte que é o que che gusta e o final iso case non é traballo.

## Como nace a súa vinculación coa bici de montaña?



Eu levo máis de vinte anos saíndo en bici, e Manuel Piñeiro tamén bastante tempo e ademais el nun modo máis semiprofesional, ten moita relación co mundo da bici e compite habitualmente.

## Que consello lle daría a alguén que quere comezar neste mundo da bici de montaña?

Pensar que en Lugo temos moita sorte polo entorno no que estamos, non só pola cantidade senón tamén pola variedade e tan pronto estás seguindo un sendeiro de pescadores como un camiño de carros entre carballos, como vas ao lado do río ou por unha zona de roca viva.

Hai tal variedade de paisaxes e de camiños que seguir que animo a calquera que lle guste un pouco a bicicleta a que saia con ela porque o ten doado para disfrutar.

## Cal é a súa preferida?

A verdade é que, se tivera que acompañar a alguén a facer só unha, tal vez elixiría as Fontes do Mera, pola mestura de paisaxes e o tipo de camiños que se percorren nela.

## Aberto o prazo de inscrición para as novas propostas de ocio de Xuventude

A xuventude de Lugo conta xa con novas actividades que se desenvolverán ata xuño, Mauricio Repetto, quixo destacar que “levamos meses traballando en opcións para a mocidade, escoitando as súas inquedanzas e valorando as que tiveron máis éxito nos programas anteriores co obxectivo de que aproveiten o tempo de lecer con propostas alternativas que promovan as boas prácticas, o coidado da saúde, combinando aspectos lúdicos e didácticos”, sostivo.

Entre as actividades se atopan as vinculadas co deporte como rutas de sendeirismo e bicicleta, a zumba ou o ioga, pero tamén vinculadas co coidado medioambiental, como as clases de moda circular; á comida saudable a través da repostería, ou sobre robótica, Haberá tamén, sesións de radiocontrol, moi demandadas entre os mozos, curso de monitor en tempo libre e iniciación á apicultura.

A primeira das actividades deu comezo o 13 de febreiro. Foi un divertido taller de repostería creativa, unha iniciativa a través da cal os participantes entrarán con contacto directo co mundo da cociña dunha forma lúdica. A proposta estaba orientada a mozos e mozas, e presetouse como unha oportunidade para elaborar produtos típicos nesas datas de carnaval.

Entre as novidades, atópanse sesións de iniciación á práctica da marcha nórdica co obxectivo de levar a cabo actividades para o fomento do exercicio físico entre os mozos e o contacto coa natureza, terá lugar os días 25 de marzo, 15 de abril e 20 de maio. Partirán dende a Casa da Xuventude ás 10.00h., onde previamente os asistentes recibirán indicacións de como dominar a técnica.

## Retiran 25 vehículos abandonados da rúa

Durante os vindeiros días comezarán a retirarse os vehículos abandonados das rúas da cidade segundo anunciou o tenente alcalde Rubén Arroxo. Trátase dun total de 25 vehículos, que serán trasladados nos vindeiros días ao depósito municipal, “o que permitirá mellorar a seguridade e a imaxe dos espazos públicos, dado que algúns destes vehículos atópanse desmantelados”.

Esta medida, reclamada pola veciñanza, é baseada nos informes da Policía Local, ten como obxectivo mellorar a imaxe de Lugo, e facilitar o aparcamento, coa liberación das prazas ocupadas.

**HERBÓN DESGUACES**

Rúa da Industria, 38. Pol. Ind. O Ceao - Lugo / Tel.: 982 207 018  
herbondesguaces@gmail.com / www.desguacesherbon.com

INSTALACIONES ESPECIALIZADAS EN TODOTERRENO Y FURGONETAS  
Rúa da Industria, Pol. Ind. O Ceao / 982 209 222 - 982 207 018

Polígono As Gándaras. Rúa Fontán Rodríguez,  
Calle F - Parcela H4, Lugo / Tel.: 982 147 951

**escolActiva**  
Centro de Ensino

➔ Apoyo escolar en infantil y primaria  
➔ Refuerzo en ESO y BAC en todas las materias  
➔ Idiomas: inglés, italiano y gallego

**ADEMÁS TE PREPARAMOS PARA LAS PRUEBAS OFICIALES DE:**

- Educación Secundaria para adultos (ESA)
- Competencias Clave
- Prueba de Acceso a Grado Medio
- CELGA 4
- Exámenes de Certificación EOI, Cambridge y CILS

**¡NUEVOS GRUPOS ONLINE!**

**¡INFÓRMATE!**

Rúa Camiño Real 48, bajo 27004 Lugo.  
676 115 427 / 982 807 670 / www.escolactiva.com  
Instagram.com/escolactiva facebook: @escolactiva



## Lugo terá un centro 24 horas para atender a vítimas de violencia

Lugo contará cun centro de 24 horas de atención integral ás vítimas de violencia sexual durante os 365 días do ano. Mediante un convenio, Igualdade transfire a Sanidade un total de dous millóns de euros para a creación destes centros que comezarán polas áreas sanitarias de Ferrol, Lugo, Santiago de Compostela e Vigo, no marco do desenvolvemento do Plan España Te Protexe (III)-Creación de servizos de atención integral 24 horas a vítimas de violencia sexual, integrado no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da economía española.

Nestes centros ofrecerase acompañamento e información telefónica, telemática e presencial, e cumprindo cos criterios de atención permanente e actuación urxente, os centros facilitarán atención psicolóxica, xurídica e social para vítimas, familiares e persoas

da contorna mediante persoal cualificado.

O emprazamento dos centros 24 horas en áreas sanitarias de Galicia facilitará unha mellor coordinación dos servizos na atención de emerxencia ás posibles vítimas de violencia sexual. Deste xeito, os dous departamentos autonómicos unen os seus recursos e esforzos mediante este acordo de colaboración para unha xestión eficaz e eficiente das medidas que se levarán a cabo.

A Xunta está a reforzar o traballo que realiza para loitar contra a violencia sexual. Ademais de poñer a disposición das vítimas recursos económicos e de apoio sanitario, psicolóxico e xurídico, centra o seu labor na prevención e sensibilización en idades temperás. Incide na importancia de que as mulleres denuncien porque tamén contribúe a visibilizar este problema.

## As Gándaras xa ten programa para as súas festas de marzo

O barrio das Gándaras celebra os vindeiros 16, 17, 18 e 19 de marzo as súas festas na honra de San Xosé. As celebracións darán comezo o xoves 16 de marzo ás 20.30 co pregón para continuar ás 21.00 cunha churrascada popular. Para finalizar a xornada ás 21.30 dará comezo a verbena.

O venres 17 de marzo a orquestra París de Noia será a encargada de amenizar a noite cunha actuación que dará comezo ás 22.00.

A programación do sábado dará comezo ás 11.00 cun pasacalles con música tradicional para continuar

cunha misa ás 13.30. Ás 14.30 será a hora da sesión vermú a cargo da orquestra Escapate.

A verbena do sábado contará coas actuacións das orquestras Escapate e Los Satélites.

O domingo 19 as celebracións darán comezo ás 11.00 cun pasacalles con música tradicional para continuar ás 13.30 coa misa solemne. A sesión vermú dará comezo ás 14.30 e estará a cargo da orquestra Acores. Xa pola tarde, ás 17.00 haberá unha festa infantil e finalizarán as festas cunha sesión de tarde ás 20.30 a cargo da orquestra Acores.



**ÁRBORES.** Un grupo de 50 nenas e nenos do CEIP Menéndez Pelayo de Lugo, acompañados de catro mestres, participaron na actividade organizada pola concellería de Medio Ambiente, para replantar os últimos abetos que o Concello repartiu entre os comerciantes adscritos á estratexia Localmente Lucense durante o Nadal, coa finalidade de sensibilizar aos cativos no coidado do medio ambiente.

## Cordadas, un xogo en galego de alpinismo e escalada creado por Muki

María Yañez, máis coñecida como Muki, vén de crear Cordadas, o primeiro xogo de cartas en galego sobre alpinismo e escalada orientado a público adulto, pero que tamén poden xogar nenos.

A creadora deste xogo leva 12 anos facendo alpinismo e escalada e é secretaria no Club de montaña O Cordal de Lugo, e actualmente colabora co Club de montaña Buxán mentres vive na Pobra do Brollón.

Muki explica que “Muki Xogos xurdiu un día antes de ir escalar cuns amigos en Baleira. Estaba tomando un café e ocorríuseme un xogo relacionado coa escalada, con taboleiro, pero un día facendo unha travesía polos Picos de Europa dinme de conta de que eu só levo unha baralla, polo que adaptei as normas do xogo orixinal, os materiais e os deseños”.

Cordadas é un xogo pensado para levar a unha actividade de montaña, como defende Muki, quen sostén que sempre lle gustou escribir contos para nenos e o deseño, que aprendeu dunha maneira autodidacta.

Muki decidiu unir dúas das súas paixóns, a montaña e os xogos, e os debuxos e deseños das 80 cartas que forman o xogo son todos de creación propia.



**NORMAS DO XOGO.** Cordadas é un xogo para entre 2 a 6 xogadores, en galego e castelán e, aínda que a temática sexa a escalada e o alpinismo, calquera pode xogar porque se basea nun código de cores.

En Cordadas, a xogadora é unha intrépida alpinista ou escalador que ten o obxectivo de chegar ao cumio levando todo o material que precise. Hai cartas de material de escalada clásica, escalada deportiva e alpinismo.

O resto dos xogadores tentarán que os contrincantes non acaden o seu obxectivo por medio de cartas de trasnadas e de meteorolo-

loxía adversa.

**FUTURO DO XOGO.** Actualmente, está en marcha un crowdfunding para recuperar o diñeiro que investiu María no deseño e venda do xogo, que di “está a funcionar moi ben, xa que en catro días cumplimos xa o primeiro obxectivo”.

Con respecto ao futuro, di que a súa intención é comercializar o xogo en tendas especializadas e que non descarta a posibilidade de sacar adiante tamén o xogo inicial do taboleiro, así como outras ideas de xogos que ten na cabeza.

## O Concello incorpora unha hora sen cita previa na atención cidadá

O Concello reorganiza a atención cidadá para incluír un horario de acceso libre a partir da unha do mediodía que se combinará, nun modelo mixto, co mantemento da cita previa entre as 09:00 e as 13:00 horas.

Deste xeito e, tal e como xa se viña facendo até o momento, os e as usuarias poderán seguir concertando unha cita ben a través da web do Concello, do teléfono ou, de forma presencial, solicitando a axuda do persoal de conserxería para que lla tramite de forma instantánea; pero tamén se establecerá a partir de agora unha franxa horaria concreta – entre as 13:00 e as 14:00 horas – para que, quen así o desexe, poida achegarse ás dependencias a realizar as súas consultas sen telo solicitado con anterioridade.

Dende a pandemia, o Concello de Lugo mantén habilitado un sistema de cita previa para os servizos de Augas, Cemiterio, Estatística, OMIC (Información ao Consumidor), Rexistro, Tarxeta Cidadá e Tesourería, que concentran unha

maior carga de atención ao público e que se considera conveniente manter para dar servizo a aquelas persoas ás que lles resulte máis resolutivo concertar unha hora específica para realizar as súas consultas sen ter que agardar cola. Aseguran no Concello que exceptuando áreas específicas, como pode ser o Rexistro Xeral e, en momentos puntuais, o habitual é dispoñer sempre de franxas horarias suficientes que dean resposta á demanda existente.

Pola contra, outros departamentos como Enxeñería, Facenda, Patrimonio, Arquivo etc, con menor carga de atención ao público, reciben á cidadanía de xeito inmediato. Un proceder que seguirá en vigor, ao igual que a metodoloxía establecida nas áreas de Urbanismo e Arquitectura nas que, ante a necesidade de aclarar dúbidas moi concretas, relacionadas con expedientes específicos, é preciso ter coñecemento de antemán de cada un deles antes de concertar a vez, para poder revisar toda a do-

cumentación co obxectivo de ser o máis eficaz posible na resposta que se dea.

**PP E CIDADANOS.** Pola súa banda a portavoz do grupo municipal de CS, Olga Louzao, pediu ao Goberno local que “elimine a cita previa obrigatoria nos servizos de atención cidadá do Concello, en especial no rexistro xeral”. Louzao sostén que “a calidade da atención cidadá do Concello experimentou nos últimos anos unha deterioración sen precedentes coa instauración da obrigatoriedade da cita previa á que se suma a supresión de facto do servizo do 010”.

O PP, pola súa conta, volveu denunciar “as esperas de ata 15 días para conseguir citas para trámites básicos no Concello de Lugo”. Os populares declaran que “hai servizos, como o de augas, no que xa non hai citas dispoñibles durante todo o mes de marzo o que supón un claro impedimento para que os lucenses realicen as súas xestións”.



# Boramus buscará modernizar e mellorar o ciclo integral da auga

O Concello de Lugo busca mellorar a eficiencia da xestión do ciclo da auga a través do programa Boramus para realizar un maior aproveitamento dos recursos, tanto hídricos como municipais, e nun incremento da calidade de vida da veciñanza que terá garantida a subministración cun menor número de avarías e en mellores condicións e, polo tanto, cun menor custo do servizo. Con este ambicioso proxecto o Concello concorrerá ás axudas do Perte, ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia dos Next Generation.

O importe das 14 actuacións que queren levar a cabo ascende a 10.000.000 de euros, coa pretensión de que o 72'44% se asuma con fon-

dos europeos (7.244.000 €) e o resto (2.756.000 euros) cunha achega municipal.

Co proxecto, que xa estaba recollido no Plan de Acción Local da Axenda Urbana 2030 Lugo Cidade Viva, o Concello pretende elaborar un plan de sustentabilidade e eficiencia do uso dos recursos hídricos do municipio no que se terán en conta as fases de depuración, reutilización e distribución da auga para reducir perdas, fomentar usos eficientes do rego, incentivar a recollida de pluviais nos edificios e diminuír o consumo e o gasto enerxético.

O plan propón, alén da mellora da rede de abastecemento coa instalación de nova tubaxe no ciclo com-

pleto da auga (captación, abastecemento, saneamento e vertedura), a implantación de mecanismos de dixitalización que alcanzarán incluso ao saneamento mediante a adquisición de sistemas de revisión da rede. Isto permitirá coñecer con moita brevidade e precisión a situación de todas as canalizacións da cidade e posibilitará evitar interrupcións duradeiras na subministración nos puntos exactos onde se suceden esas fugas, atendendo con maior axilidade os posibles problemas na rede.

Así, é importante destacar que todas as intervencións deseñadas contribuirán a lograr unha redución de consumo medio de enerxía anual de, como mínimo, un 10%.

# O Concello accede a una nova liña de axudas para San Fernando

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, anunciou durante un encontro mantido coa secretario de Estado de Turismo, Rosa Ana Morillo Rodríguez que buscará o apoio da Xunta para a rehabilitación do Cuartel de San Fernando como Museo da Romanización, a través da nova liña de axudas que impulsará o Ministerio de Turismo. Así, a rexedora anunciou, que o Concello concorrerá a esta nova liña de financiamento para a rehabilitación de edificios declarados BIC (Ben de Interese Cultural), co obxectivo de acondicionar o antigo cuartel de San Fernando como epicentro da cultura romana do Noroeste Peninsular.

“A creación desta dotación é un obxectivo irrenunciable deste goberno e da sociedade lucense, un obxectivo no que levamos traballando de forma continuada dende o pasado mandato, logo de que a Xunta e, nomeadamente, o seu presidente



Núñez Feijóo paralizase o proxecto no 2013”, lembrou a rexedora. Neste senso, Lara Méndez subliñou que o novo responsable do executivo autonómico, Alfonso Rueda, porén, “mostrou a súa vontade de colaborar para desbloquear esta iniciativa, na primeira reunión que mantivemos, comprometéndose a cofinanciar as obras, por iso, tras-

ladarémolle a posibilidade de que a Xunta poida sumarse e aportar a financiación restante, unha vez coñezamos a resolución destas axudas”.

Durante a reunión que mantiveron na Casa Consistorial, Lara Méndez e Rosana Morillo, abordaron a declaración do Arde Lvcvs como Festa de Interese Turístico Internacional.

# Rescinden o contrato coa empresa dos desfibriladores

O Concello vén de iniciar o procedemento para rescindir o contrato á adxudicataria da subministración, instalación e mantemento integral dos 57 desfibriladores e 10 totens exteriores instalados nos edificios municipais e prazas da cidade, ante os incumprimentos do mesmo.

A medida foi aprobada debido a que a empresa non estaba a realizar nin

o mantemento integral dos equipamentos nin tampouco iniciara a formación básica sobre o seu manexo e as técnicas de reanimación cardiopulmonar, que eran obxecto esencial da prestación.

Ao mesmo tempo, o Executivo local validou o inicio dunha nova licitación para asumir estas dúas tarefas por importe de 115.380 euros.



# Unha nova máquina de vapor intensificará a limpeza das rúas



O servizo de limpeza e recollida de residuos da cidade, LuceLugo, incorporou unha nova máquina de vapor para mellorar e incrementar a limpeza viaria e do mobiliario urbano.

Trátase dunha máquina autónoma que traballa con auga quente e fría segundo a superficie, que intensificará as actuais labores de aseo de Lugo tanto nas rúas como en todo o mobiliario urbano.

Lara Méndez explicou que conta cunha tecnoloxía patentada especial de vapor a alta presión –250 bares– con 2 caldeiras. Neste senso, ten a capacidade de desenvolver unha profunda limpeza das rúas e de eliminar múltiples elementos como pintadas, chicles e residuos de animais; alcatrán, pegamento, resina e cola; carteis, adhesivos ou verniz; xiz, rotuladores, lapis e bolígrafos; algas, mofo, cal, sal e silicona; cera de velas despois de procesións; manchas negras de pneumáticos de coches, carretillas ou camiós; manchas de bebidas, comidas, restos de mercadillos; gasoil, aceite e gra-

xa, po de freos ou feluxe; malas herbas, musgo ou fungos, entre outros.

“Coa incorporación desta máquina seguimos mellorando as prestacións do servizo para intensificar a limpeza da cidade, dotándonos de ferramentas e tecnoloxía punteira para que Lugo luza a súa mellor imaxe”, engadiu a alcaldesa.

En comparación con outras máquinas, ofrece un 25% máis de presión en vapor (ata 250 Bar), un 35% máis de volume de vapor 17400L/min e un 35% máis de rendemento na man de obra, cun aforro do 65% de auga. Así mesmo, permitirá un aforro aproximado dun 93% de produtos químicos e terá capacidade para eliminar ata 2.400 chicles por hora.

“O feito de empregar vapor a alta temperatura permite eliminar pintadas sen necesidade de empregar produtos químicos” apuntou o edil de Medio Ambiente, quen subliñou que “tamén serve para limpar o verdín das pedras, entre outros múltiples usos”.

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO  
**MÁSMÓV!L**  
NEGOCIOS

SERVICIOS INMOBILIARIOS  
SEGUROS DE PREVENCIÓN DE RIESGOS  
SEGUROS GENERALES

**¡SE NECESITAN COMERCIALES!**

**VALIREY LUGO S.L.**

Oscar Valiño Pin **NUEVA DIRECCIÓN**

Ronda das Mercedes N° 48 entreplanta - Lugo

628 126 720 - info@valireylugo.com





## Avanza a construción do paso peonil entre Garabolos e Meilán

Continúan as obras para habilitar un paso peonil seguro que comunique a zona de Garabolos con Meilán. Arroxo explicou que “trátase dunha intervención que permitirá mellorar a unión entre a zona rural e a zona urbana de Lugo de maneira accesible, ao mesmo tempo que damos resposta a unha solicitude da veciñanza, que ata o de agora non contaba cunha ruta peonil axeitada”. O tenente alcalde informou que “nos vindeiros días poderase desfrutar deste camiño completamente habilitado”.

O treito a mellorar corresponde á unión entre a rúa dos Chaos, en Meilán, coa avenida de Garabolos,

unha zona na que actualmente existe un camiño de terra de ancho moi escaso. Os traballos que executará a Tenencia de Alcaldía consisten na habilitación de novas beirarrúas de formigón ruleteado en todo o treito, o que facilitará unha maior adherencia e aumentará a accesibilidade.

O ancho de todo o percorrido variará entre o 1,40 e os 2 metros, segundo a orografía do terreo. O acabado terá cor verde, o que facilitará unha mellor integración no entorno. Nas zonas xunto aos pasos de peóns, disporanse baldosas de botóns e direccionais, de acordo á normativa vixente.

## Finalizan as obras no firme de varias vías nas parroquias

Dende o comezo do ano finalizaron varias obras de mellora do firme estradas municipais que se atopaban en mal estado.

**SANTALLA.** Arranxáronse dúas estradas municipais nos lugares de Teicelle e o Caínzo, denominadas a pista de Teicelle e a da Ferrería. Ambas localizadas na parroquia de Santalla de Lamas.

“Estes camiños atopábanse deteriorados debido a súa antigüidade, ao uso e ás inclemencias meteorolóxicas sufridas co paso do tempo”, sostivo o tenente de alcaldesa e edil de Medio Rural, Miguel Fernández, que subliñou que “o obxectivo destas actuacións é mellorar a seguridade e confortabilidade das vías para o uso por parte da veciñanza”. En ambos casos, os traballos que se levaron a cabo incluíron a limpeza de cunetas e a rehabilitación do firme con aglomerado en quente. O orzamento destas actuacións, financiadas con cargo ao Plan Único 2022 da Deputación elévase a 25.500 euros.

**SANTA MARÍA ALTA E MATELO.** Os accesos as núcleos de Santa María Alta e Matelo acaban de ser mellorados pola área de Medio Rural aduxificados á empresa Francisco Gómez y Cia SL por un importe de



76.410 €, que foron financiados con cargo aos fondos do Plan Único de Cooperación que o Concello de Lugo mantén coa Deputación Provincial.

Os labores realizados, que tiveron un prazo de execución de dous meses, incluíron a rexeneración do firme mediante aglomerado en quente, alén da limpeza de beiravías e a adaptación dos rexistros existentes ás novas rasantes.

**RIBAS DE MIÑO.** Os accesos á parroquia de Ribas de Miño, partindo da pista de Argonde e atravesando o lugar de Vilachá veñen de ser sufrir melloras no firme, onde a obra alcanzou neste caso, non só á estrada principal senón tamén os camiños que conducen ás vivendas e á Igrexa.

Unha intervención, na que o Conce-

llo investiu 59.362€, e que se realiza para mellorar a seguridade viaria e dar resposta, así, ás peticións que nos fixeron chegar as persoas residentes na zona.

Con estas obras “preténdese materializar o compromiso adquirido coa veciñanza da zona rural de ir mellorando progresivamente as infraestruturas municipais, atendendo todas aquelas demandas que nos fan chegar”, sinalou o concelleiro de Medio Rural.

As tarefas realizadas incluíron a limpeza de cunetas para facilitar a circulación das augas e a adaptación dos rexistros existentes ás novas rasantes, así como a reposición do firme con aglomerado en quente, “xa que son vías moi transitadas e que, debido á súa antigüidade, se atopan nunha situación que esixía a súa rehabilitación”, referiu o edil.

## Novo punto limpo móbil

Santa Comba acolleu a presentación do novo Punto Limpo Móbil que se incorpora ao servizo municipal de limpeza LuceLugo e que o próximo luns, 6 de marzo, entrará en funcionamento na zona rural, completando as instalacións fixas que o Concello xa ten no Ceao.

Deste modo, as preto de 9.000 persoas que actualmente residen nas parroquias lucenses poden desfacerse axeitadamente de pequenos electrodomésticos, pilas, baterías, radiografías, lámpadas, fluorescentes, vernices, pinturas, disolventes, etc, sen necesidade de ter que trasladarse á capital.

O vehículo 100% eléctrico – un semirremolque pechado fabricado integramente en aluminio – combina as tres fraccións de papel/cartón, envases lixeiros e vidro (cunha capacidade dun metro cúbico cada unha) pero “dispón tamén doutras 14 fraccións independentes configurables e modulares (metales, cd’s e dvd’s, aparatos eléctricos, baterías, pilas, medicamentos, bo-



tes de pintura, bombillas, areosois, etc) que permiten a carga frontal a unha altura moi cómoda para as e os usuarios cun volume útil total de 3.300 litros.

O camiión visitará, de forma rotatoria diaria e continuada durante todo o ano, a totalidade das parroquias que conforman o municipio, cun calendario previamente establecido e informado – que arrancará en Piúgos. O novo Punto Limpo Móbil, que goza dun sistema antivandálico e

está totalmente selado para evitar a vertedura de líquidos, permite a descarga elevada lateral a metro medio de altura o que facilita o seu baleirado por camiións de recollida de carga traseira.

A Administración local publicitará o calendario co itinerario polas parroquias antes de proceder a desprazalo. Esta prestación se estenderá ao Centro Histórico e ao resto de barrios da cidade, din desde o Concello.

## Ecoloxistas denuncian ante a Unesco o impacto do parque eólico Picato

Ecoloxistas en Acción denuncia ante a Unesco o impacto negativo do parque eólico Picato sobre o patrimonio cultural de Lugo e prepara accións xudiciais contra a autorización do proxecto. A entidade insta ao Consello Internacional de Monumentos e Sitios (Icomos) a actuar en defensa de elementos catalogados de Patrimonio da Humanidade como son o Camiño de Santiago e a Muralla romana, directamente afectados polo plan enerxético de Naturgy. Neste senso dende Ecoloxistas en Acción consideran que “o Icomos, como organización internacional vinculada coa Unesco e adicada a promover a conservación, protección, uso e mellora do patrimonio cultural a nivel global ten que tomar cartas no asunto, dado que o proxecto do parque

eólico Picato, de saír adiante, provocará unha afección inasumible sobre Lugo e a súa contorna xa que pola súa proximidade as liñas de aeróxeradores serán claramente visibles dende a cidade e a súa muralla romana, afectando ademais ao Camiño Primitivo de Santiago”.

Ecoloxistas en Acción Galiza recorda que “aínda que o parque eólico Picato, como afirma a promotora, poda xerar un efecto en canto a descarbonización, terá un impacto negativo moito maior sobre o valor patrimonial da paisaxe e os bens históricos que afecta, non sendo posible un efecto de mitigación polas inxentes dimensións dos aeróxeradores, que con 150 metros serán visibles dende toda a contorna urbana e rural luguesa”.



# A MAXIA DAS PARROQUIAS

## San Miguel de Orbazai

**A igrexa parroquial ten referencias documentais desde o século X e é un exemplo de construción rural**

San Miguel de Orbazai é unha das parroquias nas que está dividido o concello de Lugo. Situada moi preto da capital, esta parroquia conta cun total de 241 habitantes repartidos en dez núcleos de poboación que son O Cabalo, Cal de Peón, Xuxao, A Malladoira, Mera, Penarrubia, Taboelle, A Torre, As

Illas e Orbazai. Este último, Orbazai, conta cun total de cincuenta habitantes sendo o núcleo máis poboado da parroquia, seguido moi de cerca por A Torre con 46 habitantes.

A igrexa parroquial de San Miguel de Orbazai, que xa aparece en referencias documentais dende o

século X, é un exemplo de construción rural resultado de varias reformas ao longo do tempo. Conta cunha nave rectangular cuberta de madeira e lousa a dúas augas cunha porta principal e lateral dereitas con linteis.

A capela maior é cuadrangular cunha cuberta a catro augas e abovedada cun arco de medio punto. A sacristía está ás costas da capela maior e conta con dúas portas de acceso nos laterais do altar maior.

Dentro da igrexa podemos atopar un retablo maior de estilo neoclásico que ocupa todo o fondo da capela e ten seis columnas compostas do século XIX. Conta ademais cun sagrario de metal neogótico.

San Miguel de Orbazai garda tamén no seu interior un castro situado no núcleo de Penarrubia catalogado dentro da idade de Ferro. Ten unha forma semicircular e cunhas medidas aproximadas de 115 por 100 metros. Varios fragmentos cerámicos foron atopados nas inmediacións deste castro que está incluído no Inventario de Bens Patrimoniais da Xunta.

Se queremos coñecer un pouco máis esta parroquia dos arredores de Lugo nada mellor que percorrer a Ruta do río dos muíños, para coñecer o río Mera que na última parte do seu curso forma una fermosa cascada que co seu muíño pon punto e final ao percorrido. Esta ruta recibe este nome debido a que hasta



non fai moito tempo os muíños do Mera eran moi importantes para a cidade de Lugo xa que a abastecían de fariña. A marxe dereita do río coincide con monte comunal, unha das principais razóns para que se manteña como está, dado o gran respecto e coidado dos veciños.

Carballos, amieiros, freixos, salgueiros, bidueiros ou castiñeiros son algunhas das árbores que conforman a paisaxe deste percorrido onde destaca tamén a pequena flora como os fentos, unha grande cantidade de fauna tanto aves como peixes e algún que outro réptil.

## Realizarán obras na rede de abastecemento de Cima de Vila

O núcleo rural de Cima de Vila, en Pedreda, contará cunhas obras de abastecemento para as que está dispoñible un orzamento de 121.000 euros, que proporcionarán un servizo básico a preto dun cento de veciños e veciñas de Cima de Vila. “Esta actuación é froito do noso compromiso para dotar de servizos públicos de calidade e eficientes ás parroquias, que poidan contribuír a fixar poboación no rural”, sostivo a rexedora.

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, e o concelleiro Medio Rural, Miguel Fernández, mantiveron unha reunión coa veciñanza de Cima de Vila para explicarlles de primeira man as obras de abastecemento,



que están en proceso de licitación, e contestar as súas dubidas. A execución desenvolverase tendo en conta a proximidade dunha rede de abastecemento municipal

paralela á Ronda Este, que se ampliará. Esta previsto a instalación dun total de máis 20 acometidas domiciliarias, en todas as vivendas existentes nesa zona.

## O PP pide o arranxo da pasarela peonil na N-VI en Conturiz

Dende o Partido Popular piden “o arranxo das deficiencias da pasarela peonil sobre a N-VI” xa que é “unha infraestrutura moi empregada polos veciños nos seus paseos diarios pola parroquia para cruzar esta estrada”.

Antonio Ameijide sinala que “esta infraestrutura precisa dunhas obras urxentes de mantemento xa que presenta eivas importantes que dificultan moito a accesibilidade como fendas no pavimento, afundimentos, vexetación e perdeu practicamente toda a pintura antideslizante”.

Segundo declaran dende o Partido Popular “acudimos a ver esta pasarela trala chamada dos veciños e queda claro que precisa dunha

actuación urxente, polo que pedimos ao goberno de Lara Méndez que reclame de inmediato ao Ministerio o seu arranxo”, explicou o concelleiro popular.

Ademais para este grupo municipal é precisa tamén unha actuación “na pista Camiño de Vilar, que dá acceso a unha trintena de vivendas e a varios negocios, así como a áreas recreativas do Miño e a instalacións deportivas con alta afluencia de persoas” e que según o PP “actualmente está chea de fochancas, sobre todo na súa parte inicial, polo que o Concello de Lugo debería de actuar de inmediato para garantir a seguridade e evitar danos nos vehículos que circulan por ela”.



# A praza da Constitución conectará a Muralla co Vello Cárcere

A Arteria Verde prevista para o Centro Histórico de Lugo está na recta final coa derradeira obra que consistirá na rexeneración urbanística da praza da Constitución coa que se pretende avanzar na transformación deseñada para o recinto amurallado. “Trátase de renaturalizar o terceiro maior espazo axardinado que os e as lucenses temos a carón do monumento b milenario, logo do Parque de Rosalía de Castro e da Praza Maior e a nosa vontade é levar a cabo unha actuación que ennobrezca toda a contorna, recuperando o protagonismo que ostentaba a antiga alameda do Vello Cárcere, como lugar de descanso e socialización e non só como zona de tránsito cara outros destinos”, sinalou Lara Méndez.

A proposta servirá para recuperar a conexión directa da Porta do Campo Castelo coa reconstrución do óvalo arborizado da praza, de maneira que se eliminará a parte máis descontextualizada, a que leva á estación de

autobuses en vías de desaparición. O anteproxecto contempla tres tipos de actuacións: as que comprenden a eliminación dos elementos que desvirtuaron a imaxe da antiga alameda do Cárcere como espazo de principal interese para a cidade; as que se orientan a recuperar a praza como parque público incrementando a vinculación da Porta do Campo Castelo co centro sociocultural e, finalmente, as que se destinan a integrar na nova configuración todos aqueles elementos derivados do uso actual da praza que deben manterse, como son os accesos ao aparcamento soterrado, o tráfico atenuado ou restrinxido, etc.

Dentro das primeiras, a principal acción consiste na eliminación do tramo asfaltado da avenida Alcalde Anxo López Pérez que actualmente atravesaba de forma diagonal a praza (entre a esquina nordés e a sueste), dividíndoa en dúas zonas, unha delas con uso de parque público e, a outra, reservada para o paso do tráfi-

co rodado ao seu redor e ás entradas e saídas ao parking.

Nesta zona se eliminarán, tamén, o conxunto de illotes e zonas asfaltadas destinadas ao tráfico de vehículos, así como os tramos de calzada da parte das rúas Cidade de Vigo e Ángel López Pérez, xa que se impondrá unha plataforma única de tráfico calmado.

“A recuperación da parte do arborado perdido coa construción dos accesos á estación de autobuses devolverá á praza o seu antigo carácter social, completando a plantación en forma de dobre óvalo que tiña a alameda orixinal. Unha forma que, igualmente, se fará patente no pavimento”, engadiu a rexedora.

A ampliación do parque posibilitará a súa apertura á realización de diversas actividades (terraza, pequenos espectáculos e actuacións, punto de encontro xuvenil, etc.), poñéndoa en relación co seu antigo uso, como continuación do Campo da Feira (emprazado nos terreos que hoxe



ocupa a estación) que nas imaxes históricas aparece dedicado á venda de obxectos de olería.

“Para conseguir unha mellor accesibilidade e maior integración entre o parque e a Rolda da Muralla substituiranse as escaleiras de paso desde a Porta do Campo Castelo por unha rampla que terá continuidade nunha senda pavimentada que conduce á entrada ao Vello Cárcere e abrirase unha pequena entrada na esquina noroeste (pegada ao centro escolar), que se resolve cun tramo de escaleiras creando un lugar de paso que evitará un posible punto de inseguridade”, explicou a alcaldesa.

O murete de peche se transformará

nun banco en prol dunha maior integración de todas as zonas das que se compón a área, enfatizando o carácter estancial da mesma e a súa relación coa Muralla. Algo similar sucederá coas ramplas de entrada e saída ao estacionamento soterrado que se incluírán na zona verde para minimizar a súa presenza.

O acceso peonil ao aparcadoiro – xunto ao que se construíra unha pequena bancada de granito a modo de asento informal– se dotará dunha nova envolvente acristalada, o máis transparente posible, que permita a continuidade visual a través del, respectando a totalidade das árbores existentes.

## A Deputación mellorará a rúa de San Isidro Labrador

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou este venres un convenio de colaboración co Concello de Lugo para a mellora da rúa de San Isidro Labrador, no barrio lucense da Pirin-galla, por un importe que se achega aos 165.000€. Un proxecto que financia integramente a institución provincial, tal e como explicou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto.

Esta actuación consistirá na retirada do firme e de varios tramos das beirarrúas existentes, na substitución da rede de abastecemento, reposición das marxes para o paso dos peóns con loseta hidráulica, colocación dun novo bordo e dun novo sistema de desaugue de pluviais, repavimentación da calzada con aglomerado en quente e sinalización.

Apuntou a voceira socialista que se trata dunha vía de dobre sentido, perpendicular á avenida da Coruña, de actividade comercial e hostaleira, polo que “se trata dunha actuación importante para o barrio da Pirin-galla e para toda a cidade”. Unha colaboración co Concello de Lugo que “se enmarca na liña de cooperación permanente que mantemos dende a Deputación de Lugo cos concellos da provincia para que poidan ofrecer máis e mellores servizos ós veciños e veciñas”.

## Fontiñas conta xa cunha nova mediana no cruce co Carril dos Indios



A ronda das Fontiñas conta cunha nova mediana situada á altura do cruce desta rúa co Carril dos Indios. Rubén Arroxo explicou que “este cruce anulouse de xeito temporal cando comezou a construción da rotonda de San Eufrasio, e agora demos unha solución definitiva a este tramo”. Os traballos executados o Goberno de Lugo deron continuidade á actual mediana de Fontiñas, ampliando o treito peonil e as zonas verdes. Ademais, habilitáronse novas prazas de estacionamento. Arroxo explicou

que “o conxunto da contorna mellora a accesibilidade e todo o treito contará cunha estética uniforme”.

Arroxo destacou a redución de accidentes na confluencia de Fontiñas con San Eufrasio grazas á construción e iluminación da nova rotonda “esta infraestrutura sen dúbida axiliza o tráfico e fai que en Fontiñas se reduzan os atascos”. Os accidentes reducíronse case ao 100% na confluencia de Fontiñas con San Eufrasio dende a construción da rotonda.

## O PP denuncia unha multa ao Concello pola falta de limpeza do depósito de auga

O Grupo Municipal do Partido Popular denuncia que “o Concello de Lugo vén de asumir o pago pola comisión dunha infracción grave en materia sanitaria despois de que a Consellería de Sanidade detectase ata 7 incumprimentos legais en materia de control da calidade da auga para consumo humano, que o goberno de Lara Méndez recoñece no decreto de pago da sanción”.

Antonio Ameijide explica que “a Consellería de Sanidade realizou unha inspección do depósito de auga potable do Ceao o 25 de abril de 2022 (inspección ratificada ao día seguinte nunha nova inspección), revisión que deixou como conclusión que este depósito se atopa nun deficiente estado de conservación”. Dende o Partido Popular declaran ademais que “non se realizaron limpeza e traballos de desinfección do depósito dende o ano 2014, non existen rexistros nin análises organolépticos de control desinfectante residual e de PH na rede de Lugo dende o ano 2018, que o Concello de Lugo non dispón do PAX (Protocolo de Autocontrol e Xestión de abastecemento) e a información que consta no SINAC non está actualizada”. “En total, ata 7 incumprimentos le-



gais en materia sanitaria, recoñecidos polo propio Concello de Lugo, tal e como figura no decreto asinado o 14 de febreiro deste ano” declaran dende o Partido Popular que tamén resaltan que son “unhas deficiencias que supoñen unha multa de 4.005,07 euros e ademais graves riscos para a saúde dos lucenses xa que se trata do depósito que abastece a todo o polígono do Ceao”.

Antonio Ameijide reitera “unha das grandes reivindicacións do Partido Popular dende hai varios anos é a renovación da rede de abastecemento do propio polígono para evitar os problemas de presión de auga do polígono que, no seu momento, puxeron en serias dificultades aos bombeiros de Lugo para poder extinguir as lapas do citado incendio”.



## O BNG propón á Xunta que destine o orzamento da Rolda Leste á Tinería

O BNG propón ao goberno da Xunta de Galiza que utilice os preto de 20 millóns orzamentados para a Rolda Leste na rehabilitación do barrio da Tinería. Arroxo afirmou que “desde a Xunta de Galiza teñen unha oportunidade de saldar unha débeda que o goberno do PP asumiu cando chegou ao poder no 2009”, e engadiu “trasladando o orzamento que gardan para a rolda Leste neste ano, o barrio da Tinería poderá avanzar e poñerse ao nivel que merece como zona histórica da cidade, e o goberno galego pode buscar un trazado alternativo para a Rolda Leste, que non implique destruír unha das zonas verdes máis importantes da cidade”. “O 90% dos investimentos do barrio da Tinería executáronse nos anos

nos que o BNG tivo responsabilidades de goberno, con máis de 20 millóns de euros investidos no barrio”, afirmou Rubén Arroxo, que engadiu “desde o 2001, os distintos gobernos do PP executaron en 18 anos menos do 10% do total”. “Toda a veciñanza de Lugo pode ver como o barrio da Tinería leva igual desde o 2009, mentres que o BNG conseguiu un recoñecemento da ONU para o proxecto de renovación deste barrio, o PP déixanos un pazo que data de hai máis de 1.000 anos apuntalado”. Arroxo afirmou que “a recuperación da UI-8, na que se ubica o Pazo de Dona Urraca, estaba adxudicada a comezos de 2009”, e engadiu “ao chegar o PP ao goberno galego, renunciaron á execución e tiveron que

indemnizar á empresa adxudicataria das obras”. Segundo Arroxo, “se o PP seguira investindo na recuperación da Tinería do mesmo xeito que fixo o BNG cando tivo responsabilidades no goberno galego, hoxe este barrio sería un modelo para Lugo”.

“Desde o BNG impulsamos emendas aos orzamentos da Xunta reclamando que se retomara este proxecto”, lembrou Rubén Arroxo, que engadiu “Lugo non pode agardar máis, o barrio da Tinería está chamado a ser unha das zonas máis importantes da cidade, mais vemos como 13 anos despois continúa en ruínas”.

O proxecto impulsado polo BNG para a Tinería foi recoñecido do Premio Dubai de Boas Prácticas outorgado polas Nacións Unidas no ano 2008.

## A Rolda das Mercedes terá novo alumeado

Unha nova actuación permitirá avanzar na renovación da rede de alumeado público, segundo informou Alexandre Penas quen explicou que “nas vindeiras semanas comezará a renovación do alumeado da Rolda das Mercedes, instalando alumeado LED de baixo consumo, que permite unha boa capacidade lumínica reducindo o consumo enerxético e as emisións de substancias contaminantes emitidas á atmosfera pola rede de alumeado público da cidade”.

A concellería de Infraestruturas renovará o alumeado da Rolda das Mercedes e Xosé Castiñeira, instalando 19 novas luminarias

de 130W, o que mellorará a visibilidade da zona permitindo reducir o consumo eléctrico ao substituíren á instalación actual, ao mesmo tempo que se renova o cableado.

Desde a concellería de Infraestruturas continúa a investir na renovación da rede de alumeado, con distintos proxectos postos en funcionamento por toda a cidade, con traballos que se están a executar na Rolda do Carme e nas rúas Camiño do Souto, Camiño da Croa, Fiunchos, Fistera, Magarza e na prolongación do Camiño do Souto. En total substitúense 109 luminarias, reducindo o consumo en 41.134 kWh.

## Continúa o estudo para rexenerar o barrio Feijoo e a Milagrosa

Os traballos dende a área de Sostibilidade Urbana continúan para declarar a Milagrosa e o Barrio Feijoo como Contorna Residencial de Rehabilitación Programada (ERRP) co obxectivo de recuperalos urbanística e socialmente.

Os traballos son o trámite previo para poder concorrer ás axudas que se habilitan ao abeiro dos Fondos Next Generation, nun ámbito de actuación que abrangue dende a Rolda da Muralla até o Agro do Rolo e dende a Avenida da Coruña ata Casas Baratas para a Milagrosa e, dende a Avenida da Coruña, por Perpetuo Socorro e Parada para o barrio Feijoo.

O equipo de Goberno recorda que un dos cometidos do proxecto é, precisamente, redactar unha Me-

moria – Programa onde quede demostrada a necesidade de actuar en materia de rexeneración urbana nas zonas sinaladas e que conleva a análise pormenorizada da degradación que lles afecta.

O estudo abrangue, así mesmo, un diagnóstico da situación demográfica, social, económica e ambiental da área, para o que se levará a cabo, tamén, un traballo de campo que inclúe encontros e reunións coa veciñanza, asociacións, etc, co fin de lograr a súa implicación e colaboración para acceder ao interior dos inmobles, sendo esta a mellor maneira de comprobar con veracidade a situación dos inmobles e poder determinar as obras que precisan e, por tanto, as propostas individuais para cada un.

## Piden melloras na iluminación

A Asociación de Veciños da Milagrosa denuncia “o lamentable estado da iluminación pública das rúas Milagrosa e Mallorca”. Declaran que “os problemas xerais son que a iluminación destas rúas é moi antiga e ademais só teñen liminarias dun lado que ao estar tan envellecidas contan con pouca potencia e é son moi contaminantes”.

Esta asociación pide á Concellería de Infraestruturas que “proceda á súa remodelación urxente, dada a importancia que supón na vida diaria dos veciños destas rúas e resto de persoas que transitan por elas”.



## O parque infantil do Castiñeiro contará con rocódromo e tirolina

Presentado o proxecto de renovación integral dos parques infantís sitos na praza do Castiñeiro, que se reunifican nun só gran parque para gañar superficie e que recolle as peticións que lle fixeron chegar os máis cativos e as súas familias a alcaldesa de Lugo, nas reunións que mantivo con eles, así como as solicitudes que trasladaron a través do programa de participación cidadá Dito e Feito.

“Tirolinas, rocódromos e redes de escalada son algunhas das solicitudes máis insistentes”, sostivo a rexedora, que apuntou que con esta actuación “atendemos a unha vella demanda da cidadanía para transformar estas zonas de xogos, que se atopan bastante degradadas e que quedaron pequenas para a cantidade de pequenos que os utilizan”, sostivo.

O custe desta obra, na que se investirán 365.000 euros e que sairá a licitación proximamente, incluírá, ademais dunha área para xogos máis ampla, un novo espazo humanizado con bancos e papeleiras para a estancia dos pais e avós, “co que queremos favorecer a convivencia interxeracional, para nós moi importante”. Complementará a actual superficie de picnic, que se manterá, ao igual que se manterá todo o arboleda para non perder as zonas de confort. En total, actuarase nunha área de 659 metros cadrados.

No deseño tiveronse en conta, ademais das peticións dos pais e das usuarias, que os xogos sexan inclusivos, que permitan a socialización e adaptados para nenos con distintas capacidades. Tres serán os elementos de xogos principais, entre eles dúas torres diferenciadas por idades, unha para



**NOVA PISTA DEPORTIVA.** Xa está a disposición da cidadanía unha nova pista deportiva no Castiñeiro, cumprindo coas peticións da veciñanza da zona que reclamaba novas dotacións para a contorna, unha das máis populosas da capital. A instalación, integrada nunha parcela municipal de 800 m<sup>2</sup> entre as rúas Juana la Loca e Ramón Piñeiro, dispón de céspede artificial – para facilitar o seu coidado e mantemento – e estará delimitada por un peche perimetral.

os pequenos de ata 5 anos e unha segunda pensada para o goce de ata 12 anos.

Multixogo para nenos de ata 12 anos de idade, de máis de 15,3 metros de lonxitude, 10 metros de anchura e unha altura que pode chegar os 6 metros. Poderá ser utilizado por un mínimo de 28 usuarios de maneira simultánea e segura. Disporá, entre outros elementos, de distintos tipos de tobogáns, formato tubo e tamén abertos, dun rocódromo de parede, dunha tirolina de alomenos 6 metros, túneles de redes de escalada, estruturas tubulares, rampas de acceso e barras tipo bombeiro.

A outra torre multixogo, de ata os 5 anos de idade, está pensada especialmente, aclarou Lara Méndez, “para o desenvolvemento da psicomotricidade e a comprensión didáctica dos

e das usuarias”. Cunha lonxitude de 9,15 metros e unha altura de case tres metros, poderá ser utilizada por un mínimo de 20 persoas simultaneamente. Constará de, entre outros elementos, de tobogáns, paneis didácticos, redes de trepa, barras, escaleiras e xogos de psicomotricidade.

O terceiro elementos principal será un xogo escultórico, modular e poliédrico con 14 caras, pensado como un espazo e unha invitación para imaxinar, escalar, esconderse ou relaxarse. Cunha altura non superior a 2,8 metros, permite a súa utilización por 18 persoas ao mesmo tempo.

Tamén se incluírán elementos de abalo para uso individual, grupal e mesmo adaptado para o xogo inclusivo, así como asentos xiratorios con deseño especial para nenos con trastorno do espectro autista.



# A Capela do Carme contará con 40 prazas de aparcamento gratuito

A Capela do Carme contará con 40 novas prazas de aparcamento na parte traseira co obxectivo de continuar avanzando na posta en valor do barrio do Carme pero tamén ampliando as dotacións públicas ao servizo da cidadanía.

A actuación realízase ao abeiro dun novo convenio, xestionado pola área de Gobernanza que dirixe Paula Alvarellos e que a rexedora asinará proximamente coa Diocese de Lugo e a través do cal, a Confraría da Virxe do Carme, que ten vinculada a súa actividade a estes terreos, cederá gratuitamente ao Concello – por un prazo de catro anos, ampliable a outro máis – o aproveitamento da parcela situada na rúa Poeta Noriega Varela.

“É sen dúbida unha colaboración moi importante que nos permitirá proxectar novas e mellores infraestruturas que redundarán na habitabilidade e humanización da zona, pero tamén na prestación de servizos de utilidade para o conxunto da veciñanza, nun espazo moi

próximo ao Centro Histórico no que este tipo de recursos son, ademais, moi estimados”, sinalou Méndez.

A alcaldesa subliñou que a superficie, de 1.106 m<sup>2</sup>, posibilitará a creación de arredor de medio cento de prazas de estacionamento. “Toda vez que o Convenio se formalice procederemos a licitar o seu acondicionamento no que teremos en conta a protección e conservación do pradoiro centenario que existe no predio”, afirmou.

Avanzou, así mesmo, que tamén está estudando a cesión da parcela lindeira “coa vontade de incrementar as dimensións do recinto e, por suposto, tamén a capacidade do aparcadoiro previsto, que se duplicaría”. Nese sentido, lembrou, alén, a próxima posta a disposición doutras 165 prazas máis no Fogar de Santa María que posibilitará a inminente reforma destas instalacións, froito do acordo acadado co presidente da Deputación Provincial.

# Ciudadanos reúne cos veciños para ver as súas necesidades



Os concelleiros do Grupo municipal de CS, Juan Vidal-Pardo e Olga Louzao, reuníronse coa directiva da Asociación de Veciños Barrio do Carmen para coñecer de primeira man as necesidades máis apremiantes que ten a zona. No encontro tratáronse temas de diversa índole como “a falta de seguridade, a precariedade dos servizos públicos e o bloqueo urbanístico no que se atopa o barrio”.

“O barrio do Carme atópase neste momento en canellón sen saída. A situación de bloqueo que vive esta zona é consecuencia da inacción política durante décadas que se reflicte nunha normativa urbanística

obsoleta que limita a rehabilitación dos inmobles existentes e achega inseguridade aos propietarios ao recoller edificabilidades altísimas totalmente incompatibles co nivel de protección patrimonial”, sinalou Louzao tras o encontro.

“Por iso é necesario contar cun novo marco normativo que permita converter en habitable este tesouro patrimonial e faga os veciños e veciñas deste barrio mirar ao futuro con optimismo. O 20% das edificacións están en ruínas e o 76% baleiras. De nada serve que o Goberno local planee unha intervención puramente cosmética na vía pública”.

# Campo Castelo terá o primeiro Ecoparque urbano da cidade

A área de xogos do Campo Castelo será remodelada de forma integral baixo o concepto de Ecoparque urbano, pola composición dos elementos que acollerá pero, sobre todo, porque permitirá unha transición serena da renovada dotación pública cara a Praza Maior e o Concello, respectando os condicionantes da súa localización e mellorando a estética da zona PEPRI.

A identidade propia que terá este novo parque, que se amplía en máis 70 m<sup>2</sup>, servirá para incrementar a súa funcionalidade dende un punto de vista inclusivo.

Nestes sentido, as escaleiras serán substituídas por ramplas, e os cerramentos, tanto deste parque como do recinto infantil próximo, serán moito menos invasivos adoptando unha configuración de murete revestido en madeira, que exercerá de banco para favorecer a socialización.

A accesibilidade e a sostibilidade serán as dúas premisas transversais da actuación, xa que todo o mobiliario procede da reciclaxe de plásticos e terá certificado de baixa pegada de carbono, cumprindo así os obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030.

Todos os xogos e mobiliario do Par-



que Infantil de Campo Castelo contará cos selos Made Green produtos feitos a base de materiais reciclados post-consumo (como residuos recuperados do océano, téxtiles usados, envases alimentarios, etc.) que supoñen unha redución de aproximadamente o 50 % das emisións de carbono en comparación con produtos tradicionais elaborados a partir de fontes virxes. E tamén do selo ‘Born Green’, que obteñen aqueles produtos feitos do propio material de construción da natureza como a madeira, procedente de silvicultura sostible e, por tanto, pouco contaminantes.

Todo o parque disporá dun pavimento de caucho continuo, con revestimento decorativo, respectuoso co medio ambiente e con propiedades

antiescorregadizas e outras características técnicas que garanten unha longa durabilidade e boa resposta ao uso á intemperie.

Un anel xiratorio, unha cunca inclinada e mesmo un carrusel tipi con abrazadeira serán outras das opcións que poderá escoller a cativada para ocupar o seu ocio mentres exercitan habilidades físicas e estimulan o equilibrio, a percepción do espazo ou a concentración. E xa pensando na rapazada, un conxunto de bloques icónicos de formas xeométricas, fomentarán o encontro entre adolescentes coa escalada.

En canto ao mobiliario urbano, o parque contará con papeleiras elaboradas con residuos que de forma cotiá se desbotan, precisamente, ao lixo.

# Rematan as obras de mellora na estación de autobuses de Lugo



A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vén de finalizar as obras que executou nos últimos meses na dársena da estación de autobuses de Lugo, ás que destinou 47.600 euros.

O proxecto incluíu melloras e reparacións dalgúns elementos para corrixir o deterioro propio do paso do tempo, ademais de traballos de humanización para xerar un espazo máis cómodo e acolledor.

Así, os antigos bancos foron substituídos por outros de madeira que ofrecen unha imaxe unificada e colocáronse plantas ornamentais. Tamén se renovou a pintura da fachada e dos portóns de acceso á dársena –sen modificar a cor – e acometéronse melloras puntuais, como o pintado dos bordos e o cambio dun colector de saneamento e dalgúns vidros que estaban danados.

# A Xunta realiza traballos no complexo LUG

A Xunta vén de investir 364.000 euros na realización de diferentes melloras no complexo xuvenil LUG da cidade de Lugo, formado pola residencia LUG I e o albergue LUG II.

As principais partidas foron destinadas a instalar un ascensor no LUG I, unha actuación que está en proceso de execución cun importe de 98.300 euros; e a pintar as fachadas de ambos edificios, o que supuxo un gasto conxunto de 96.700 euros. Así mesmo, no LUG II foron substituídas as carpinterías exteriores para incrementar a eficiencia enerxética e reformáronse dous aseos.

En canto ao LUG I, estes investimentos permitiron colocar novos armarios encaixados en varias habitacións, adquirir equipamento para o ximnasio e instalar oito bancos no exterior, ademais de renovar mobiliario e electrodomésticos do centro. O complexo LUG comprende o centro LUG I, que funciona como residencia con 75 prazas para mozas e mozos estudantes durante o curso lectivo; e o albergue LUG II. Este último acolle unha ampla programación na que destacan os campamentos de verán organizados pola Consellería de Política Social e Xuventude.



# Melloran a rede de saneamento na rúa Rafael de Vega

Xa deron comezo os traballos de mellora da rede de saneamento que a concellería de Medio Ambiente, dirixida por Miguel Fernández, está a levar a cabo na rúa Rafael de Vega.

A rexedora mantivo un encontro coa veciñanza da zona para explicarles o alcance da intervención que sucede á recente humanización desta vía, e que tamén incluíu a renovación parcial dalgunhas das infraestruturas. “Nese momento, as persoas que residen nos inmobles 7-9-11-13-15 nos trasladaron a existencia dun problema na confluencia da súa acometida coa rede de saneamento da zona e, como a solución que se acordou con eles se atopaba fóra do ámbito das obras que se estaban a realizar nese momento, concretoouse definilas tecnicamente para poder abordalas de maneira independente de forma posterior”, aclarou Lara Méndez.



“Deste xeito faise preciso dar continuidade ao tramo de colector renovado desde o último pozo, executando un treito duns 20 metros de tubaxe e creando un novo pozo de rexistro, para diminuír o volume de acumulación de graxas actual”, dixo. Con esta intervención, acordada coas persoas residentes, o Executivo de Lara Méndez pretende poñer fin

a unha problemática que estas comunidades sufrían de forma crónica debido á cantidade de efluentes que estaban a verter nun mesmo pozo e á elevada profundidade na que se atopa a acometida. A obra suporá un investimento municipal de 10.072 euros e disporá dun prazo de execución de dous meses.

## O Partido Popular demanda o arranxo da ponte romana

O Partido Popular pide o arranxo da ponte romana para “evitar danos maiores na estrutura no caso de novas crecidas”. Antonio Ameijide explica que “dous dos tajamares que serven de protección aos piares están danados, tras perder varias das pedras que forman a súa estrutura”.

“Unha imaxe que pese a xerar alarma entre a cidadanía semella non afecta á propia estrutura da ponte

romana, pero cómpre arranxalos o antes posible para evitar danos maiores no caso dunha nova crecida do río” declaran dende o Partido Popular.

O concelleiro popular explica que “hai poucos días puidemos ver na prensa como responsables do Concello de Lugo acudían á ponte romana para facerse unha foto mentres retiraban o tronco dunha árbore, unha actuación necesaria para evitar



máis danos na ponte pero “cómpre realizar o mantemento completo e non quedar na foto dun día”.

## A peonalización de Camiño Real contará con zonas verdes

Na rúa Camiño Real continúan avanzando os traballos de peonalización do treito comprendido entre a rúa Concepción Arenal e a Ronda da Muralla. Rubén Arroxo afirmou que “este treito será a rúa Bispo Aguirre da zona norte da Muralla, recuperando espazos útiles para as persoas”.

Este treito terá un mellor acondicionamento ambiental, dado que se instalarán novas zonas verdes con árbores e arbustos. O mobiliario urbano tamén se renovará, instalando bancos con respaldo, ademais de papeleiras e fontes. O tenente alcalde destacou o “bo ritmo” co que avanza as obras, e afirmou que “a veciñanza en breves poderá desfrutar dun novo espazo peonil comple-



tamente acondicionado”.

O Goberno de Lugo inviste 279.432,31€ nesta intervención, que ten un prazo de execución de 6 meses. A nova zona peonil manterá o acceso rodado para as e os

residentes, e o tráfico procedente da rúa Camiño Real desvíase, percorrendo a rúa Concepción Arenal e incorporándose de novo á Ronda da Muralla a través da rúa das Anduriñas.

## Comeza a renovación da cuberta do Museo



Comezan as obras de renovación da cuberta translúcida do Museo Provincial de Lugo, unha actuación coa que se substituirán as placas de policarbonato que cubren a sala dos mosaicos de Armañá e os corredores que conducen á Sala de Exposicións. O obxectivo dos traballos é mellorar a impermeabilización desta cuberta, instalada nas obras de reforma e ampliación realizadas no Museo Provincial de Lugo nos anos noventa e na que se detectaran filtracións. A vicepresidenta da Deputación Maite Ferreiro explicou “que se trata dunha actuación coa que seguimos realizando melloras tanto en elementos construtivos como de musealización nun edificio como o Museo Provincial de Lugo, que

ademais de ser un referente no estudo e conservación do patrimonio, ten a consideración de Ben de Interese Cultural, o que conleva unha tramitación e autorizacións específicas”.

As obras continuarán ata completar a substitución de todos os paneis, que mellorará tamén a luminosidade deste espazo que, ademais dos mosaicos da Armañá, acolle diversas mostras de escultura romana dos ss. I ao IV d.C. Entre outras actuacións, nos últimos meses realizouse unha intervención de conservación e limpeza nos museos de Armañá, a renovación e actualización das vitrinas de medallística e a renovación e revisión do estado de conservación das obras da sección de gravado.

## A Deputación rehabilitará dúas estradas no concello de Lugo e reabre a ponte de Maceda

A Xunta de Goberno aprobou a licitación do contrato para a rehabilitación de dous quilómetros da estrada provincial LU-P-2903, de Carballido a Poutomillos por Santalla de Bóveda. O proxecto, que ten un orzamento que supera os 125.000€ e un prazo de execución de dous meses, afectará ao tramo comprendido entre o punto quilométrico 5,7 e 7,7, e consiste na reapertura de cunetas, pavimentación e sinalización horizontal. En materia de estradas, o Executivo acordou a licitación do contrato para a rehabilitación do firme da LU-P-2801, de Santo Tomé a Mazo por Augaxosa. Esta actuación, que afecta ao treito que vai do punto quilométrico 0,9 ao 3, ten un orzamento de 185.000€ e un prazo de execución de 2 meses.

A Deputación reabriu tamén ao tráfico a ponte de Maceda, no concello do Corgo, logo de reparar, nun prazo de 20 días, os danos que ocasionaron neste punto da LU-P-1611, coñecida como o cinto comarcal, as fortes



chuvias que se produciron no Nadal. A institución provincial, que destinou arredor de 40.000€ a estas obras, procedeu á reparación utilizando un procedemento de emerxencia. Os traballos afectaron ao treito comprendido entre os puntos quilométricos 7,7 e 8,7, que se viu danado polo correntemento de terras. Consistiron na reposición da calzada tras o afundimento do arco da ponte. Este cinto comarcal rodea á capital lucense e atravesa os concellos de Begonte, Friol, O Corgo, Guntín, Castro de Rei, Castroverde, Cospeito e Outeiro de Rei.



# Ultimando os traballos de asfaltado

O equipo de Rubén Arroxo acomete varias obras de mellora do firme en distintos barrios, como os da Milagrosa ou As Gándaras

Nestas semanas o Concello está a rematar e mesmo a iniciar varias obras de asfaltado en distintos puntos da cidade.

**MILAGROSA.** Así, o asfalto do vial interior do parque da Milagrosa, onde están situadas as instalacións deportivas e a casa das Asociacións vén de ser renovado. Rubén Arroxo explicou que “continuamos a traballar na mellora dos espazos públicos de Lugo, renovando o asfalto dun vial que se atopaba nun avanzado estado de desgaste, e que facía necesaria unha intervención integral”.

A solución executada pola Concellería de Infraestruturas consiste na creación dunha nova baseada en mestura asfáltica en quente, o que asegurará o selado do firme ante a acción da auga superficial, garantindo que a intervención sexa duradeira. Unha vez rematado o asfaltado, adaptaranse os rexistros á nova cota da vía e renovarase a sinalización horizontal.

Arroxo lembrou que durante o presente mandato, a tenencia de alcaldía realizou un importante esforzo na contorna do Parque da Milagrosa, e lembrou algunha das intervencións realizadas neste período “como a renovación do aparcadoiro exterior do Auditorio Municipal Gustavo Freire ou o mural elaborado nas instalacións de Radio Taxi”.

**GÁNDARAS.** O asfalto da rúa Lavanco, no barrio das Gándaras, vén de ser renovado segundo anuncio o concelleiro de Infraestruturas. Penas



afirmou que “neste mandato realizamos un importante esforzo en todas as zoas periurbanas, e un exemplo é o barrio das gándaras, onde se actuou na práctica totalidade dos viais da zona, tanto no asfaltado como no alumeado”.

Os traballos consistiron na limpeza da vía, seguido do bacheo superficial da banda de rodadura actual, e a instalación unha nova capa de rodadura baseada en mestura asfáltica en quente, o que asegura o selado do firme ante a acción da auga superficial, garantindo que a intervención sexa duradeira. Adaptáronse os rexistros á nova cota da vía e renovárase a sinalización horizontal.

Dende tenencia de alcaldía tamén se anunciou que vén de comezar a renovación do asfalto dunha das principais vías de entrada do Polígono das Gándaras. “Trátase da renovación do asfalto da rúa A das Gándaras, debido ao avanzado estado de desgaste da capa de rodadura, avanzando no

mantemento das zonas industriais da cidade”, explicou Rubén Arroxo. O Goberno de Lugo executará a renovación do asfalto da rúa A do polígono das Gándaras, o acceso principal ás Gándaras desde a Rolda Norte, e que a diario acolle unha



gran carga de tráfico, entre o que se atopa un importante número de vehículos pesados. O firme deste treito con asfalto en quente, ademais de instalarse nova sinalización horizontal, o que supón un investimento de 73.313€.

**PRAZA ALICANTE.** Continúan as obras na praza de Alicante, no barrio da Milagrosa, onde a Tenencia de Alcaldía está a traballar na renovación dos espazos públicos. “Trátase dunha zona que estaba nun avanzado estado de desgaste, o que fixo precisa unha actuación integral que permita renovar a pavimentación, poñendo solución ás zonas de socavóns que podemos ver actualmente”, explicou Rubén Arroxo.

A solución que executará a área de Mobilidade e Infraestruturas consiste na renovación integral do pavimento, creando dúas zonas diferenciadas para o tránsito peonil e o dos vehículos, mantendo as zonas de estacionamento. Ademais, renovarase o mobiliario urbano, ampliando o total de bancos instalados na zona, e cunha nova disposición que permitirá unha maior comodidade á veciñanza, e instalaranse novas papeleiras e xardineiras. Tamén se renovará o alumeado

## Alumeado nas Gándaras

Dará comezo tamén a renovación integral do alumeado público na zona das Gándaras segundo informou o tenente alcalde Rubén Arroxo.

A actuación consistirá na renovación das luminarias instaladas actualmente no barrio, retirando as luminarias de vapor de sodio que contan cun consumo de 70W por farolas LED de 30W, para, segundo declarou Rubén Arroxo, “reducir o

consumo enerxético ao tempo que melloramos a calidade do alumeado, eliminando zonas escuras e garantindo un alumeado uniforme en todo o barrio”.

O tenente alcalde anunciou que o persoal técnico está a estudar tamén a renovación do alumeado da calzada das Gándaras, a rúa principal do barrio, “que, debido ao volume de tráfico, require de maior planificación que as rúas adxacentes”.

## Xestur pon á venda nas Gándaras un total de 18 parcelas de solo empresarial bonificado

Xestur pon á disposición das empresas galegas ou daquelas interesadas en asentarse na Comunidade un total de 892.927,65 metros cadrados de parcelas urbanizadas en 37 parques propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS). Deste total, 179.980,98 metros cadrados correspóndense con polígonos localizados na provincia de Lugo, onde o tecido empresarial poderá acceder a esta superficie a prezos bonificados.

Na provincia, o concurso convocado por Xestur inclúe 40 parcelas cunha superficie total de 63.353,98 metros cadrados. O maior número de parcelas está nas Gándaras, con 18, mentres que en Muimenta hai 13, en Viveiro 6 e en Cervo 3.

## O Fogar de Santa María terá 120 prazas máis de aparcamento

A Deputación de Lugo aprobou a licitación por un importe de medio millón de euros das obras da reforma e mellora dos espazos comúns nos pavillóns do Fogar de Santa María. Así o anunciou a voceira socialista, Pilar García Porto, quen incidiu en que este proxecto “permitirá cuadruplicar o número de prazas de estacionamento para uso público neste recinto, pasando das 40 que existen actualmente a unhas 165 prazas”.

García Porto recordou que con esta actuación o presidente da institución provincial, José Tomé Roca, cumpre o seu compromiso de reordenar e acondicionar o entorno do complexo de Santa María, unha vez acometidas as obras de rehabilitación e mellora nos pavillóns un e dous cun investimento de 1,7M€.

A voceira socialista lembrou que esta obra xa saíu a contratación, pero “quedou deserta porque non se presentou ningunha oferta”. “Logo de facer todos os trámites pertinentes e revisar os prezos, na Xunta de Goberno de hoxe aprobamos volver a licitala por preto de medio millón de euros, o que supón un incremento de practicamente 100.000€”, explicou a deputada.

Os traballos, que afectarán á contorna dos pavillóns 1, 2, 3 e 4 que compoñen o complexo de Santa María, “consistirán na reordenación dos espazos, no afirmado e pavimentación, axardinamento, sinalización, drenaxe do edificio no que se sitúa Vías e Obras, execución de rede de pluviais e conexión aos sumidoiros, instalación de luminarias públicas, e

acondicionamento do acceso peonil existente entre as zonas superior e inferior que circundan os edificios”, apuntou a deputada.

Unha vez rematadas as obras, cun prazo de execución de 4 meses unha vez iniciadas, a Deputación abrirá o estacionamento ao público, de forma gratuita e fóra do horario laboral do cadro de persoal da institución. García Porto incidiu en que “esta medida de poñer a disposición da cidadanía as prazas de aparcamento de Santa María fóra do horario do persoal provincial foi acordada polo presidente da Deputación e a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, no seo da comisión de seguimento do convenio de cesión dos pavillóns do complexo que existe entre o Concello e esta institución provincial”.

## O PP pide renovar os colectores de vidro

Dende o Partido Popular consideran o cambio de contedores “unha necesidade fundamental xa que a maior parte dos colectores do municipio estaban rotos, sen tapas, con funcionamento deficiente ou, directamente, eran restos doutros concellos” pero critican que “non se están a renovar todos os colectores, xa que os do vidro non se tocan”.

Antonio Ameijide declara que “o goberno de Lara Méndez non está a renovar o colector verde xa que quedou fóra do contrato de renovación dos colectores (encadrado dentro do novo contrato da recollida do lixo en Lugo que ten un custo anual de 13,4M€)” e pregunta porque quedaron foran da renovación “xa que a maior parte deles están rotos ou moi deteriorados, o que está a xerar queixas naqueles barrios nos que comezou a renovación pola mala imaxe que se transmite”.



# DEPUTACIÓN

## A Deputación esixe á Xunta que actúe para mellorar a sanidade

A Deputación de Lugo esixe á Xunta de Galicia que atenda as reclamacións da sociedade galega sobre as melloras necesarias na sanidade pública. Así se acordou tras unha moción presentada polo PSdeG no Pleno ordinario do mes de febreiro, que saíu adiante cos votos a favor dos socialistas e do BNG.

A voceira socialista do Goberno provincial e Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, lembrou que “o pasado 12 de febreiro a sociedade galega saíu á rúa para manifestar o seu desacougo coa situación da sanidade pública”, unha expresión “de rexeitamento, descontento e males-tar social”.

García Porto expuxo que os facultativos con sobrecarga de doentes, os responsables dun PAC co cadro de persoal en mínimos, ou os familiares de doentes en listaxes de agarda non se xuntaron na praza do Obradoiro de Santiago de Compostela para facer política. “A manifestación do día 12 foi un resumo das queixas que se veñen rexistrando nos últimos anos por mor das políticas de recortes e mala xestión do PP”, sinalou, cualificando de “decepcionante” a resposta do Goberno galego. En concreto, apuntou a voceira socialista que o Presidente da Xunta non estivo á altura, utilizando a cita do Cocido de Lalín para esquivar as reclamacións sobre a Sanidade, nun comportamento que tachou de “insolidario e irresponsable”.

No debate, Pilar García Porto defendeu que os socialistas teñen o compromiso “firme e inalterable” de defensa dos servizos públicos e lembrou que “ao longo deste mandato que está a piques de rematar, trouxemos a este Pleno de xeito reiterado iniciativas que recollían as necesidades dos e das cidadáns da nosa provincia”.

A Deputación de Lugo reclaman agora ao Goberno autonómico a elaboración dun plan urxente de melloras na Atención Primaria que inclúa o compromiso de dedicarlle o 25% do orzamento sanitario tal e como recomenda a OMS; a elaboración doutro plan urxente para a Atención Pediátrica e para reducir as listas de espera; o compromiso de convocar cada ano o 100% das prazas MIR autorizadas polo Goberno do Estado; a recuperación dos cadros de persoal dos PAC e centros hospitalarios afectados polos recortes; o deseño dunha política de persoal que cubra as baixas; e o fin da política de temporalidade dos profesionais.



O Pleno da Deputación de Lugo aprobou no Pleno ordinario celebrado este martes unha Declaración Institucional con motivo do Día Internacional da Muller na que reivindicamos a loita pola igualdade, plena e efectiva, e os valores do feminismo, factores esenciais para acadar unha

sociedade xusta e para a mellora da democracia. Os grupos políticos con representación no organismo provincial -PSdeG, BNG e PPdeG- votaron a favor dun texto acordado previamente nunha Xunta de Voceiros e Voceiras convocada polo Presidente provincial, José Tomé Roca.

## Cooperación con concellos e colectivos

A Deputación aprobou durante o Pleno, cos votos a favor dos grupos do PSdeG e o BNG, a incorporación de remanentes de tesourería ao Orzamento 2023 da Deputación de Lugo por un importe de algo máis de 5M€. Unha cantidade que servirá para reforzar a cooperación cos concellos e co tecido asociativo da provincia, segundo explicou a Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez, quen apuntou que se trata de algo “fundamental para o desenvolvemento do noso territorio, porque tradúcese en contribuír na mellora dos servizos que ofrecemos ós nosos veciños e veciñas”.

García Bermúdez desgranou as aplicacións orzamentarias do suplemento de crédito, que ascende aos 5.097.822,52€. En concreto, a responsable de Economía, Recada-

ción, Facenda e Especial de Contas da Deputación sinalou que estes fondos estarán destinados á promoción cultural, á mocidade, aos deportes, ao medio rural, ao turismo, á atención aos cidadáns e ás entidades locais.

García Bermúdez defendeu ademais a “utilidade” da acción do Goberno provincial poñendo como exemplo o traballo en materia de benestar social ou de mobilidade, sinalando que “neste mandato puxemos a disposición da cidadanía 271 prazas de atención asistencial para maiores e estamos á espera doutras 29, cando a Xunta nos conceda o PIA do centro de Ribas de Sil”, un servizo co que “xeramos en total 172 empregos directos”. Tamén engadiu que “fomos quen de amañar 400 quilómetros de estradas provinciais destinando 22M€”.

## Reeditan o Premio ao Turismo Sostible



A vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, presidiu a primeira reunión do ano deste órgano participativo e consultivo da Deputación. A proposta da institución provincial, os asistentes aprobaron a reedición do Premio ao Turismo Sostible, creado na pasada edición dos galardóns á excelencia turística e gastronómica coa finalidade de recoñecer iniciativas que contribúan á sustentabilidade turística no eido social, económico e medioambiental.

García Porto destacou a importancia de manter este recoñecemento, que “reforza as liñas de traballo que impulsamos dende a institución provincial para consolidar un modelo de turismo de calidade e sostible, con capacidade para atraer visitantes durante todo o ano, que pon en valor o patrimonio e que

contribúe a xerar riqueza e emprego, sobre todo no rural”.

“En 2022 apostamos por crear este galardón de xeito puntual como organizadores do VIII Foro Cidades e Territorios Creativos de España, do que fomos anfitrións como gañadores da Copa de España Creativa, pero creemos que mantelo no tempo é unha oportunidade para todas as empresas e entidades da provincia”, explicou.

Na primeira entrega do Premio ao Turismo Sostible, foi recoñecido o proxecto das Cabanas das Chousas polo seu labor de coidado e protección do medio ambiente co uso de caldeiras de biomasa, o bo mantemento do espazo para a prevención dos incendios forestais ou a instalación de contedores de reciclaxe. As Cabanas están situadas a varios metros do chan, nun bosque autóctono e están totalmente mimetizadas e integradas co entorno.

## Ratifican ao Consorcio de Bombeiros a vontade de facer fixos aos traballadores

A voceira socialista do Goberno e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, reuniuse no Pazo de San Marcos co novo comité de empresa do Consorcio Provincial de Bombeiros. Un encontro que se produciu a petición dos traballadores para abordar asuntos de interese para ambas as partes.

A deputada trasladoulles o compromiso de colaboración do Presidente da institución, José Tomé Roca, e ratificoulles que ten “total vontade” -de acordo con informes técnicos xa elaborados- de facer fixos aos traballadores sacando adiante un proceso de estabilización laboral en aplica-

ción dunha sentenza de unificación de doutrina que ditou o Tribunal Supremo con respecto ao caso dunha traballadora do SAF de Navarra. Este ditame xudicial abre a porta a darlles estabilidade e seguridade laboral aos traballadores dos parques de bombeiros, sen que teñan que pasar por un proceso selectivo.

Así mesmo, Pilar García Porto reiterou que a Deputación considera razoables as cuestións introducidas polos representantes dos bombeiros na proposta do convenio colectivo e que está en disposición de chegar a un acordo para aprobalo canto antes. García Porto felicitou aos novos membros por resultar elixidos.



Friol inicia a instalación de fibra óptica no rural

O Concello de Friol poderá contar con fibra en todo o seu rural a finais de este ano 2023, se todo marcha segundo o previsto.

A empresa Extel, que é a adxudicataria do proxecto en cuestión, será a encargada de facer todo o proceso ata a fase final, na que se realizará o desenvolvemento da enxeñaría facendo as interconexións dentro de cada parroquia, e tamén entre as diferentes parroquias.

O que se está facendo agora é o replanteo, para ver a infraestrutura existente que se poida aproveitar para facer o despliegue da fibra, como é o tendido do alumeadado público ou o de Fenosa.

Unha vez feita esta parte, que está previsto que dure entre dez e doce semanas, procederase a realizar a enxeñaría necesaria para poder levar a cabo os traballos de desenvolvemento e instalación da infraestrutura, é dicir, instalación de postes, cables, e todo o que fose necesario. Gracias ao aproveitamento do amplo tendido xa existente no municipio, esta fase poderá reducirse no tempo e no importe empregado para a mesma.

Os primeiros traballos que se están realizando xa abarcan a case cen barrios das parroquias de Carlín, Bra, Anxeriz, Seixón, Miraz, Anafreita, Nodar, Roimil, Rocha, Silvela, Carballo, Xíá, Condes, San Cibrao, etc.

Dende que se empezaran os traballos xa levan cuberta algo máis de unha cuarta parte do territorio.

O CPI participa no programa educativo EduReferentes

Un total de 20 centros educativos de toda Galicia participarán este curso no programa educativo EduReferentes, unha iniciativa que achega ás aulas testemuños de mulleres galegas referentes que destacan pola súa traxectoria profesional de éxito.

Na provincia de Lugo os centros que participarán nesta iniciativa son o IES Terra Chá de Castro de Rei, o CPI López Suárez de Friol, o IES A Pinguela de Monforte, o IES de Monterroso e o IES Gregorio Fernández de Sarria.

Nos centros participantes desenvolveranse charlas de 50 minutos nas que dúas profesionais referentes galegas de diferentes sectores chegarán ao alumnado aos seus ámbitos profesionais. Nestas sesións traballárase co alumnado os mitos sobre os diversos perffs profesionais.

José A. Santos repetirá como alcaldable polo PP

José Ángel Santos volverá liderar a candidatura do Partido Popular nas eleccións municipais do próximo 28 de maio, aspirando a un novo mandato á fronte da alcaldía do Concello de Friol que ocupa desde 2015. Santos é alcalde dende o ano 2015, deputado provincial, presidente de GDR 4 e vicesecretario de Concellos Rurais do PPdeG.

Marca como obxectivo “seguir consolidando Friol como un concello atractivo para investir e vivir, creando novas oportunidades de emprego e crecemento socioeconómico”.

A dirección provincial destaca o apoio do electorado de Friol ao PP e o apoio ao traballo do actual representante e do seu equipo que repetiron en 2019 maioría absoluta, aumentando a confianza do 64,21% ao ano 2015 a case o 82%; “O mellor resultado do Partido Popular, remarcando, somos os Concellos da provincia”.

O popular, que forma parte do goberno local desde 2007, é deputado provincial do PP polo partido xudicial de Lugo na Deputación e presidente do GDR 4 Comarca de Lugo. Tamén preside o grupo local do PP de Friol, forma parte da xunta directiva do Partido Popular da provincia e do PPdeG, onde ademais, é vicesecretario de Concellos Rurais.



Neste sentido, destaca que se presenta “con máis forza que nunca” e co obxectivo de “seguir consolidando Friol como un municipio atractivo para investir e vivir, xerando novas oportunidades de emprego e crecemento socioeconómico”. É dicir, “Friol é un concello de referencia da provincia de Lugo”, asegura.

“O equipo de goberno leva oito anos traballando, facendo posible que aquí as empresas se asenten e mesmo gañando poboación”. Abonda con dicir, “o impacto que está a ter Friol no sector primario e empresarial, onde somos capaces de ser un efecto chamada para a implantación de novas empresas e proxectos innovadores en ambos sectores.”



A subdelegada destaca na vila o impacto dos programas de apoio á dixitalización

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, destacou o gran impacto que está a ter o programa Kit Dixital na provincia co que o Goberno concede axudas a máis de 2.000 empresas e autónomos lucenses para dixitalizar os seus negocios. “Son un total de 8 millóns de euros os que levamos inxectados en Lugo a través deste plan de axudas para transformar o noso tecido produtivo e facelo máis competitivo, demostrando, unha vez máis, que os fondos do Plan de Recuperación están a chegar a todos os sectores”, salientou.

Isabel Rodríguez desprazouse a Friol para visitar a ecotenda de Tralograo, unha empresa familiar beneficiaria do bono do Kit Dixital que produce, transforma, elabora e comercializa carnes ecolóxicas certificadas bovina e avícola de produción propia. Alí, a súa xerente explicoulle que grazas

á axuda de 6.000 euros do Goberno poderán modernizar e renovar a páxina web e contratar a unha empresa externa a xestión das redes sociais e a mellora do posicionamento do negocio en internet, co fin de profesionalizar máis o seu e-commerce no que ademais de produtos elaborados por eles, venden diferentes alimentos de orixe ecolóxico.

Por iso, puxo en valor iniciativas como o programa Kit Dixital que “permiten aos autónomos e ás pemes subirse ao carro dixital con solucións acordes á súa situación”.

Estas subvencións do Goberno teñen como finalidade avanzar na dixitalización de áreas clave como presenza na internet, deseño da web, venda electrónica, xestión de clientes e provedores, oficina dixital, redes sociais, xestión e automatización de procesos e ciberseguridade.

O GES recibe un novo vehículo valorado en 150.000 euros

O GES de Friol conta desde este xoves con un novo vehículo, valorado en 150.000 euros, co que poderá facer un mellor e máis rápido traballo en caso de ser necesario intervir en calquera dos cinco concellos aos que dan cobertura os doce profesionais que nel traballan. Os municipios que cubre este grupo son os de Friol (onde está a sede), Begonte, Guitiriz, Palas de Rei e Outeiro de Rei.

Fíxose entrega de seis furgóns, por parte da Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Emerxencias, aos grupos de emerxencias de Friol, Mugarbos, Padrón, Ortigueira, A Gudiña e A Veiga. Por parte do Concello de Friol, a persoa encargada de recibir este vehículo, foi o coordinador do GES, e concelleiro de Friol, Enrique Barreiro.

Este Furgón de Servizos Varios de primeira saída con tracción 4x4, permitirá tanto o transporte de auga para extinción de pequenos incendios, como o transporte de material para servizos varios para intervención en zonas de difícil acceso debido a tipoloxía de firme, pendente ou estreiteza das vías de paso.

Ademais, este furgón, trae un equipamento auxiliar individual, moi útil para os traballos que realiza o persoal encargado de estes Grupos de Emerxencias. Entre outras cousas aportan un ventilador portátil con batería, unha serra sabre a batería, un trade combinado a batería, dúas lanzas profesionais tipo pistola, dous batelumes extensibles, un facho de goteo, lanternas, focos, cámara térmica, mochilas extintoras, escaleira



extensible, bomba eléctrica sumerxible, equipo de bomba de alta presión, kit de material diverso específico de rescate en altura.

Todo este material será moi útil para que as intervencións que teñen que facer estes profesionais sexa o máis rápida, boa e segura, para todas as persoas implicadas.

Dende Friol, onde está a sede do GES, o seu alcalde Jose Á. Santos re-

salta que “este novo Furgón de Servizos Varios que nos facilita a Xunta de Galicia, xunto con todo o material que trae a maiores, será moi importante cando o noso grupo teña que intervir en determinadas situacións, que agora serán moito máis áxiles, cómodas e seguras, polo que quero agradecer unha vez máis a implicación do Goberno Autonómico con Friol”.



## rábade

## A Deputación inicia a mellora da rotonda do polígono e dunha vía

A Deputación de Lugo vén de comezar as obras de mellora do firme e a seguridade viaria en dúas estradas provinciais ao seu paso polo municipio de Rábade cun investimento de case 50.000€. Trátase da vía que comunica o núcleo da localidade con Vilar de Seo e tamén a glorieta do polígono industrial. Por unha banda, a institución acondiciona o firme da LU-P-5103, que comunica Rábade con Vilar de Seo nos 400 metros da vía. Os traballos consisten na reapertura de cunetas na LU-P-5103, eliminando a vexetación e os soterramentos para beneficiar o sistema de drenaxe desta estrada. Logo pavimentarase a vía con aglomerado en quente e farase a sinalización correspondente. A Deputación renova así mesmo a glorieta do polígono industrial da localidade, que é a que comunica a LU-P-5101 (de Rábade a Friol), coa LU-P-5104 (de Rábade a San Martiño de Caboi). Os traballos consisten na reposición do pavimento con aglomerado en quente, xa que se atopa deteriorado ao ser unha



vía que soporta unha alta densidade de tráfico de gran tonelaxe. Unha vez finalizada a pavimentación, realizarase o pintado das vías mediante marcas viarias reflexivas brancas.

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, salienta a importancia das actuacións porque estas estradas dan servizo a moitos veciños e veciñas, e dan acceso ao polígono industrial, que mantén un nivel alto de tránsito de camiós e coches cada día. Do mesmo xeito, recalca que “a mellora das comu-

nicacións é unha prioridade para a Deputación porque defendemos a mobilidade como un dereito básico dos veciños e veciñas da provincia. Unha boa rede de estradas é fundamental para o equilibrio territorial e para o desenvolvemento do rural, porque axuda a fixar poboación e a achegar os servizos”. A Deputación de Lugo destinou dende o ano 2019 ao concello de Rábade máis de 1,4M€ a través de diferentes vías de actuación que melloran os servizos e a calidade de vida dos veciños e veciñas.

### Remedios González volverá encabezar o PP nas municipais

A actual voceira do Grupo Municipal Popular, Remedios González Cabarcos, será de novo a candidata do PP á Alcaldía de Rábade tal e como o aprobou a xunta xestora do PP local. González Cabarcos xa encabezara a lista nas pasadas eleccións municipais do 2019 e nas do 2015, onde as súas candidaturas foron a máis votada por enriba da do actual rexedor que pactou cos socialistas para gobernar á Alcaldía.

A candidata popular foi presentada nun acto que contou coa presenza do secretario xeral do partido, Javier Vázquez Nodal, o coordinador xeral, José Manuel Balseiro, o senador do PP José Manuel Barreiro, alcaldes e deputados provinciais da zona; ademais de afiliados e simpatizantes que a arrouparon á candidata que ten o reto de lograr a Alcaldía. Remedios González Cabarcos é pedagoga e actualmente dirixe o CEIP Otero Pedrayo tras unha traxectoria de 30 anos como docente e 16 como directora de centros educativos. Especialista en Educación Musical e Experta Universitaria en Tecnoloxías para a Educación e o Coñecemento coordina e participa como relatora en diversos cursos e foros educativos.

## Premio para os Coira na previa dos Mestre Mateo



Allariz acolleu a xuntanza de finalistas dos XXI Mestre Mateo, a antesala da gala de entrega de premios que se celebrará en Ourense o vindeiro 11 de marzo, onde foi premiada a serie Rapa, dos irmáns rabadenses Pepe e Jorge Coira. Os premios especiais da XXI edición dos Mestre Mateo recaeron nas longametraxes *O corpo aberto*, *Valentina* e *O home e o can*; a serie *Rapa* e a curtametraxe *La entrega*.

A Xerente de Galicia Calidade, Ana Méndez, entregou o Premio Galicia Calidade á promoción exterior, que recaeu na serie *Rapa*: “unha produción que revelou a milleiros

de espectadoras e espectadores as espectaculares paisaxes das Rías Altas, ao tempo que resultou premiada, recoñecida pola crítica e adorada polo público.”

O acto continuou coa tradicional fotografía de familia. Como novidade da presente edición, as finalistas recibiron unha bolsa de agasallos.

A primeira rolda de votacións situou a *Rapa* como a produción máis votada entre as 194 que se presentaron aos XXI Premios Mestre Mateo, con 19 candidaturas finalistas, seguida por *O corpo aberto*, con 16, *Código Emperador*, con 8 e *Unicorn Wars*, con 6.

## portomarín

## Crearán un Centro de Atención a Maiores



O Pazo de San Marcos acolleu a firma do convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e o Concello de Portomarín para crear un Centro de Atención a Maiores neste municipio. Un acordo a través do que a institución provincial compromete 1,6M€, mentres que o Concello asumirá 200.000€. “Neste mandato conseguimos abrir 6 residencias de maiores. Polo tanto, coas tres que había xa en marcha, hoxe temos na Deputación de Lugo unha rede de 9 centros de atención a maiores noutros tantos concellos da nosa provincia”, subliñou o presidente. “Un fito importante”, engadiu, pero “non nos quedamos aquí”.

“Seguimos traballando, dedicando un enorme esforzo económico e de xestión, para cumprir con todos os compromisos que temos cos concellos en materia de residencias”, incidiu José Tomé, que enmarcou neste traballo intenso e continuo a firma do convenio de Portomarín.

Explica Tomé que seguirá “o modelo asistencial que temos implantado nesta institución”. Desta forma, “en consenso co alcalde, pasamos de vivendas tuteladas a unha residencia con practicamente un coidador por residente, que favorece o arraigo das persoas maiores, e que crea actividade económica e emprego”, explicou.

## O Concello vende unha vivenda no centro



O Concello de Portomarín sacou durante o mes de xaneiro a poxa pública un inmoble situado no centro da localidade, propiedade que conta con aproximadamente uns 150 metros e que saíu ao mercado por un prezo inicial de case 290.000 euros.

A poxa do inmoble, que está situado na rúa Fraga Iribarne, recibiu dúas ofertas sendo finalmente a máis elevada a que se fixo ca propiedade do inmoble. O obxectivo destes novos propietarios é a súa reforma para ampliar un negocio

de hostel que xa rexentan na actualidade na localidade.

Pola súa banda o Concello de Portomarín vai destinar os ingresos obtidos deste proceso a realizar a construción dun aparcadoiro subterráneo que estará ubicado no Campo da Feira. Este proxecto será cofinanciado a través dun convenio de colaboración coa Xunta.

O Concello de Portomarín xa realizou noutra ocasión un proceso similar coa venda de dúas vivendas anexas que serviron para investir na reforma do Pazo de Paredes.



# Convocado o I Concurso de Tapas para marzo

O Concello de Castroverde organiza o primeiro Concurso de Tapas co obxectivo de dinamizar o sector e poñer en valor a oferta gastronómica. O concurso celebrarase os días 3 e 4 de marzo e participarán diferentes establecementos de hostalaría cunha única tapa cada un. O horario para poder desfrutar das tapas será de 20.30 a 23.00 cun prezo de venda ó público entre 3 e 4 euros. O Concello de Castroverde entregará a cada participante nesta cita gastronómica antes do primeiro día de comezo do concurso unha urna e folletos



para que os clientes poidan emitir o seu voto, que colocarán nun lugar visible.

# Pablo Figueras será en maio o candidato do PP á Alcaldía

Pablo Figueiras Reguera é o novo candidato do Partido Popular de Castroverde para optar á Alcaldía nas vindeiras eleccións municipais. Figueiras Reguera, natural de Castroverde, trasladou os seus agradecementos á dirección provincial “pola confianza depositada nel para intentar recuperar un concello que leva anos estancando con este alcalde”. Figueiras márcase como obxectivo principal a “recuperación da

alcaldía para renovar Castroverde a través do fomento de certos sectores que axudarán a recuperar o esplendor que xa tivo no seu momento”. Neste sentido, o empresario expresa a súa “ilusión e responsabilidade por ter a oportunidade de facer de Castroverde unha referencia a nivel provincial e traballar polos veciños e veciñas”. Desde a dirección provincial amosan un apoio incondicional ao proxecto de Figueiras.

# Renden homenaxe a Manuel Cordeiro Pérez



Castroverde acolleu unha homenaxe a un dos seus fillos ilustres, Manuel Cordeiro Pérez, destacado deputado republicano socialista da localidade e un forte impulsor do sufraxio feminino. Ao acto acudiron o presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, xunto ao alcalde de Castroverde e deputado de Cooperación e Asistencia aos Concellos, Xosé María Arias. Durante o acto tivo lugar a inauguración da escultura en memoria de Manuel Cordeiro Pérez, nado na parroquia de Riomol e que para o que o Concello de Castroverde organizou este acto en conmemoración do 8-M, Día Internacional da Muller.

Asistiron tamén a concelleira de Cultura, Deporte, Educación e Xuventude, Pilar Ferreiro; o escultor e creador do busto, Miguel Couto; o historiador e cronista oficial do concello de Castroverde, Ricardo Polín; e distintos representantes locais, ademais de veciños e veciñas. A homenaxe foi impulsada por Cristina Castedo Pereira, veciña do municipio. O presidente da Deputación destacou a importancia do traballo realizado por Cordeiro Pérez e destacou “a súa loita pola igualdade real. Un feito polo que aínda hoxe seguimos loitando dende a sociedade e dende a política”. O grupo local Zuncurrundullo puxo a música.

# A ITV móbil agrícola visita a vila

A unidade móbil da Inspección Técnica de vehículos agrícolas desprazarase ao concello no mes de marzo. Entre os días 9 e 16 de marzo a ITV estará no aparcadoiro das piscinas en Castroverde en horario de 9.00 a 13.30 horas e

de 15.15 a 18.00 horas. O día 10 o horario será exclusivamente de mañá de 9.00 a 13.30. As persoas interesadas deben solicitar cita previa chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web [www.sycitv.com](http://www.sycitv.com).

# Remata o V Congreso Internacional Aeronáutico en Rozas

O talento, unha maior cooperación entre empresas para acadar máis capacidade de investimento privado e a sustentabilidade como oportunidade e elemento diferenciador son tres dos grandes retos da industria aeronáutica e aeroespacial segundo o informe de análise económica do sector e o seu sistema de valor elaborado no marco do Observatorio Galego da Industria Aeroespacial. O Centro de Investigación Aeroportada de Rozas (CIAR) foi escenario do V Congreso Internacional Aeronáutico e Aeroespacial que deu continuidade á xornada monográfica sobre o Polo Aeroespacial de Galicia celebrada no mesmo emprazamento. No congreso presentáronse os tres primeiros informes do Observatorio Galego da Industria Aeroespacial, relativos á análise económica do sector, á análise da cadea de valor en Galicia e a súa integración nas cadeas de valor nacionais e internacionais nos ámbitos civil e de defensa e ao financiamento da I+D no segmento dos sistemas non tripulados na Unión Europea. Durante o congreso, púxose en valor a importancia do investimento público, que atrae investimento privado e empresas tractoras, como é o caso da Civil UAVs Initiative, e destacou o labor de promoción dos sistemas non tripulados realizada pola Xunta de Galicia que supuxo a consolidación deste segmento na Comunidade, propiciando a creación de empresas cun forte potencial de crecemento no deseño, operación e explotación de sistemas aéreos non tripulados.

# Presentan o Pasaporte Gastronómico do xeodestino Ancares Terras de Burón

O concello fonsagrado acolleu a presentación do novo Pasaporte Gastronómico do Xeodestino Ancares Terras de Burón, unha nova acción turística que promocionará as 14 festas e feiras máis significativas dos concellos deste territorio. Rivera Capón puxo en valor este proxecto “tan interesante e positivo para o desenvolvemento desta zona”, pois supón “un atractivo de excepción que complementa unha oferta turística baseada na riqueza desta terra e no carácter acolledor das súas xentes”. “Sen dúbida, unha das mellores maneiras de coñecer

un territorio é facelo desfrutando das súas festas populares e festas tradicionais. Aquí temos 14 propostas, unha por cada un dos concellos deste territorio, un feito que invita a descubrir cos cinco sentidos este destino”, asegurou o deputado. Destacou o traballo que se está a facer desde o GDR Montes e Vales Orientais, presidido polo alcalde fonsagrado, na promoción do turismo e desenvolvemento rural neste espazo protexido. “Esta terra ten boa comida, produtos de calidade excepcional, establecementos hostaleiros para desconectar da rutina diaria,

as rutas xacobeas, paisaxes impresionantes, e algo moi importante, a profesionalidade e o trato acolledor que ofrecen os profesionais do sector turístico e hostaleiro desta comarca”, subliñou. O Pasaporte Gastronómico Terras de Burón promocionará as festas e feiras máis destacadas dos 14 concellos que forman parte deste territorio. A Feira do Butelo da Fonsagrada foi o primeiro evento e seguiu pola Festa da Androlla en Navia de Suarna. O 19 de marzo continuarán coa Feira do Gando en Becerreá; o 7 de abril, a Festa do Queixo do Cebreiro en Pe-



drafito; o 15 de abril, a Festa do Viño en Negueira de Muñiz; o 1 de maio, a Festa da Troita, na Pontenova; o 13 de maio, a Festa da Troita, en Ribeira de Piquín; o 21 de maio, a Feira da Empanada nas Nogais; no mes de maio, a Feira en Defensa do Gandeiro de Montaña, en Cervantes; o 24 de agosto, a Festa do Emigrante en Pol; o 27 de agosto, a Festa da Malla en Meira; o 27 e 28 de agosto, San Vitorio en Baralla; e no mes de setembro, a Feira do Mel en Baleira.

# A Deputación aproba un investimento para a mellora dunha vía

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou un novo investimento mellorando a rede de estradas provinciais. Así, foron adxudicadas as obras no cinto comarcal que circunvala a contorna de Lugo, a LU-P-1611, á altura do límite entre os concellos de Castroverde e Pol. O proxecto consiste na construción dunha nova ponte sobre o río Azúmara e o acondicionamento do firme, e conta cun orzamento que supera o medio millón de euros: 510.997,46€. O prazo de execución é de 12 meses, unha vez iniciados os traballos.



# Finalizan as obras que completan o abastecemento de auga

A Xunta, a través de Augas de Galicia, vén de finalizar as obras da segunda fase da mellora do abastecemento ao Concello de Castro de Rei, cuxa execución comezou a principios de xullo.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, comprobou hoxe o resultado dos traballos, que completan a primeira fase realizada en 2021. En total, o Goberno galego destinou algo máis de 1 M€ a optimizar a rede de subministración de auga potable do municipio.

A última actuación contou cun orzamento autonómico de 380.900 euros -incluídas as obras e a contratación da asistencia técnica e da dirección facultativa- para mellorar as condicións de presión na rede de abastecemento no núcleo de Castro de Ribeiras de Lea e no polígono industrial.

Este segundo proxecto centrouse na execución dun ramal que, partindo dun tramo que se desenvolveu na primeira fase, mellora a co-



nexión co polígono industrial. Para acometer este ramal, empregouse unha condución de máis de 1,5 km con tubaxe de polietileno de 225 mm de diámetro.

As obras foron executadas a través dun convenio entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Castro de Rei. A través deste acordo, a Xunta achegou o 80% do orzamento e a entidade local o 20% restante. A actuación foi cofinanciada pola Unión Europea con fondos FEADER.

Arias lembrou que a primeira fase tivo un orzamento de 650.400 euros -incluída a asistencia técnica e a dirección facultativa das obras- por parte da Xunta e consistiu na construción de dous tramos de tubaxe de abastecemento de fundición no núcleo de Castro de Ribeiras de Lea e nas inmediacións do termo municipal. Tamén se executaron varias arquetas de formigón armado para aloxar as ventosas e desaugues proxectados, así como as conexións coa rede existente.

## O Pleno acorda crear unha área infantil na Ponte de Outeiro



Os socialistas de Castro de Rei sacaron adiante no último Pleno municipal unha proposta, que foi aprobada por unanimidade, para habilitar unha zona infantil de xogos na Ponte de Outeiro, co fin de dar resposta ás demandas da veciñanza.

Esta iniciativa contribuirá a mellorar a calidade de vida nesta parroquia, tanto dos pequenos como das súas familias, xa que este espazo axudará á socialización dos nenos e nenas, e tamén servirá como zona de unión e convivencia para as familias e veciños. Concretamente aprobouse colocar varios elementos de xogo e espaxamento ao carón do parque biosaludable, xunto ao campo da festa.

“Tras percorrer as parroquias do noso concello e escoitar á veciñanza, seguimos presentando propostas e iniciativas que nos trasladan en primeira persoa, para poder construír e vivir no concello que queremos. Castro de Rei merece un futuro mellor e nós seguiremos traballando para conseguirlo”, sinalan dende o PSdeG.

## Aumenta a contía dos premios do tradicional concurso de Entroido

Castro prepárase para a última cita co Entroido, o día 4 de marzo organizada polo colectivo Culdecastro.

A festa grande será en Castro de Ribeiras de Lea e arrancará a partir das 12.00 coa actuación de Os Valeros de Castro de Rei, para continuar, ás 13.30 horas, coa sesión vermú a cargo de Stereo Show.

Ás 16.30 horas será a vez do desfile de Entroido no que se repartirán máis de 7.000 euros en premios, animado por David Expósito de Orquesta FM. Na categoría infantil haberá tres premios a nivel individual e tres de parellas, con premios entre os 60 e os 25 euros no primeiro grupo e de 100 a 40 no segundo. Para grupos os premios serán tamén 3 e estarán entre os 300 e os 75 euros.

Ademais, haberá tamén catro premios para adultos en individual, de entre 150 e 50 euros, e de parellas, de 200 a 80. Ademais, na categoría comparsas e carrozas repartiranse 1.000, 500, 400, 399 e 200 euros.

Por outra banda, establécense un



premio especial para as comparsas do Concello de 400 euros.

Para participar no concurso requírese inscrición previa ata o 2 de marzo nos teléfonos 687 730 688 e 627 395 007 e 695 793 050.

A festa rematará cunha cea aberta a todo o mundo a partir das 21.00 horas a base de sopa de cocido, chourizo, morro, orella, lacón, rabo, patacas, verduras e garavanzos. A cea será na caseta do polbo. A verbena porá o fin de festa a partir das 23.00 horas coa orquestra Stereo Show de novo e con DJ David Expósito. A festa terá lugar na praza da vila, na carballeira, baixo unha carpa climatizada e haberá sorteo de premios.



## O proxecto Ningún aro sen rede achegouse ata a localidade

O director da Fundación Breogán, Salva Arco, e a directora da UNED de Lugo, Ana Traseira, acompañados de Maximus visitaron os colexios CEIP Ramón Falcón e o CEIP Veleiro do Campo dentro do Proxecto Ningún Aro sen Rede.

Agora mesmo nas canastras destes dous colexios locen as novas ecnets de Ecoballution.

Os dous colexios sumáronse a esta campaña da Fundación Breogán, xunto coa UNED Lugo e Ecoballution, a prol da reciclaxe e da economía circular. Ademais recibiron cadanseu contedor de reciclaxe de aparellos de escritura para xerar puntos que se monetizan en diñeiro destinado a fins sociais.

Na actividade estiveron presentes o director da Fundación, Salva Arco, que lles explicou ós nenos e

nenas presentes en que consiste como funcionan se obteñen as redes de Ecoballution e como naceu o proxecto, pola súa parte a directora da UNED, transmitiulles a importancia da reciclaxe e da economía circular. Xuntos comprobaron que as redes de Ecoballution funcionan á perfección mediante un reto entre a rapazada dos colexios no que se repartiron entre outros premios entradas para poder ver ao CB Breogán no Pazo.

No CEIP Ramón Falcón as integrantes do proxecto foron recibidas con animación musical incluída. Destacando desta visita a gran implicación dos mestres/as, que participaron activamente nos concursos.

A actividade rematou con Maximus asinando autógrafos e posando para fotos coa rapazada.



## O PSOE inaugura a nova sede

O Secretario Xeral do PSdeG na provincia de Lugo, José Tomé Roca, participou este mércores na inauguración da nova sede dos socialistas de Castro de Rei, situada no número 12 da praza García Abad de Castro de Ribeiras de Lea. Un encontro no que acompañou á candidata socialista, Alba Sinde, e ó que acudiu o Secretario de Estratexia e Acción Electoral da Comisión Executiva Federal do PSOE, Javier Izquierdo, xunto á Secretaria de Organización provincial, Pilar García Porto, o Secretario Xeral da agrupación de Castro de Rei e voceiro municipal, José Luis Castro

Tellado, o ex Alcalde socialista do municipio Juan José Díaz Valiño, entre outros cargos orgánicos e representantes institucionais, e afiliados e afiliadas.

José Tomé subliñou que coa nova Casa do Pobo de Castro de Rei, “os socialistas reforzamos a nosa vontade de estar cerca da xente”. A situación do local, moi céntrico e a pé de rúa, incidiu, “é un reflexo do noso compromiso de estar sempre pegados ó día a día dos veciños, a carón das persoas, para traballar con elas de cara a mellorar a súa calidade de vida e por un futuro de progreso”.



## Reunión coa veciñanza de dúas concentracións parcelarias

Representantes do Goberno autonómico mantiveron unha reunión con veciños para presentar-lles as dúas novas concentracións parcelarias decretadas neste municipio. Así, o concelleiro destacou que estes procesos permitirán reorganizar a estrutura territorial de 2.451 hectáreas de superficie, beneficiando 833 titulares e cun orzamento previsto de 7,3 millóns de euros. Así mesmo, segundo o tratado no encontro, tamén se impulsará unha zona de permutas

de especial interese agrario, no marco da Lei de recuperación da terra, na liña das de Friol. Concretamente, na zona de San Fiz de Paz reorganizárase unha superficie de 1.146 hectáreas distribuídas en 1.678 parcelas, propiedade de 313 veciños. No tocante á zona de Arcos-Sobrada de Aguiar-San Lourenzo de Aguiar, reestruturárase unha superficie de 1.305 hectáreas distribuídas en 3.039 parcelas, propiedade de 520 veciños.

## o corgo

## Celebran en marzo un taller comunitario de coidados

O Corgo acolle o taller comunitario Coidar a quen coida que dará comezo o martes 14 de marzo en horario de 10.00 a 12.00 no Centro Sociocultural. Este taller está destinado as persoas coidadoras de persoas enfermas e dependentes.

As persoas que se ocupan do coidado dun familiar enfermo ou con

dependencia presentan en ocasións malestar que tende vivirse en soidade e afecta á súa saúde e benestar. Por iso este grupo de apoio busca xerar un espazo onde as persoas coidadoras podan compartir a súas situacións e sentirse acompañadas. Para obter máis información pódese acudir ao centro de saúde.

## Francisco Otero será o candidato do PSOE á Alcaldía en maio

Francisco Otero, portavoz socialista no concello do Corgo, será o candidato do partido á Alcaldía nas vindeiras eleccións municipais do 28 de maio. A militancia do municipio revalidou nunha asemblea por unanimidade a confianza en Otero, que concorreu por primeira vez ós comicios locais en 2019.

O secretario xeral da agrupación local e deputado no Congreso, Javier Cerqueiro, destaca a “forza e ilusión” coa que afrontan os socialistas do Corgo este proceso, apostando “polo traballo en equipo e un novo modelo de relación coas parroquias para darlle ó noso concello o impulso que necesita despois de anos sen iniciativas nin proxectos novos”.

Francisco Otero agradeceu a confianza dos militantes e amosou o seu desexo de levar adiante “un proxecto que converta ó Corgo nun lugar de oportunidades e rache coa sensación de desarraigo que están xerando as malas políticas do PP”.

O candidato sinalou que os populares toman como escusa a extensión



do concello – 38 parroquias nunha superficie de 157 km<sup>2</sup> – para facer unha xestión “que non escoita a ninguén e que busca acentuar as discordias en favor dos seus intereses partidistas”.

“Moitos veciños e veciñas senten máis identificación con concellos veciños que co propio seu, e iso é co que queremos acabar”. Para recuperar esa sensación de pertenza “e levar adiante un proxecto de mellora para todos e todas”, Francisco Otero quere “colocar a atención ás parroquias no centro da política municipal, celebrando Xuntas de Goberno do Concello en locais das asociacións das diferentes parroquias”.

## Presenta as actividades vinculadas á muller do primeiro semestre

O alcalde, José Pardo Lombao, e a concelleira de servizos sociais, María José Martínez Vigo realizaron a presentación das Actividades de Promoción da Muller 2023. Finalizada a mesma abriuse xa o prazo de inscrición ata o día 8 de marzo para as actividades programadas para o primeiro semestre do ano.

Entre as actividades que dan comezo figuran varios obradoiros e unha viaxe a Silleda, entre outras actividades. Comezase cunha actividade de prevención e control do estrés e da ansiedade con técnicas de relaxación impartido pola psicóloga Tania Merelas Iglesias.

Ademais, Amparo Grandío Rodríguez impartirá unha sesión de elaboración de conservas de froitas, verduras e escabeches. Haberá tamén un obradoiro de arte floral.

**OUTRAS ACTIVIDADES.** Persoal técnico de Academia Postal atenderá e resolverá as dúbidas tecnolóxicas das persoas que desexen achegarse á aula informática nas mañás dos sábados do 18 de marzo ao 13 de maio; pódese asistir sempre previa reserva de praza no tfno. da Casa da Cultura (982 393 408), establecéndose para esta actividade, con independencia



do número de sesións ás que se asista, unha única cota de 10 €.

Farase tamén unha viaxe á Semana Verde de Silleda. Nesta feira multisectorial pódense atopar un escaparate único con variedade de produtos: alimentación, turismo, caza, pesca e natureza.

Por outro lado, con motivo da celebración do Día Internacional da Muller o 8 de marzo e trala boa experiencia do ano pasado que permitiu coñecer a 8 mulleres do municipio, ver a diversidade na que viven tanto no que se refire ao mundo laboral como aos distintos puntos de vista e as percepcións que teñen sobre a igualdade, o Concello de Outeiro de Rei volve repetir esta iniciativa pero

dándolle un xiro e pretendendo facer unha homenaxe nesta edición ás mulleres maiores do municipio, mulleres inspiradoras doutras moitas, mulleres que abriron camiño.

Este vídeo estase realizando nestas datas pola empresa oureira de comunicación BuleBule.

A programación prevista para 2023 completárase, xa no segundo semestre do ano, con outras actividades como tecendo con fibras vexetais, taichí, produtos de limpeza ecolóxicos e para conmemorar o 25N, a andaina popular contra a violencia de xénero.

Pódese acadar máis información ou realizar as inscricións na Casa da Cultura ou no teléfono 982 393 408.

## A casa de Manuel María convoca o segundo concurso de composicións musicais

Casa-Museo Manuel María vén de facer públicas as bases da segunda edición do Concurso Manuel María de Composicións Musicais. O certame ten por obxecto premiar a mellor canción lírica, para voz e piano, escrita sobre un poema de Manuel María.

O concurso está aberto á participación de todas as compositoras e compositores que o desexaren, tendo de prazo até o 15 de xuño. As composicións deberán ser orixinais, inéditas, sen estrear e cunha duración máxima de cinco minutos e mínima de dous minutos e medio. A canción presentada terá que ser sobre un poema, de libre elección da persoa concursante, de entre todos os escritos por Manuel María e estará clasificada dentro da modalidade de canción galega.

Na presente edición as composicións estarán escritas para voz de soprano con acompañamento de

piano, estando previsto que isto cambie todos os anos, xa que o pasado foi para barítono.

O certame convocado conta cun único premio en metálico de mil euros para a composición gañadora ao que hai que engadir a publicación das partituras das persoas finalistas e a súa distribución gratuita a todos os Conservatorios de Música de Galicia.

O concurso desenvolverase en dúas fases de xeito que na primeira o xurado seleccionará un máximo de catro cancións finalistas que pasarán a unha segunda fase e que se fará público o 15 de xullo. Na fase final determinarase a canción gañadora entre as designadas como finalistas na primeira fase. Para iso levarase a cabo un acto con concerto público que terá lugar no Auditorio da Casa-Museo Manuel María o sábado máis próximo ao aniversario do escritor.

## O Pleno acorda instar á Xunta a que aumente as axudas á produción ecolóxica

O Grupo Socialista defendeu unha moción instando á Xunta a aumentar o presuposto das axudas para a produción ecolóxica para cada ano do período 2023-2027. Esta proposta foi aprobada por unanimidade.

“Agora evidenciamos un cambio de postura do PP, que tivo que recuar debido á presión social e tamén dos propios produtores que traballan neste sector, que denunciaron que o 54% das explotacións ecolóxicas de Galicia quedaron sen axuda”, advirten dende o PSdeG. A través desta proposta, reclamaron á Xunta completar con fondos propios a cantidade orzamentada no 2022 ata acadar os 5,6M€ que son necesarios para cubrir tódalas solicitudes.

Propoñen ao PP “fornecer economicamente o orzamento destinado para as axudas ás producións ecolóxicas para cada ano do período 2023-2027”, e instan á Xunta a “darlle publicidade e transparencia ás decisións adoptadas para público coñecemento das e dos produtores”.



# COLABORACIÓN

## O Chat GTP pon en risco o sistema educativo?

### O PUPITRE



Julio Díaz

**C**hatGTP é un chatbot, é dicir un robot de conversación, capaz de responder a preguntas e peticións expostas nunha linguaxe natural. Está baseado nun modelo por Inteligencia Artificial GPT-3 desenvolvido pola empresa OpenAI de Elon Mask. É un modelo con máis de 175 millóns de parámetros, adestrado con enormes cantidades de texto para realizar tarefas relacionadas coa linguaxe, desde a tradución ata a xeración de textos.

Trátase dunha intelixencia artificial que está adestrada para manter conversacións, de maneira que só tes que exporlle preguntas de maneira convencional e as entenderá, pois este revolucionario sistema é capaz de comprender a linguaxe coloquial e facer preguntas para obter información adicional sobre un tema. Estas características fan deste chat unha ferramenta moi útil, xa que pode darche unhas respostas moi acertadas e completas, mesmo de varios parágrafos. Ademais, nestas respostas é capaz de expresarse de maneira natural e con información moi exacta. ChatGTP pode utilizar toda a información ao seu alcance alma-

cenada na internet ata decembro do 2021 para devolver textos elaborados en só uns minutos ofrecendo unha vía ilimitada para os alumnos á hora de elaborar todo tipo de traballos.

A resposta, eficacia e verosimilitude coa que funciona ChatGTP fai que sexa moi sinxelo introducir varios datos craves no sistema e que devolva un completo e moi elaborado texto que nos resultará moi dificultoso diferenciar dun feito polo propio alumno.

Todos nos preguntamos onde irá parar esta gran innovación do ChatGTP, entendendo que chegou para quedar, polo que nos tamén debemos adaptar a nosa forma de ensinar ante este novo

desafío. Debemos tomar nota e evolucionar como xa o fixemos coa calculadora, cos tradutores, cos correctores ortográficos, con Google, ... ou mesmo, o que fixemos coa problemática vivida no peor da pandemia e noutras múltiples ocasións nas que o noso colectivo foi capaz de demostrar unha capacidade envexable de adaptación.

Engadir por último, que o deseño do ChatGTP non ten aínda unha versión final perfeccionada, está en fase de probas. Os seus creadores están a estudar a posibilidade de ofrecer unha ferramenta complementaria que nos permita detectar os textos elaborados por esa IA. Sería unha marca que nos

permitiría detectar os documentos elaborados polo chat. Seguramente, como todos estamos a imaxinar, esta ferramenta será de pago.

Nos, os docentes, mentres se perfecciona dita ferramenta, seguiremos tomando as medidas pertinentes para que non se faga un uso fraudulento da mesma. O que deben saber os nosos alumnos é que os docentes temos o mellor detector de fraudes elaborado ata o momento, que non é outro que, "o coñecemento das súas capacidades", sabemos quen é capaz e quen non á hora de examinar un traballo realizado por eles. A tecnoloxía avanza e NÓS TAMÉN.

## Tempo de Entroido

### COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

**N**un anterior número do xornal, nesta mesma columna, aludiamos aos diversos actos que teñen lugar durante o nadal, tamén nas zonas rurais, onde se pretende na medida do posible xerar un ambiente de alegría, tratando de contaxiar o entusiasmo das datas no conxunto da poboación, desde nenos ata vellos, pasando pola xuventude e mediana idade. E claro que si, agrádese observar durante as últimas semanas do ano vello e as primeiras do novo esas luces de cores que chaman a atención, as cabalgatas de reis, os mercados navideños, representacións de beléns e demais que contribúen a dar movida entre a veciñanza de vilas e aldeas. Pois apenas corenta días despois, outra efeméride, esta moito máis pagá, ten lugar, O Entroido. Sen

a duración das festas navideñas, este tamén se caracteriza polas comidas copiosas; os cocidos contundentes, logo das matanzas, pónense enriba da mesa. As partes do cocho son devoradas sen piedade, acompañadas deses grelos e caldo de navizas, para rematar cos típicos postres de orellas e filloas. Se un dos propósitos mentres comíamos as uvas coas baladadas era facer dieta, nestes días ráchase por completo. A ver logo na cuaresma se lle damos unha tregua, despois de realizar as correspondentes análises médicas, nas cales o máis probable é que nos indiquen que nos estamos pasando un pouco.

E a esa característica gastronómica cómpre engadirlle o aspecto lúdico e festivo que rodea O Entroido. Reiteramos de novo, unha e outra vez, aínda que cheguemos a ser cansinos, ao despoboamento e avellentamento da poboación rural galega, o que leva consigo que non se produza o desexado relevo xeracional, incidindo na perda de costumes que estaban

tan arraigadas nas nosas comunidades. A calquera persoa maior pódese escoitar o que significaba esta época do ano, onde existía o hábito de disfrazarse, escollendo modelos que non precisaban de moita elaboración e nos que non se investía nin un patacón; as máscaras saían polos camiños, sendo recibidas en tódalas casas, nas cales comían e bebían. A colaboración veciñal era completa, contaxiándose todos desa alegría. Na nosa bisbarra temos que recoñecer que os carnavais non teñen tanta significación como noutras partes do País, por exemplo a Ribeira Sacra ou na provincia de Ourense. Mais aínda así, con maior ou menor intensidade, sempre se celebraron. Nos últimos tempos, agás os tres anos de pandemia, que todo o afectou, observamos como se intenta reanimar esta festa tan galega, tan nosa. Vemos que os concellos organizan actividades, as asociacións de veciños e por suposto, os colexios. Así, podemos visualizar chamativos desfiles e concursos

### O RECUNCHO DE CANELINA



de disfraces, desenfadados bailes ou suntuosos banquetes populares.

E todo vale se é por boas causas, como dinamizar as zonas rurais, fomentar a participación da xente nos actos e a colaboración en-

tre as distintas xeracións. Por suposto, todo elo coa finalidade de disfrutar, porque a vida pasa moi axiña e convén, a poder ser, vivila con ledicia. O Entroido é unha desculpa para elo. Que non se perda e que continúe.

# LUGOXA

Para calquera suxestión,  
información ou comentario  
non dubide en poñerse en  
contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.

Dirección: Diego E. García Puente

Teléfono: 661 464 323

E-mail: redaccion@lugoxa.com

Impresión: Tameiga Publicacións S.L.

Dep. Legal: LU 56-2021

Teléfono 661 464 323

redaccion@lugoxa.com

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.



DEPORTES

A terceira proba do ‘Corre con nós’ será este mes en Ombreiro



O sábado 18 de marzo Ombreiro acollerá unha nova proba do circuío Corre con Nós. O percorrido terá lugar por unha das zonas verdes máis fermosas co fin de poñela en valor, onde os participantes poderán gozar da natureza nunha proba que é a segunda das 6 carreiras que integran o Circuíto Larsa Corre con Nós. O Corre con Nós enmárcase nunha aposta por fomentar actividades físicas deportivas en todas as modalidades e para todas as idades contando este ano cun elevado número de participantes que superan os 1.500 corredores. As vindeiras probas do circuío terán lugar o 23 de abril pola contorna do Centro Comercial As Termas, así como o 6 de maio pola Feira de Exposicións e o domingo, 11 de xuño no parque de Frigsa.

Troitas Bravas segue a liderar a liga de billarda



**Por Daniel Rodríguez Saavedra**  
Una densa néboa e un terreo blando foi o que nos recibiu no campo de fútbol A Veiga de Riotorto para disputar a oitava xornada da LNB da conferencia NorLeste. Oitenta e catro palanadores (60 homes, 17 donas e 7 cativos) que se esforzaron por superar os atrancos dun terreo mol e cheo de fondas pegadas de outras recentes e deportivas liortas e daquela non se agardaban altas puntuacións na xornada, e así aconteceu, os doce palanadores acadaron vinte ou máis puntos. Salientables sobre todos os máis foron o infalible Charli de Carabullo, Manu Pozo de Billardeiros Musicais e Tonho de Troitas Bravas, que empataron a vintecatro puntos e xogáronse entre eles os postos no podio, quedando por este mesmo orde. A Carabullo deulle un bo empurrón á presenza de Santi, que os levou a

gañar a xornada cun punto por riba de Troitas Bravas e catro máis que Billardeiros Musicais. O podio feminino copárono Sandra e Carme de Troitas Bravas seguidas de Aroa de Billardeiros Musicais. Entre os habituais infantís Mateu e Diego de Madia Leva, coouse desta volta como segundo o xovencísimo Roi de Troitas Bravas. A medida que o sol ía escorrendo un pouquiño a friaxe da mañá, foi rematando unha xornada difícil na que moitos dos veteranos se viron superados polos elementos e non se atoparon cómodos. O alcalde acompañounos e foi xunto con Sachas (artífice na organización deste evento) o encargado de entregar os premios aos gañadores. A seguinte xornada de San Miguel do 4 de marzo, coincide coa Candeloria de Lugo, polo que estase a falar de aprazala para o domingo día 5.

Nace Proxecto Persoas, un programa en Lugo de baloncesto inclusivo



Nace en Lugo o Proxecto Persoas, promovido pola Fundación Breogán en convenio coa Vicepresidencia da Deputación, proxecto social e inclusivo que responde á necesidade de ofrecer actividades relacionadas coa práctica deportiva, neste caso o baloncesto entre persoas con diversidade funcional, en idade infantil ou adolescente que actualmente non dispoñen de ningún tipo de oferta neste sentido. O proxecto Persoas pretende ofrecer unha actividade inclusiva que permita practicar baloncesto nas mellores condicións posibles, isto implica dispor dunha pista (pista principal do Pazo Dos Deportes) adaptada ás súas necesidades, sen barreiras arquitectónicas e con todo o material preciso e tamén supón dispor de adestradores, monitores, terapeutas e demais persoal familiarizado no traballo con este grupo de persoas. A actividade desenvolveranse na pista principal do Pazo dos Deportes todos os xoves, de 16.00 a 17.15 horas, durante os meses de

marzo, abril, maio e xuño. As sesións estarán dirixidas por Salva Arco, ex xogador do CB Breogán e director da Fundación Breogán, e Ángel Nadela, adestrador de baloncesto con experiencia no traballo con este grupo de persoas, que contarán co apoio de persoal dos colectivos que apoian este proxecto como Cogami, Down Lugo, Alume Saúde Mental, Raiolas Lugo ou Adace. Complementariamente á práctica deportiva, organizaranse actividades como visitas dos xogadores do C.B. Breogán ós adestramentos, asistencia a encontros do C.B. Breogán ou exhibición durante o descanso dun dos encontros, buscando normalizar a nivel social a práctica deportiva das persoas con discapacidades, xenerar as mesmas oportunidades entre as persoas con discapacidade e as que non as teñen, axudar na melloira do seu nivel de desenrolo motor e socio-afectivo, así como aumentar a súa autoestima, confianza ou autonomía.

Un mes para coller forzas

**Por Adrián Fernández**  
Con só dous encontros polo parón da Liga para xogar a Copa do Rei e polas convocatorias das seleccións, febreiro foi un bo mes para recuperar folgos e tamén aos mancados que no puideron xogar nas últimas xornadas. Comezaba o mes, outra vez na casa, recibindo ao Básquet Girona coa ilusión por parte da afección de poder ver xogar a Marc Gasol; ao final foi baixa de última hora e non puido estar pero o importante era o partido e a vitoria. Nos primeiros minutos a cousa estivo moi igualada e só os erros do Breogán e a experiencia dos xogadores do equipo catalán fixeron que estes se fosen ao descanso con vantaxe de 6 puntos, pero á volta dos vestiarios a cousa cambiou radicalmente da man de Momirov, que

remataría con 6 triples e 19 puntos e Happ con 20; metendo 58 puntos na segunda metade e os celestes levarían a vitoria por 92-70. O derradeiro encontro antes do parón sería contra o Barcelona alí en Cataluña. Unha cancha onde ninguén conseguíu gañar no que vai de Liga, e se sumamos isto ao feito de non poder contar con Bamforth e a xa coñecida baixa de Sergi Quintela, o resultado semellaba cantado xa antes de xogalo; ao final vitoria para os locais por 82-54. Agora tocaba descansar e desfrutar da Copa do Rei, unha Copa que se disputaría en Badalona e que deixaría moitas sorpresas polo camiño rematando co Unicaja de Málaga como merecidísimo Campión tras derrotar ao Barcelona primeiro e ao Real Madrid despois, antes de facer

o mesmo con Tenerife na final. Nesta edición non estaría o Breogán como equipo pero si tiñamos representación nela gracias a Maximus que foi nomeada como mellor mascota ACB por terceira vez, as dúas últimas consecutivas. Este premio unido ao premio Gigantes recibido á mellor afección demostra a presenza que ten o Breogán na competición e que as cousas van por bo camiño. Por último, e continuando coa representación celeste polo mundo do baloncesto, felicitar a Sergi García pola súa convocatoria coa selección española que se une así ás xa habituais de Nakic con Croacia e Hollatz con Alemaña, e a tamén novidosa convocatoria de Brajkovic con Austria que puido compartir equipo con outro exbreoganista como é Rasid Mahalbasic.



**VOLTA CICLISTA.** Previo á etapa inicial da proba ciclista O Gran Camiño, que se suspendeu finalmente pola neve, o equipo ciclista Caja Rural Seguros RGA visitou a sede de Caixa Rural Galega para recibir os ánimos e apoio do persoal da entidade. O presidente de Entidade, Manuel Varela, así como o Director Xeral, Jesús Méndez, deron a benvinda aos ciclistas a Lugo e a Galicia, agradecendo o detalle de introducir na súa estreita axenda unha visita á sede de Caixa Rural Galega.



# “Chego á galería, monto o arco e desconecto por completo do resto”

Ana Villar Fernández é membro do Club Escola Lucense de Tiro con Arco

## Cando e como entra a formar parte do club?

Dende os seus comezos o club está comprometido coa promoción e difusión do tiro con arco no eido do ensino, visitando colexios e institutos tanto da capital coma da provincia, nunha destas visitas ao instituto de Rábade os meus fillos coñecen o deporte, gustoulles e decidiron empezar. Como consecuencia de levalos a adestrar decido probar un día, gustoume e quedeime. E ata hoxe.

## Que é o que máis lle gustou deste deporte?

A min o que máis me gusta é que me axuda unha chea a desconectar de todo, con calquera cousa que teña que ver co traballo ou con algún problema. Chego alí, desconecto e esquézome de todo. Tamén me gusta moito o feito de que te relacionas con moitas persoas diferentes, de idades dispares, desde nenos que empezan con nove ou dez anos ata xente que xa está xubilada. Encantoume desde o primeiro momento o ambiente que había, pero sobre todo o feito de que chego á galería, monto o arco e desconecto por completo do resto. Axúdame moito a controlar o stres e a relaxarme.

## E a nivel deportivo?

Pois a nivel deportivo desfruto moito o bo ambiente que hai nas competicións, é un ambiente máis relaxado e educado que noutro tipo de deportes, a xente que está nas bancadas é moi respectuosa. As competicións son moi ordenadas e organizadas e a min resúltame moi divertido e desestresante, aínda que esteas a competir. O bo que ten o tiro con arco é que non te limita, teñas a idade que teñas podes competir, a idade non inflúe e por tanto é un deporte que podes manter ao longo do tempo.

Hai outros deportes onde o desgaste físico acaba por impedirche xogar. Pero no tiro con arco podes seguir competindo ou practicando aínda que teñas setenta anos, os arcos adaptanse á potencia que ti poidas abrir.

## Que cre que é o máis difícil de practicar tiro con arco?

Eu creo que o máis difícil é precisamente o que máis nos gusta a todos, aprender a desconectar, que cando te sitúes na liña de tiro sexas capaz de illarte de todo o que está a pasar ao redor e concentrarte só no que vas facer ti, sen importar o que fagan os demais. Eu creo que iso é o máis difícil, desconectar da contorna para que non che inflúa na competición.

## Canta xente forma parte do club?

Actualmente temos 50 licenzas cun abanico de idades dende os 6 anos de Hugo ata os 74 de Pepe. Calquera pode vir á escola a aprender a facer tiro con arco e non é necesario dispoñer de ningún material porque o propio club dispón do material e préstao.

## En cantas competicións teñen participado este ano?

No ámbito competitivo participamos, con gran éxito, nos torneos de ámbito autonómico de Escolas Deportivas Adarve coma la Liga Adarve de Equipos de Club, no que no ano pasado proclamámonos Subcampións. Por outra banda tamén participamos nos Campeonatos Oficiais da FGTA, sendo que, o pasado 4 de febreiro, vimos de participar no Campeonato Galego de Equipos, no que presentamos un equipo na Clase de Arco Tradicional e dous equipos máis na Clase de Arco Recurvado Olímpico no que nos proclamamos subcampións Galegos.

## Como sería unha rutina de adestramento?

Nós o primeiro que facemos é levar un control de temperatura e tensión, despois facemos un queceamento suave e a continuación temos un tempo onde realizamos exercicios de coordinación, por parellas ou grupos. Despois hai uns trinta minutos de exercicio suave asociado ao deporte que practicamos como fortalecer brazos, ombreiros, costas e pernas e a partir de aí o que facemos o resto do adestramento é practicar o tiro. Tamén temos un apartado no que facemos traballo mental para mellorar a concentración e hai un día á semana que facemos un control de tiro.

## Que obxectivos teñen para esta tempada?

A nosa tempada vai de outubro a setembro, nós temos dúas etapas diferentes porque no inverno practícase o tiro con arco en sala e a partir dos campionatos galegos, mais ou menos en febreiro ou marzo, empeza a tempada de aire libre. Tírase a distancia totalmente diferentes, en sala é a unha distancia de 18 metros mentres que en aire libre poden ser 30, 70, 90 dependendo da túa categoría e a túa idade.

Nós agora a nivel escola estamos con torneos de escolas de tiro, vimos facendo un ao mes e temos outros catro ou cinco que nos quedan aínda de sala e estamos a espera a ver se podemos comezar a adestrar xa en aire libre porque nos gustaría presentarnos aos galegos. O traballo de cada tempada baséase no que pretendemos facer a tempada seguinte, porque ti agora non podes preparar en dous meses un torneo que se vai a celebrar esta tempada, pero si que podes facer a preparación para a tempada seguinte.



## Ten algunha necesidade o club?

O que mais botamos de menos é algo que non hai en Lugo, nin para nós, nin para ningún dos outros clubs de tiro con arco e é un campo de tiro. Non existe ningún campo de tiro con arco onde os clubs teñan acceso para poder adestrar ao aire libre. A galería é pequena, non conta con moito espazo, pero organizámonos e entramos todos, pero non temos ningún campo ao aire libre. É o que mais botamos en falta, a infraestrutura e as axudas, nós estámonos mantendo por nós mesmos e sácanse adiante diferentes proxectos porque os socios axudan e fano de maneira desinteresada.

## A nivel persoal de que logro está máis orgullosa?

En 2017 cando quedei subcampioa galega, era o meu primeiro torneo

galego ao que ía, non levaba ningún tipo de aspiración e ese téño moi gardado. Este último por equipos tamén, foi o primeiro por equipos ao que eu asistín e ademais levaba a capitania e desfruteino moitísimo, non polo posto no que acabamos senón por todo o que disfrutei durante a competición. Gustaríame que a xente entendese que no tiro con arco nin sequera tes porque ir competir, que é unha opción de cada un, por iso gustaríame convidar a todo o mundo a probalo porque é moi bonito e axúdache moito. É un deporte que podes manter no tempo independentemente da idade e que te mantén activo. Eu empecei con 44 anos e evidentemente non ía ir a unhas olimpíadas pero é necesario saír da rutina do traballo e do día ao día e isto é algo que se pode manter no tempo.

# O CD Lugo incorpora a Gui Guedes como novo xogador

O CD Lugo ven de incorporar un novo xogador, Gui Guedes, tras chegar a un acordo co VDE Almería. O xogador portugués, que chega cedido a Lugo, estará no equipo ata o final da tempada.

Guedes desempeñase como centrocampista, e supón unha realidade de xigante proxección dentro da canteira lusa. Internacional Sub20, conta cunha gran progresión dentro da estrutura do Vitoria Guimaraes SC portugués, en cuxas filas se formou,

previo paso á súa incorporación á VDE Almería.

O novo xogador albivermello incorpórase de inmediato á dinámica do equipo e a data da súa presentación será nos vindeiros días. O novo xogador chega tras a treboada que sacudiu ao equipo co comezo de ano que implicou a destición do adestrador do primeiro equipo, a dimisión do director deportivo e o traspaso de Chris Ramos ao Cádiz FC o último día de mercado de fichaxes.



**SERGIO VALLEJO.** O piloto Sergio Vallejo fixo unha demostración do vehículo co que competiu no Dakar 2023, unha das carreiras máis duras e populares do mundo. Vallejo, dúas veces campión de España de rallies, tivo como copiloto ao tamén lucense Mario Tomé.



DE RUTA EN RUTA

# Rábade: Ruta das Insuas do Miño

É un percorrido de pouco máis de cinco quilómetros a carón do río Miño que nos permite coñecer a fauna e flora autóctonas

Unha das rutas máis habituais pola súa beleza e por tratarse dun percorrido sinxelo apto para desfrutar toda a familia é o das Insuas do Miño. Esta pequena ruta de algo máis de 5 quilómetros está considerada unha das mellores para iniciar aos máis pequenos na práctica do sendeirismo. O alumnos do Colexio Santo Anxo foron os encargados de confeccionar este itinerario que permite coñecer a fauna e flora deste bonito paraxe dos arredores de Rábade. O punto de orixe e de final deste treito circular é a área recreativa de Rábade, ás beiras do Miño, para continuar augas arriba, pasando por baixo da ponte do ferrocarril e do viaduto da Autovía A6. É nesta primeira parte da senda, cando comezan a xurdir no leito do río os primeiros illotes, baixo a sombra de freixos, salgueiros e bidueiros mesturándose con carballos e acivros, o carreiro cruza por prados de cultivo no que poderemos ver vacas, ovellas e cabalos. O ruta pasa á Insua de Abaixo, cuxo interior percórrese grazas ás pontes de madeira que permiten conectar as illas coas beiras. Estas Insuas do Miño son pequenas illas orixinadas pola sedimentación de materiais dos meandros do Miño ao seu paso polos municipios de Rábade e Outeiro de Rei. Debido á pouca pendente do terreo, o Miño alárgase e permite a formación, no seu leito, de pequenas illas como a Insua de San



Roque, a Insua de Cela e a de Trabanca, que chegan a alcanzar os cinco quilómetros de lonxitude e máis de 200 metros de ancho, variando o seu tamaño segundo a estación polo caudal do río. O río Miño actúa como fronteira natural entre os municipios de Rábade e Outeiro de Rei polo que o tramo, que percorre as dúas beiras, pasa por ambos os dous concellos. Esta contorna natural, de gran beleza en estado puro, permite ver ao longo do río nenúfares, fentos ou carriceiras. Entre a fauna destaca o mexillón de río, especie en perigo de extinción e pódese atopar tamén o merlo acuático, a londra e a ra verde. A ruta finalmente sae á altura do muíño de Felpas á estrada local LU-1107, por onde se camiña uns seis minutos ata o punto de inicio. Ese punto de inicio do percorrido permite ao usuario ver e cruzar a ponte medieval que separa os concellos de Rábade e Outeiro de Rei. De orixe romana, conserva a

traza medieval orixinaria dos séculos XIII e XIV. Foi edificado en cachotería e perpiaños graníticos que posteriormente sería reconstruído en tempos de Isabel II. Conta a historia que os usuarios da ponte tiñan que pagar o seu dereito de portadego, ao antigo edificio do concello de Rábade. Xunto á ponte no inicio do tramo atópase o Centro de Interpretación Casa das Insuas, edificio do antigo concello e que desenvolve unha importante labor medioambiental e educativa.



| DATOS                                                                               |                   |
|-------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|
|  | 2.30 horas        |
|  | 5 quilómetros     |
|  | Dificultade fácil |

**La vida merece ser escuchada.**

Tu audición en manos de profesionales.



**Prueba gratis tus audífonos durante 15 días**



**federópticos**  
Lukus - Audiocentro

Conde Pallares, 2  
27001 - Lugo  
T. 982 24 56 17  
T. 609 27 52 76

